


PROXECTO

orçamentos
2011

INFORME
ECONÓMICO E FINANCEIRO


XUNTA DE GALICIA



INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

CONTIDO

I. INTRODUCCIÓN	7
II. CONTEXTO ECONÓMICO E FINANCEIRO	15
CONTEXTO ECONÓMICO	17
O ENTORNO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA GALEGA	18
SITUACIÓN DA ECONOMÍA ESPAÑOLA	23
EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA GALEGA	26
O ESCENARIO MACROECONÓMICO 2010-2011	31
AVALIACIÓN DA POSICIÓN CÍCLICA DA ECONOMÍA GALEGA	33
O ESCENARIO FINANCEIRO	34
TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA	35
TIPOS DE XURO INTERBANCARIOS	36
MERCADO DE DÉBEDA PÚBLICA	37
MERCADOS BOLSISTAS	39
MERCADO DE DIVISAS	41
III. OS ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2011	43
DIRECTRICES E CARACTERÍSTICAS	45
GRANDES CIFRAS	47
PRIORIDADES DE GASTO: ORZAMENTOS 2011 E O PLAN ESTRATÉGICO 2010-2014, HORIZONTE 2020.	65
EIXE 1 - COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA.	69
EIXE 2 - DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO	79
EIXE 3 - ECONOMÍA DO COÑECEMENTO	100
EIXE 4 - SOSTIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	105
EIXE 5 - ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E CERCANA AO CIDADÁN	113
SOSTIBILIDADE FINANCEIRA DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA 2011	125



INTRODUCCIÓN

I. INTRODUCCIÓN

Co obxectivo a curto prazo de iniciar unha senda de crecemento que permita á economía de Galicia recuperar niveis positivos de actividade e emprego nos sectores produtivos, á vez que avanzar na construción dun modelo de desenvolvemento sostible, os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011 están deseñados en termos de compromiso e solidariedade. Son uns orzamentos responsables desde a base financeira, coherentes nas prioridades e reformas precisas para saírmos reforzados da crise, e son, sobre todo, uns orzamentos que garanten a calidade na prestación dos servizos esenciais para a calidade de vida e o benestar da cidadanía.

Ao longo do ano 2010 as economías dos países máis desenvolvidos foron experimentando algunhas mellorías con respecto á xeneralizada contracción soportada en 2009, vendo recuperarse total ou parcialmente as taxas de crecemento. Non obstante, o funcionamento dos estabilizadores automáticos de ingreso e gasto, e nalgúns casos as decisións compensatorias discrecionais de política económica adoptadas polos gobernos orixinaron un rápido crecemento do endebedamento do sector público que puxo a atención dos mercados financeiros sobre a estabilidade das contas públicas e a solvencia financeira de moitos países, entre eles España. Concretamente na eurozona, os reparos sobre a evolución dos déficit públicos e niveis de endebedamento transmitíronse aos mercados financeiros, orixinando dificultades para a negociación e emisión de títulos da débeda pública, que desembocaron na urxente adopción de estritas medidas de control do gasto público.

Na economía española, que rematara o ano 2009 cun descenso do PIB do 3,7 por cento, a debilidade da demanda transmitiuse con forza aos mercados laborais e deu lugar a importantes aumentos das taxas de paro. Ao longo de 2010 o comportamento contractivo foise suavizando aínda que a lenta recuperación da actividade non foi quen de devolver aos mercados laborais cara a signos positivos. As previsións de crecemento en 2010 son para España negativas con respecto ao PIB nun 0,3 por cento, achegándose as taxas de paro ao 20,0 por cento.

Neste contexto, o exercicio da execución orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda dentro dunha envolvente contractiva, mantivo efectos de estímulo ao gasto e investimento en bens de equipo e infraestruturas que contribuíron a que a economía rexional mantivese ritmos de actividade por enriba da media nacional e da media das rexións do contorno, evitando que o PIB de Galicia pechase o ano en termos negativos -as previsións son de un crecemento nulo-, se ben foron insuficientes para mellorar as taxas de emprego, que veñen caendo ao longo do ano ata pechalo nos arredores do 15 por cento, aínda que manténdose por debaixo da media estatal do 20 e da maior parte das restantes Comunidades Autónomas.

Sendo marcador das liñas mestras da política fiscal e obrigada referencia, o Proxecto de Presupuestos Generales del Estado para 2011 acentúa a disciplina na diminución do déficit público e na recuperación do Pacto de Estabilidade, efectuando profundos axus-

tes de gasto para acadar unha redución sen precedentes, axustes que se transmiten ao conxunto das administracións públicas, e moi singularmente ás finanzas das Comunidades Autónomas.

En consecuencia, os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, confeccionados a partires dunha substancial caída dos ingresos, e limitados no recurso ao endebedamento polo necesario cumprimento dos límites de estabilidade, teñen un marcado carácter contractivo na súa magnitude de gasto. Nestes orzamentos, o gasto non financeiro redúcese por segundo ano consecutivo, esta vez nun 10,6 por cento,

Aínda baixo este condicionante, os Orzamentos para 2011 son o instrumento por excelencia para a transmisión dos obxectivos da política económica da Xunta, formulados no Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 Horizonte 2020, coa finalidade de levar a cabo un novo modelo de desenvolvemento social e económico para Galicia. De feito, son tamén estes Orzamentos a pedra de toque para comprobar ata onde o modelo de desenvolvemento que persegue para Galicia, e que quedou definido no Plan Estratéxico, pode validarse como un modelo sostible financeiramente e capaz, en canto ao cumprimento dos seus obxectivos últimos, de conducir a Galicia como unha sociedade cohesionada cara a un novo modelo produtivo que aproveite de cheo as capacidades e potencialidades das persoas e dos recursos da rexión.

Malia o seu carácter restritivo, a política económica que conteñen estes orzamentos é responsable co principio de sustentabilidade das finanzas públicas, á vez que mantén os obxectivos de calidade e cobertura dos servizos públicos esenciais, e aínda unha importante contribución ao crecemento e aumento da produtividade da economía galega, que deben conducir a un nivel de crecemento superior ao das rexións do noso contorno e, por conseguinte, a avanzar no proceso de converxencia económica e social co que a Xunta está comprometida.

Se os feitos confirman as tendencias no cadro macroeconómico, en Galicia o sector privado podería, en 2011, facerse en parte cargo do testiño que o sector público lle cede en canto ao estímulo da demanda global se refire. E deste modo, mentres que en 2010 foi o gasto das administracións quen mantivo parte do campo cedido pola contracción da demanda de consumo das familias e a brusca caída de investimento en bens de capital, serán no 2011 as mellores expectativas e comportamento de familias e empresas, xunto co comportamento moi positivo da demanda externa, os axentes que permitan un crecemento positivo do 1,0 por cento, suficiente para mantermos na desexada liña ascendente de converxencia económica e social.

Cadro macroeconómico. Variación anual en %

	2009	2010	2011
Gasto en consumo final	-0,6	0,1	0,6
<i>Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF</i>	-2,3	-0,1	1,1
<i>Gasto en consumo final das AAPP</i>	4,7	0,6	-1,0
Formación bruta de capital	-10,0	-5,6	-1,5
Achega demanda interna	-3,5	-1,5	0,1
Exportación de bens e servizos	-11,3	6,8	3,9
Importación de bens e servizos	-10,2	3,1	1,8
Produto Interior Bruto (PIB)	-3,0	0,0	1,0
Produto interior bruto nominal	-2,5	0,9	2,5
Emprego. PTETC	-3,9	-2,0	-0,1
Taxa de paro	12,6	15,2	15,1

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Para iso, os orçamentos dispoñen dunha serie de reformas nos campos da administración pública, no ámbito fiscal e nos sistemas de programación, xestión e control do gasto.

Pola importancia que na eficacia do sector público ten o desempeño dunha función pública estimulante para os funcionarios e empregados, e mesmo pola magnitude que representan os custos de persoal, en volume e taxas de aumento, dispóñense nos orçamentos medidas de diverso significado, coa finalidade de obter os mellores resultados da capacidade dos funcionarios e empregados do sector público autonómico, aproveitando a súa potencialidade, e poñendo a disposición dos mesmos medios materiais asociados ás novas tecnoloxías da información.

No ámbito fiscal, na procura da eficiencia tributaria, materialízanse varias reformas nas figuras impositivas propias co efecto de diminuír a caída dos ingresos totais, á vez que evita penalizar os rendementos obtidos do traballo e das actividades produtivas, que nalgún caso se estimulan. Asemade, iníciase un proceso de mellora dos organismos e mecanismos de xestión tributaria, e de accións de loita contra o fraude fiscal.

O compromiso no camiño de contribuír aos cambios estruturais que fagan de Galicia unha sociedade moderna queda reflectido na estrutura do gasto nos orçamentos, que por primeira vez -ademais de dispoñerse baixo as clasificacións por capítulos, seccións e funcionais- atende a unha clasificación e xerarquización baseada na estratexia de planificación económica a medio e longo prazos: todo o gasto se encadra dentro de cinco eixes prioritarios de actuación que se desdobran en dezaseis obxectivos estratéxicos que á súa vez atenden directamente á superación das debilidades e ao aproveitamento das fortalezas que se lle presentan a Galicia nun mundo a cada paso máis aberto, globalizado e competitivo e que require de novas actitudes e formas de colaboración.

No marco de contención do gasto a que están suxeitas tódalas administracións pú-

blicas, cabe salientar como o peso específico mais destacado en termos de recursos absorbidos lle corresponde ao eixe prioritario de "Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida", onde se encadran os servizos básicos esenciais de sanidade, educación e asistencia social, núcleo das funcións económicas competencia da Xunta e elemento imprescindible para dotármolos dun tecido social cohesionado, que aumente o atractivo do territorio e potencie as capacidades dos nosos cidadáns. Máis alá de dous terzos do gasto orzamentado para 2011 vai adicado a este fin.

Os eixes segundo, terceiro e cuarto recollen o importante esforzo que se realiza nestes orzamentos por crecer apoiándonos nas melloras de competitividade, completando redes de infraestruturas físicas, fomentando a internacionalización e a innovación das empresas, fortalecendo aos sectores produtivos, o apoio á capacitación e empregabilidade dos traballadores, así como ao reforzo das actuacións fundamentais en investigación e desenvolvemento e na conectividade e utilización das modernas tecnoloxías de comunicación e información. Malia as dificultades de financiamento en orixe, mantense unha dirección inequívoca no establecemento dunha estratexia integral do territorio e da ordenación do mesmo, potenciando os recursos, atallando os desequilibrios internos, e procurando a sostibilidade e o emprego eficaz do patrimonio natural e cultural de Galicia. Ao conxunto destes tres eixes destínase máis dunha cuarta parte dos orzamentos, merecendo especial atención o eixe de innovación, coñecemento e tecnoloxías da comunicación que neste escenario é o único que contará con máis recursos á súa disposición.

Galicia. Variación anual do PIB e achegas demanda externa e nacional




Fonte: IGE

Finalmente, no seu eixe quinto, os orzamentos reflicten os esforzos da administra-

ción autonómica por gañar en eficiencia, aumentando a produtividade interna, e traducíndoa nunha ampliación e mellora da calidade de servizos como a xustiza, seguridade e protección civil, defensa dos consumidores e aumento das boas prácticas nos mercados, que o sector público pon a disposición dos cidadáns, das restantes institucións, e do sector privado no seu conxunto.

Outra característica destes Orzamentos é que na súa elaboración téñense revisado a totalidade dos programas de gasto, establecéndose unha orde xerarquizada de medidas e actuacións, e dotándoas cada unha do seu indicador de realización ou de resultados. A orientación e execución por obxectivos instálase como un método que permita a avaliación das políticas públicas e o conseguinte aumento da eficiencia do sector público autonómico.

Así, os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, entroncados coa política económica do Goberno da Xunta, obedecen a un modelo e estrutúranse sobre unha estratexia de desenvolvemento, gañan en coherencia e permiten orientar con maior precisión as actuacións, apuntando como resultado cara a unha administración máis eficaz e unha gobernanza mellor xestionada, pero sobre todo e por enriba de todo manteñen un compromiso de prestación e mellora dos servizos esenciais para os cidadáns.



CONTEXTO ECONÓMICO E FINANCEIRO

II. CONTEXTO ECONÓMICO E FINANCEIRO

II.1. Contexto económico

En España, o Texto refundido de la ley general de estabilidad presupuestaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, establece que o Ministerio de Economía y Hacienda elaborará un informe, previa consulta ao Instituto Nacional de Estadística e ao Banco de España e tendo en conta as previsións do Banco Central Europeo e da Comisión Europea, no que se avalíe a fase do ciclo económico proxectado para cada un dos anos contemplados no horizonte temporal de fixación do obxectivo de estabilidade.

Durante os tres últimos anos, a avaliación da posición cíclica da economía converteuse nun parámetro de referencia fundamental para o deseño da política fiscal. De feito, durante 2008 e 2009 a política fiscal xogou un papel clave para amortecer o impacto da recesión económica e soste a confianza dos axentes, tanto permitido o funcionamento pleno dos estabilizadores automáticos como adoptando medidas discrecionais en liña coas recomendacións da Comisión Europea e doutros organismos internacionais. Isto condicionou que as contas públicas experimentaran un notable deterioro, ao elevarse a necesidade de financiamento conxunto das Administracións públicas ata o 11,2% do PIB en 2009, cando tan só dous anos antes o orzamento pechábase co terceiro superávit consecutivo. A situación saneada daqueles anos permitiu reducir significativamente o endebedamento do sector público, pero o actual deterioro levouno a situarse rapidamente no 53,2% do PIB a finais de 2009.

O proceso para a aprobación polo Goberno nacional do obxectivo de estabilidade orzamentaria para o conxunto do sector público comeza pola elaboración deste informe por parte do Ministerio que estima o escenario macroeconómico para os tres anos seguintes. As taxas de crecemento previstas compáranse cos limiares de crecemento fixados previamente polo Goberno para dito período que determinan a posibilidade de incorrer en déficit ou a necesidade de presentar superávit. De acordo con iso fíxanse os obxectivos de estabilidade orzamentaria do conxunto das administracións públicas españolas para o período, isto é, déficit / superávit no que pode incorrer cada un dos niveis institucionais. Estes resultados preséntanse ás CC.AA. no seo do Consejo de política fiscal y financiera para fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria (superávit ou déficit orzamentario) globais e individuais.

Os escenarios macroeconómicos do Informe sobre a posición cíclica da economía española serven tamén ao Ministerio de Economía y Hacienda para realizar proxeccións orzamentarias do conxunto das administracións públicas españolas que se deben presentar xunto cos obxectivos de estabilidade orzamentaria para a súa aprobación á Unión Europea nos Programas de estabilidade. Tamén lle serven para estimar os ingresos orzamentarios da AGE e elaborar os escenarios orzamentarios plurianuais nos que se enmarcan anualmente os orzamentos xerais do Estado. Para cada exercicio o goberno debe proce-

der á fixación do límite de gasto non financeiro do Estado que se obtén da agregación dos ingresos previstos para o exercicio e do obxectivo de estabilidade aprobado para dito ano e que debe ser remitido e aprobado polas Cortes Generales.

Para discutir o obxectivo de estabilidade orzamentaria de Galicia no seo da Comisión mixta de concerto económico convén replicar o proceso de elaboración orzamentaria anteriormente descrito no ámbito da nosa Comunidade. Para iso debería elaborarse un estudo sobre a posición da economía galega nun horizonte plurianual e un escenario macroeconómico. Este informe elabórase con esta finalidade.

II.1.1. O entorno internacional da economía galega

A recuperación da economía mundial segue o seu curso, conforme ao previsto, sen embargo, os indicadores máis recentes baseados nas enquisas suxiren que o crecemento mundial podería ser menor no segundo semestre deste ano debido ao menor apoio do ciclo de existencias e dos estímulos das políticas fiscais. Esta evolución fai que o crecemento do comercio mundial, aínda que sólido en xeral, iniciara no segundo trimestre do ano unha desaceleración con respecto ás elevadas taxas do primeiro trimestre do ano.

Dentro das economías máis dinámicas están as emerxentes, se ben os indicadores conxunturais indican unha tendencia cara á redución no ritmo de crecemento. Na maioría das economías avanzadas a recuperación está lastrada pola situación de debilidade do mercado de traballo e o proceso de axuste que se produciu nalgún sector de actividade.

O indicador sintético mundial (PMI - índice de directores de compras-) de xullo situouse a un nivel inferior ao do mes precedente e é coherente cunha moderada desaceleración da actividade económica e o comercio a escala mundial no trimestre en curso en comparación co segundo trimestre de 2010. Esta evolución da actividade económica mundial reflíctese no crecemento do comercio internacional que reduciu a súa taxa de crecemento intertrimestral ata o 3,6% no segundo trimestre de 2010, dende o 5,7% do primeiro trimestre, como consecuencia da evolución tanto das economías avanzadas como das economías emerxentes.

A información para as principais economías que se detallan a continuación reflicten estes comentarios globais sobre o deterioro esperado para a segunda metade do ano.

Na zona euro, o interim forecast da comisión europea publicado o 13 de setembro sinala que a recuperación, aínda fráxil, está progresando a maior ritmo do previsto. No conxunto da zona espérase que, tralo avance do segundo trimestre, se produza unha gradual moderación ata o 0,5% intertrimestral no terceiro e un 0,3% no cuarto. Con estas taxas no conxunto do ano 2010 o PIB crecería un 1,7%, superior en oito décimas ás previsións de primavera. Esta mellora reflicte en grande medida o aumento de 2,2 puntos na previsión de crecemento de Alemania que se comenta no seguinte parágrafo.

En Alemania, o PIB creceu no segundo trimestre a unha taxa intertrimestral do 2,2%, 1,7 puntos máis que no primeiro trimestre. A forte expansión das exportacións e o aumento da construción (debido aos proxectos de infraestruturas públicas contemplados nas medidas de estímulo) configuraron este escenario de forte repunte. Na segunda metade do ano espérase que o ritmo de crecemento diminúa debido á maior debilidade da demanda global pero aínda así espérase un crecemento para 2010 do 3,4% segundo as últimas previsións da Comisión Europea, máis de dous puntos superior ao esperado en primavera.

Francia acadou no segundo trimestre un crecemento intertrimestral do 0,6%, catro décimas superior ao do trimestre precedente. A demanda interna foi o principal determinante do crecemento francés, o tirón desta fixo que as importacións aumentaran considerablemente e que a demanda externa neta contribuíra negativamente ao crecemento. Para finais de ano espérase, como nas maioría das principais economías, un menor crecemento debido á debilidade do comercio mundial e a un menor crecemento do consumo privado.

En Italia o crecemento do PIB no segundo trimestre con respecto ao trimestre precedente foi do 0,5%, no primeiro trimestre o crecemento fora do 0,4%. Neste caso o factor principal do aumento do crecemento corresponde ás exportacións posto que o investimento en construción e o consumo privado permanecen con síntomas de debilidade. Espérase que no que resta de ano o crecemento sexa similar ou inferior ao do segundo trimestre para acabar o ano cun crecemento do 1,1%.

A economía portuguesa acadou no primeiro trimestre deste ano un crecemento intertrimestral do 1,1%, no segundo o crecemento foi moito máis modesto, un 0,3%. O consumo público no primeiro trimestre e as exportacións no segundo son os factores determinantes destes crecementos.

Fóra da zona euro, no Reino Unido o segundo trimestre do ano, igual que aconteceu nas principais economías europeas, acadou un crecemento superior ao do primeiro, un 1,2% en taxa intertrimestral fronte a un 0,3% do primeiro. O dinamismo do gasto en consumo dos fogares e a contribución positiva das existencias explican este maior crecemento. No segundo semestre, a pesar do axuste das existencias, as políticas de estímulo monetario e a depreciación da libra esterlina que deberían respaldar a actividade económica, o crecemento da demanda interna está limitado polas restritivas condicións de acceso ao crédito, o axuste no balance dos fogares e as fortes restricións orzamentarias.

En Estados Unidos, o repunte da actividade que comezou no terceiro trimestre de 2009 moderouse no primeiro trimestre de 2010 e aínda máis no segundo onde o crecemento sobre o trimestre anterior foi do 0,4% fronte aos crecemento do 0,9 e 1,2% dos dous trimestres precedentes; a escasa confianza dos consumidores, a fráxil situación do mercado de traballo e a forte contribución negativa da demanda externa neta explican este descenso no crecemento. No segundo semestre do ano espérase que a recuperación

perda impulso debido ao freo do consumo como consecuencia da situación do mercado de traballo, do baixo crecemento das rendas e a menor riqueza inmobiliaria.

No Xapón a recuperación económica tamén perdeu impulso nos últimos meses, no segundo trimestre do ano o crecemento en taxa intertrimestral foi do 0,4% cando no primeiro fora do 1,2%. A demanda externa é o factor que contribúe ao leve crecemento do país, o consumo privado estancouse no segundo trimestre e o investimento público rexistrou un forte retroceso debido á política económica restritiva. Para o segundo semestre, o crecemento da actividade económica seguirá sendo feble debido á retirada gradual de estímulos fiscais e á debilidade da demanda externa.

Nas economías emerxentes asiáticas os datos do segundo trimestre confirman un crecemento sólido (10,3% en China, 7,1% en Corea, 3,7% en India) pero nalgúns delas o crecemento foi inferior ao do primeiro trimestre. O crecemento estivo determinado por distintos factores segundo os países, nalgún foi a demanda externa a que tirou da economía mentres que noutros foi o consumo privado. A gradual retirada das políticas de apoio á recuperación económica e a moderación da demanda externa traducirase nunha minoración do crecemento no segundo semestre.

Os seguinte cadros mostran as últimas previsións do FMI e da Comisión europea para os principais países da Unión así como a comparación coas previsións anteriores feitas na primaveira.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	2009	2010
PIB Mundial	4,8	4,8
Área Euro	1,7	1,7
<i>Francia</i>	<i>1,6</i>	<i>1,6</i>
<i>Alemania</i>	<i>3,3</i>	<i>3,3</i>
<i>Italia</i>	<i>1,0</i>	<i>1,0</i>
<i>Portugal</i>	<i>1,1</i>	<i>1,1</i>
<i>España</i>	<i>-0,3</i>	<i>-0,3</i>
Reino Unido	1,7	1,7
Estados Unidos	2,6	2,6
Xapón	2,8	2,8
Canadá	3,1	3,1
China	10,5	10,5
India	9,7	9,7

Fonte: previsións de outubro do FMI









Previsións de crecemento do PIB en %

	Primaveira 2010	Setembro 2010	Primaveira 2011
	2010	2010	2011
Unión Europea	1,0	1,8	1,7
Área Euro	0,9		1,5
<i>España</i>	<i>-0,4</i>	<i>-0,3</i>	<i>0,8</i>
<i>Francia</i>	<i>1,3</i>	<i>1,6</i>	<i>1,5</i>
<i>Alemania</i>	<i>1,2</i>	<i>3,4</i>	<i>1,6</i>
<i>Italia</i>	<i>0,8</i>	<i>1,1</i>	<i>1,4</i>
<i>Portugal</i>	<i>0,5</i>		<i>0,7</i>
Reino Unido	1,2	1,7	2,1
Estados Unidos	2,8		2,5
Xapón	2,1		1,5

Fonte: Comisión Europea

Nos gráficos seguintes podemos ver o perfil de crecemento intertrimestral para os dous últimos trimestres do ano segundo as previsións da OCDE do 9 de setembro.

Previsións crecemento intertrimestral do PIB do terceiro e cuarto trimestre de 2010



Fonte: OCDE

II.1.2. Situación da economía española

O PIB xerado pola economía española no segundo trimestre de 2010 rexistrou un decrecemento do 0,1% respecto ao mesmo período do ano anterior, un punto e dúas décimas inferior ao estimado para o período precedente. Deste xeito, o ritmo de contracción da economía española continúa atenuándose e xa presenta un volume moi similar ao de hai un ano.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español desde a óptica do gasto obsérvase un patrón de comportamento similar ao do trimestre precedente. Así, por un lado, a achega negativa da demanda nacional ao PIB redúcese en dous puntos e tres décimas neste trimestre, pasando de -2,8 a -0,5 puntos. Mentres que, polo contrario, a demanda externa reduce un punto e unha décima a súa contribución positiva ao crecemento agregado, de 1,5 a 0,4 puntos.

O gasto en consumo dos fogares acadou unha taxa interanual do 2%, a anticipación de grandes compras como consecuencia da suba do IVE é o factor explicativo máis probable para este dato posto que a recuperación do principal recurso da renda dispoñible, a remuneración dos asalariados continúa en crecementsos negativos se ben con tendencia á recuperación.

O gasto en consumo das AAPP creceu un 0,4% e a formación bruta de capital fixo continúa con fortes decrecementsos (-7%).

A demanda exterior neta reduciu a súa contribución ao crecemento do PIB, as exportacións creceron máis que no trimestre anterior, pero a mellora da demanda interna fixo que o crecemento das importacións fora moi superior ao do trimestre precedente.

España. PIB e os seus compoñentes dende a perspectiva da demanda. Taxas de variación anuais en %.

Operacións	2009				2010	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Produto Interior Bruto a prezos de mercado	-3,5	-4,4	-3,9	-3,0	-1,3	-0,1
Demanda interna						
Gasto en consumo final	-2,2	-3,0	-2,3	-1,8	-0,3	1,5
<i>Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF</i>	-4,9	-5,4	-4,1	-2,6	-0,3	2,0
<i>Gasto en consumo final das AAPP</i>	5,9	4,3	2,7	0,2	-0,2	0,4
Formación bruta de capital	-15,0	-17,8	-16,3	-14,0	-10,3	-6,7
Sector exterior						
Exportacións de bens e servizos	-16,5	-15,8	-11,0	-2,1	8,8	10,5
Importacións de bens e servizos	-21,5	-22,2	-17,2	-9,2	2,0	8,1

Fonte: INE. Contabilidade nacional trimestral

Dende a perspectiva da oferta, obsérvanse comportamentos contrapostos no valor engadido das diferentes ramas de actividade. Así, mentres que as ramas industriais e dos servizos rexistran taxas de crecemento positivas, por vez primeira despois do proceso de contracción, no caso da agricultura e da construción os rexistros interanuais aínda contiñan sendo negativos.

España. PIB e os seus compoñentes dende a perspectiva da oferta. Taxas de variación anuais en %.

Operacións	2009				2010	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
PIB a prezos de mercado	-3,5	-4,4	-3,9	-3,0	-1,3	-0,1
Oferta						
Agricultura, gandería e pesca	0,4	0,7	1,6	1,6	-2,2	-3,5
Enerxía	-5,5	-6,5	-7,3	-6,3	0,1	0,2
Industria	-12,7	-15,9	-14,8	-11,0	-2,3	2,2
Construción	-6,1	-6,3	-7,1	-5,4	-6,3	-6,4
Servizos de mercado	-1,8	-2,6	-1,7	-1,6	-0,7	0,3
Servizos non de mercado	2,5	2,2	2,0	1,6	0,6	0,7

Fonte: INE. Contabilidad nacional trimestral

O emprego, medido en postos de traballo equivalente a tempo completo atenúa o seu descenso en 1,2 puntos, pasando do -3,7% ao -2,5%. As ramas industriais e de servizos son as que presentan unha mellor evolución. Con este crecemento da actividade e do emprego, a produtividade aparente por posto de traballo equivalente mantense no 2,5%.

Este repunte do segundo trimestre estivo motivado en gran parte por factores temporais que se desvanecerán na segunda metade do ano. Así pois, o crecemento trimestral do PIB rexistrará moi probablemente unha caída temporal no terceiro trimestre que debería volver a taxas positivas no cuarto, as previsións de crecemento para 2010 da Comisión europea de setembro son dunha diminución do PIB do 0,3%, esta estimación só mellora nunha décima a estimación realizada na primavera.

O aumento do IVE a partir do I de xullo retraerá o consumo privado na segunda metade do ano como parece corroborar o índice de vendas de comercio polo miúdo e as vendas de automóviles. O crecemento do investimento segue sendo insuficiente, o axuste do sector da vivenda previse que continúe e o investimento público vai baixar como consecuencia do recorte do gasto público. No sector exterior, as exportacións rexistraron un crecemento mellor do esperado a principios de 2010, en consonancia coa recuperación da demanda mundial. Sen embargo, a achega ao crecemento da demanda externa neta reducirase como resultado dun rebote importante das importacións en 2010, impulsada por unha evolución positiva da demanda final.

Polo que respecta ás previsións de crecemento para 2010 e 2011, as máis recentes

son as do FMI (outubro de 2009) e as presentadas polo Goberno español que acompañan aos orzamentos. Na seguinte táboa incluímos o cadro macroeconómico nacional para 2010 e 2011 formulado por estes dous organismos.

Segundo o Goberno, o crecemento de 2011 será do 1,3% baseado na mellora da demanda nacional que alcanzará 0,4 puntos ao crecemento do PIB; a achega exterior neta será de 0,9 puntos, cinco décimas inferior á achega do ano anterior. O FMI propón un cadro onde o crecemento será do 0,7% baseado fundamentalmente na contribución da demanda externa xa que a achega da demanda nacional será de -0,1%.

España. Previsións macroeconómicas. Taxas de variación interanuais en %

Operacións	2009		2010	
	Ministerio Economía	FMI	Ministerio Economía	FMI
PIB por compoñentes de demanda				
Gasto en consumo final nacional.	0,5	--	0,9	--
Gasto en consumo final nacional de fogares e ISFLSF	0,5	0,8	1,8	0,9
Gasto en consumo final das AA.PP.	0,6	-0,1	-1,6	-1,0
Formación bruta de capital	-8,3		-1,5	
Formación bruta de capital fixo	-8,5	-6,8	-1,5	-1,6
Variación de existencias	0,0		0,0	
Demanda nacional	-1,6	-1,2	0,4	-0,1
Exportacións de bens e servizos	9,3	8,6	6,4	4,1
Importacións de bens e servizos	3,3	4,7	2,9	1,2
Achega exterior	1,4	0,8	0,9	0,7
Produto Interior Bruto	-0,3	-0,3	1,3	0,7
Mercado de traballo				
Emprego. Equivalente a tempo completo	-2,2	-2,3	0,3	0,2
Taxa de paro	19,8	19,9	19,3	19,3
PIB prezos correntes				
Produto interior bruto. Prezos correntes	0,1	-0,2	2,6	1,2
Produto interior bruto. Prezos correntes. Niveis. Miles de Millóns de €	1.054,6	1.051,4	1.081,5	1.064,0

Fonte: Ministerio de Economía e FMI

O seguinte cadro resume as previsións de distintos organismos públicos e privados para o crecemento do PIB español.

España. Previsións macroeconómicas para 2011

	PIB	Taxa paro
Organismos internacionais		
FMI (outubro)	0,7	19,3
Comisión Europea (setembro)	0,8	19,8
OCDE (maio)	0,9	18,2
Ministerio de economía e Facenda (setembro)	1,3	19,3
Banco de España (marzo)	0,8	
Organismos privados		
Funcas	0,4	20,3
Centro de predicción económica	0,5	19,5
BBVA	0,7	19,2
Santander	0,8	19,5
Caixa Cataluña	0,7	20,0
Caja Madrid	0,4	20,3
La Caixa	1,0	19,4
Instituto Flores de Lemus	0,6	19,7
Analistas financeiros internacionais (AFI)	0,5	20,2
Cemex	0,0	20,0
Consenso	0,6	19,7


Fonte: Ministerio de Economía e FMI

II.1.3. Evolución recente da economía galega

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no segundo trimestre de 2010 rexistrou un crecemento nulo con respecto ao mesmo período do ano anterior, este crecemento supera en 1,3 puntos a caída observada no trimestre anterior e nunha décima ao crecemento da economía española (-0,1%).

Neste trimestre o incremento intertrimestral sitúase no 0,4%, 0,2 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior e dúas décimas superior ao nacional.

PIB pm. Volume encadeado. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario. Variacións interanuais en %



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Dende a perspectiva da demanda obsérvase que a achega da demanda en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -1,9 puntos porcentuais, dúas décimas superior á do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 0,9%, catro décimas menor ao rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital aumenta 0,5 puntos a taxa de descenso do primeiro trimestre, co que a taxa do segundo trimestre é do -4,3%. A contribución do sector exterior é de 1,9 puntos porcentuais, 1,1 puntos máis que no trimestre anterior.


O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 1,3% no segundo trimestre de 2010, cinco décimas inferior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo no deterioro experimentado polo mercado de traballo no último ano e medio, o menor descenso interanual dos últimos trimestres segue paralelo ao mellor comportamento interanual do emprego. Os principais indicadores de consumo amosan un comportamento similar ao do agregado: as matriculacións de turismo rexistran neste trimestre taxas interanuais lixeiramente superiores ás taxas do trimestre precedente, indicadores cualitativos como o índice de confianza do consumidor presentan neste trimestre unha mellora respecto ao primeiro trimestre de 2010; en cambio, o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario rexistrou no segundo trimestre de 2010 unha taxa interanual levemente positiva pero inferior á rexistrada no trimestre anterior.

No mesmo período, a taxa de crecemento do gasto en consumo final das administra-

cións públicas caeu 0,3 puntos con respecto á taxa observada no trimestre anterior debido á contención do gasto público; a taxa de variación interanual rexistrou un crecemento nulo.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída superior ao do trimestre anterior, pasando dun descenso do 3,8% no primeiro trimestre de 2010 a un descenso 4,3% no segundo. A produción industrial de bens de equipo e o investimento residencial presentan taxas de crecemento inferiores ás do trimestre anterior. En cambio, a importación de bens de equipo e a matriculación de vehículos de carga presentan taxas interanuais superiores ás rexistradas no primeiro trimestre de 2010.

Volume encadeado referencia 2005. Datos corrixidos de estacionalidade e efecto calendario.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Como xa se comentou anteriormente, no segundo trimestre de 2010 a chegada da demanda externa neta foi de 1,9 puntos, 1,1 puntos superior á chegada do trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento do 8,8%, minorando 7,3 puntos o crecemento do trimestre precedente. A menor contracción da demanda interna no resto de España e nos principais países aos que van destinados os nosos produtos e o forte crecemento do gasto dos non residentes neste trimestre (taxas superiores ao 20%), explican este crecemento. Pola súa parte, as importacións creceron un 3,8%, o que supón un descenso de 7,9 puntos con respecto ao crecemento do trimestre anterior.

Galicia. PIB e os seus compoñentes dende a perspectiva da demanda. Taxas de variación anuais en %.

	2009				2010	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Produto Interior Bruto a prezos de mercado	-2,4	-3,3	-3,6	-2,6	-1,3	0,0
Demanda interna						
Gasto en consumo final	0,0	-0,6	-0,5	-1,2	-1,3	-0,9
<i>Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF</i>	-2,4	-2,7	-2,0	-2,3	-1,8	-1,3
<i>Gasto en consumo final das AAPP</i>	7,2	5,8	3,9	1,9	0,3	0,0
Formación bruta de capital	-13,4	-12,4	-9,3	-4,4	-3,8	-4,3
Sector exterior						
Exportacións de bens e servizos	-18,9	-20,4	-9,8	6,8	16,1	8,8
Importacións de bens e servizos	-18,3	-18,5	-7,6	6,5	11,7	3,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Base 2005

Dende a perspectiva da oferta, no segundo trimestre de 2010 os crecementos interanuais son positivos nas ramas industriais e de enerxía, e nos servizos de mercado, estes últimos acadan unha taxa positiva logo de catro trimestres consecutivos de descenso. En sentido contrario, os servizos non de mercado rexistran un crecemento negativo despois de presentar unhas altas taxas de crecemento nos trimestres anteriores. A construción continúa con un elevado descenso con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior e nas ramas agraria e pesqueira obsérvase un leve retroceso.

As ramas agraria e pesqueira presentan un descenso do 0,7%, o crecemento en termos de volume do sector pesqueiro é contrarrestado polo descenso do sector agrario.

No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual superior en 3,6 puntos á taxa do trimestre anterior, mostrando un rexistro do 4,6%; no índice de produción industrial destas ramas apréciase unha evolución similar. As ramas enerxéticas rexistran un crecemento do 1,1%, 12,6 puntos inferior ao crecemento do trimestre anterior.

A taxa de crecemento do sector da construción foi do -5,9%, igual ao descenso rexistrado no trimestre anterior. Tanto a edificación residencial como a non residencial, que no último trimestre de 2009 parece que chegaron a un mínimo de descenso interanual, continúan con elevadas taxas de crecemento negativas.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos iguala o nivel do mesmo trimestre do ano anterior, o que implica un crecemento un punto superior á caída do 1% do trimestre precedente. Os servizos de mercado melloran 2,1 puntos a súa taxa interanual acadando un crecemento do 0,6%, que supón o primeiro positivo nos cinco últimos trimestres. Os servizos non de mercado caeron un 1,6%, descendendo 1,9 puntos sobre o

crecemento do trimestre precedente.

Galicia. PIB e os seus compoñentes dende a perspectiva da oferta. Taxas de variación anuais en %.

	2009				2010	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
PIB a prezos de mercado	-2,4	-3,3	-3,6	-2,6	-1,3	0,0
Oferta						
Agricultura, gandería e pesca	0,1	0,1	-5,2	-3,1	-3,5	-0,7
Enerxía	-0,7	-7,1	-5,7	1,1	13,7	1,1
Industria	-17,9	-18,4	-12,3	-4,9	1,0	4,6
Construción	-4,0	-5,6	-6,5	-6,3	-5,9	-5,9
Servizos de mercado	0,9	-2,1	-2,5	-1,9	-1,5	0,6
Servizos non de mercado	4,9	7,2	3,2	2,4	0,3	-1,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Base 2005

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no segundo trimestre deste ano un 3,1%, o que supuxo a destrución de 35.551 postos de traballo equivalentes nun ano.

Atendendo ás ramas de actividade cómpre destacar que os crecementsos (descensos) interanuais son superiores (inferiores) en todas as ramas con relación aos crecementsos (descensos) do trimestre anterior. Os maiores descensos prodúcense nas ramas da construción e nas industriais; a de servizos non de mercado e as enerxéticas presentan crecementsos superiores ao 1%.

As ramas agraria e pesqueira mostran un crecemento interanual do 0,3% no segundo trimestre do ano, a construción acada un decrecemento do 8,2%, 2,2 puntos menos que no trimestre anterior, as ramas industriais rexistran unha taxa do -7,4%, cinco décimas superior á do trimestre precedente e as enerxéticas creceron un 1,4%.

Os servizos de mercado minoran o seu descenso en 0,7 puntos, quedando situada a taxa no -3,3%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 1,3%, 1,2 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou no segundo trimestre de 2010 unha taxa de variación interanual do -2,9%, dato que supón unha diminución de 27.833 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase neste trimestre no 3,2%, 0,2 puntos máis que a variación rexistrada no trimestre anterior.

O PIB valorado a prezos correntes presenta no segundo trimestre de 2010 un crecemento interanual do 0,9%, dous puntos superior ao do trimestre precedente. Este crece-

mento implica un crecemento do deflactor implícito tamén do 0,9%, 0,7 puntos superior ao do trimestre anterior.

II.1.4. O escenario macroeconómico 2010-2011

Tendo en conta as previsións da economía internacional e española para o que resta de 2010 comentada nos apartados anteriores, a situación real ata setembro destas economías e da galega e as políticas de consolidación fiscal europeas e española presentamos o seguinte escenario macroeconómico.

Cadro macroeconómico. Variación anual en %

	2009	2010	2011
Escenario actual	-3,0	0,0	1,0
Escenario maio 2010	-3,0	-0,3	--

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Comparando o escenario actual co previsto en maio observamos unha mellora na taxa de crecemento. Naquel momento os indicadores reflectían unha lenta tendencia cara á recuperación, os datos do segundo trimestre melloraron substancialmente estas previsións iniciais. As medidas de urxencia tomadas polo goberno naquelas datas para tratar de reducir as tensións reinantes nos mercados financeiros supoñen un recorte do gasto das administracións (principalmente gasto de persoal), do investimento e unha suba do IVE que teñen un efecto contractivo na actividade económica e que os indicadores aínda non recollen con claridade debido a que se aplicarán nesta segunda metade do ano. A información do terceiro trimestre indica que esa mellora do segundo non será tan elevada en trimestres posteriores polo que a previsión final queda nun crecemento nulo.

As hipóteses utilizadas para a realización do cadro macroeconómico son as seguintes:

- A recuperación dos nosos principais socios económicos resentirase no tramo final do ano e, en 2011 a incerteza reinante acerca do comercio mundial e do efecto das medidas de consolidación fiscal aconsellan unha certa cautela sobre a intensidade da recuperación.
- Aumento do prezo do petróleo ata un nivel arredor de 80 dólares por barril
- Lixeiro crecemento dos tipos de xuro
- Lixeira apreciación do dólar con respecto ao euro
- O nivel de prezos aumentará progresivamente ata acadar un valor do 1,5% aproximadamente en 2012.

Baixo estas hipóteses o escenario macroeconómico sería o seguinte:

Cadro macroeconómico. Variación anual en %

	2009	2010	2011
Gasto en consumo final	-0,6	0,1	0,6
<i>Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF</i>	-2,3	-0,1	1,1
<i>Gasto en consumo final das AAPP</i>	4,7	0,6	-1,0
Formación bruta de capital	-10,0	-5,6	-1,5
Achega demanda interna	-3,5	-1,5	0,1
Exportación de bens e servizos	-11,3	6,8	3,9
Importación de bens e servizos	-10,2	3,1	1,8
Produto Interior Bruto (PIB)	-3,0	0,0	1,0
Produto interior bruto nominal	-2,5	0,9	2,5
Emprego. PTETC	-3,9	-2,0	-0,1
Taxa de paro	12,6	15,2	15,1

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

En 2010 espérase un crecemento nulo. Os dous primeiros trimestres presentaron un comportamento mellor do esperado, o impulso dado polo comportamento da demanda interna española e o das principais economías coas que nos relacionamos fixeron que o noso sector exterior se mostrase moi dinámico, por outra parte, o ano Xacobeo tamén contribuíu a partir do mes de marzo a unha mellora da situación. Estes dous factores compensaron a atonía mostrada pola demanda interna afectada sen dúbida pola situación do mercado de traballo que mostra unha moi lenta recuperación. Na segunda metade do ano esperamos que o Xacobeo continúe contribuíndo positivamente mentres que as medidas de contención do gasto por parte da Administración, a maior debilidade do comercio mundial e a redución da demanda interna dalgunhas economías terán un efecto contractivo.

O emprego decrecerá un 2,0% e, como consecuencia do comportamento conxunto deste e da actividade, a produtividade aparente mellorará en case un punto ata situarse no 2,0%

En 2011 será a mellora da demanda interna, pasará dunha achega negativa de 1,5 puntos a unha achega de 0,1 puntos, a que permitirá un crecemento do 1,0%, a recuperación do gasto dos fogares e a menor caída da formación bruta de capital compensará o decrecemento do gasto público producido polas medidas de contención deste gasto. As exportacións resentiranse do menor gasto dos non residentes e da atonía dos mercados mundiais, o crecemento será dun 3,9%, as importacións crecerán un 1,8% como consecuencia do baixo crecemento da demanda; o resultados destas dúas variables será un contribución de 0,9 puntos da demanda externa neta, seis décimas inferior á achega de 2010. O mercado de traballo continuará mostrando signos de debilidade e a produtividade aparente reducirá o seu crecemento con respecto ao ano precedente ata acadar un valor do 1,1%.

II.1.5. Avaliación da posición cíclica da economía galega

Para a análise da posición cíclica da economía galega utilizamos o filtro de Hodrick e Prescott (HP) que descompón o crecemento dunha serie nun compoñente tendencial e outro cíclico. Ao aplicar este filtro á serie do PIB no período que abarca dende 1995 a 2015 obtemos os resultados que se mostran na táboa seguinte:

PIB potencial e output gap

	2009	2010	2011
PIB tendencial. Taxa (%)	0,9	0,7	1,0
PIB observado. Taxa (%)	-3,0	0,0	1,0
Output gap (% PIB tendencial)	-1,0	-1,7	-1,6
Output gap (diferencia de taxas en %)	-3,9	-0,7	0,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Obsérvase un mínimo no PIB tendencial no ano 2010 que logo se recupera ata acadar un crecemento do 1,7 no ano 2013. O output gap tomado como diferenza de taxas entre o PIB observado e o PIB tendencial presenta un valor moi negativo en 2009 (-3,9) que se reduce substancialmente en 2010 (-0,7) e acaba sendo nulo en 2011.

O crecemento do 1,0% en 2011 proxectado polo escenario macroeconómico supón igualar o crecemento tendencial da economía logo de dous anos consecutivos de crecementos por debaixo do potencial da nosa economía.

O crecemento da economía española para 2011 estaría situado entre o 0,4% (FUNCAS), 0,7% (BBVA, Fitch Ratings) e o 1,3% da previsión do goberno de setembro; outros organismos elaboradores de previsións establecen un crecemento intermedio: 0,8 a Comisión Europea, 0,6 o FMI e 0,9 a OCDE. O denominador común destas previsións agás a de FUNCAS, BBVA e Fitch é que foron realizadas todas entre abril e xullo deste ano, este desfase xunto coa situación de incerteza da economía mundial fará que as previsións probablemente presenten revisións de magnitude. Tendo en conta isto e á espera de que estes organismos internacionais revisen as súas estimacións de crecemento para España en 2011 podemos considerar un crecemento do 0,6-0,7 para España como escenario base.

En 2011 produciríase por tanto un diferencial positivo de 0,3 puntos no crecemento da economía galega con respecto a España. Nos últimos cinco anos (incluíndo 2010 se se cumpren os prognósticos) o crecemento da economía galega foi superior ao da economía nacional. En media este crecemento foi superior en catro décimas e esperamos que en 2011 se poida repetir un lixeiro diferencial positivo, se aceptamos un crecemento para España do 0,7% como estima o FMI, sustentado por os seguintes argumentos:

1. O sector industrial galego presentou nos últimos anos un crecemento superior á media nacional que esperamos manteña o comportamento. A contención dos prezos e salarios prevista a curto prazo permitirá que o comportamento da competitividade vía prezos observado nos últimos meses continúen no futuro máis inmediato e é un factor que redundará positivamente no desempeño do noso sector industrial.
2. O sector dos servizos de mercado tamén se comportou mellor que a nivel nacional especialmente no último ano, sen dúbida unha parte deste mellor comportamento é imputable ao Xacobeo, esperamos que o sector aproveite este impulso e, xunto coas medidas que se adopten tendentes a aproveitar este efecto no futuro, o crecemento nos próximos anos continúe presentando un diferencial positivo con respecto ao sector español.

II.2. O escenario financeiro

Nun contorno marcado polo agravamento das tensións que, fundamentalmente no segundo trimestre do ano, vivíronse nos mercados financeiros, os trazos que definen a situación monetaria e financeira no 2010 son os seguintes:

Tanto en Europa, o Banco Central Europeo e o Banco de Inglaterra, como en EEUU e Xapón, mantivéronse os tipos de referencia en mínimos históricos, buscando xunto con outros mecanismos extraordinarios, que non faltase liquidez no sistema financeiro.

No mercado interbancario, os tipos de interese tamén se mantiveron estables ao longo do primeiro trimestre do ano 2010, observándose unha tendencia alcista a partir do mes de maio, a persistente desconfianza entre a actividade financeira dificultou unha normal operatoria.

Polo que respecta aos nosos mercados de débeda, cambiarios e bolsistas, víronse moi afectados no desenvolvemento da crise, que ao longo do ano xerou repetidos episodios de inestabilidade.

En concreto, España foi uns dos países que se viu máis afectada ás turbulencias dos mercados, aínda que, as medidas adoptadas tanto na eurozona como a nivel interno, axudaron a acougar os mercados e a mellorar a imaxe que os investidores teñen do risco español.

II.2.1. Tipos oficiais de referencia

Tipos de xuro oficiais ao final do período considerado en %

Período	UEM	EEUU	Xapón	Reino Unido
2007	4	4,25	0,5	5,5
2008	2,5	0,25	0,1	2
2009	1	0,25	0,1	0,5
Xan. 2010	1	0,25	0,1	0,5
Mar. 2010	1	0,25	0,1	0,5
Xun. 2010	1	0,25	0,1	0,5
Set. 2010	1	0,25	0,1	0,5


Fonte: BCE

A información da que se ía dispoñendo ao longo do ano, así como as previsións publicadas por diferentes organismos internacionais, apuntaban cara a unha progresiva, pero lenta, recuperación económica na área do euro.

Por outra banda, e a pesar de que, como consecuencia de incrementos dos compoñentes máis volátiles, a inflación aumentara máis do esperado no primeiro trimestre do ano, non se prevían tensións inflacionistas relevantes a medio prazo.

Neste contexto, o Consello de Goberno do Banco Central Europeo decidiu manter inalterados os tipos de interese oficiais. Desta forma, os tipos de interese oficiais do BCE non experimentaron variacións desde o 13 de maio de 2009, situándose o tipo de xuro das operacións principais de financiamento no 1%, o da facilidade marxinal de crédito no 1,75% e o da facilidade de depósito no 0,25%.

Tipos de xuro oficiais ao final do período considerado en %



Fonte: BCE

II.2.2. Tipos de xuro interbancarios

Tipos de xuros na área euro en %

Período	Eonia	A un mes	A tres meses	A seis meses	A un ano
2007	3,86	4,08	4,28	4,35	4,45
2008	3,86	4,27	4,63	4,72	4,81
2009	0,72	0,9	1,23	1,44	1,62
Xan. 2010	0,34	0,44	0,68	0,98	1,23
Mar. 2010	0,34	0,41	0,64	0,95	1,22
Xun. 2010	0,36	0,45	0,73	1,01	1,28
Set. 2010	0,45	0,62	0,88	1,14	1,42

Fonte: BCE


Á vista da progresiva normalización dos mercados financeiros, o BCE comezaba a retirada gradual das medidas extraordinarias que foran adoptadas nos momentos de maior virulencia da crise.

Non obstante, o agravamento das tensións nos mercados financeiros da área do euro que se produciu a partir do mes de maio obrigou ao BCE a reactivar algunhas medidas non convencionais de política monetaria que retirara con anterioridade, así como a posta en marcha de novas medidas, como o Programa para o Mercado de Valores (SMP).

Neste contexto, os tipos de xuro do mercado interbancario permaneceron estables en niveis reducidos durante o primeiro cuadrimestre do ano, situándose o EURIBOR a tres meses e a un ano, respectivamente, en niveis medios do 0,66% e do 1,2%, para a partir do segundo trimestre elevarse de forma moderada, alcanzando en xullo niveis medios do 0,9% e do 1,4%.

O 30 de setembro de 2010, o EURIBOR a tres meses situábase en 0,89 e o EURIBOR a doce meses no 1,43%, é dicir, en niveis similares aos observados no trimestre anterior.

Curvas do mercado monetario na área euro



Fonte: BCE

II.2.3. Mercado de débeda pública

Rendementos da débeda pública a dez anos en %


Período	España	UEM	EEUU	Alemaña	Diferenciais	
					España - Alemaña	EEUU - Alemaña
2007	4,31	4,33	4,68	4,23	7	45
2008	4,36	4,36	3,69	4	36	-32
2009	3,97	4,03	3,26	3,27	71	-1
Xan. 2010	3,99	4,1	3,75	3,3	69	45
Mar. 2010	3,83	3,98	3,76	3,14	70	62
Xun. 2010	4,56	3,7	3,24	2,63	192	60
Set. 2010	4,09	-	2,65	2,33	176	32

Fonte: BCE

Nos mercados financeiros, a elevada inestabilidade financeira favoreceu o desprazamento de fondos cara a activos considerados máis seguros. En particular, nos mercados

de débeda traducíuse nun incremento da demanda dos valores públicos alemáns e estadounidenses, cuxos activos actuaron como valores refuxio. Isto supuxo un incremento nos prezos da débeda alemá e, por conseguinte, que os diferenciais de rendibilidade dos títulos públicos da zona do euro fronte a Alemaña aumentasen de forma xeneralizada ata alcanzar cotas máximas nalgúns países, superando os 900 Pb en Grecia para a referencia a 10 anos e os 300 Pb en Irlanda e Portugal.

Como xa se sinalou anteriormente, os brotes de tensión nos mercados financeiros determinaron que o BCE emprendese novas accións para atenuar a inestabilidade nos mercados de débeda e a súa translación aos mercados bolsistas e de divisas.



Neste sentido, o BCE decidiu, entre outras medidas, suspender a aplicación do limiar mínimo de cualificación crediticia nos instrumentos emitidos ou garantidos polo Estado grego, reforzar a provisión de liquidez a máis longo prazo ao reactivar as poxas a tres meses a tipo fixo e con plena adxudicación, restaurar as inxeccións de liquidez en dólares estadounidenses, pór en marcha o Programa para o Mercado de Valores, con vixencia temporal, e co que realiza compras de débeda pública e privada no mercado secundario.

Pola súa banda, a Comisión Europea autorizou a prórroga ata decembro de 2010 dos programas públicos de apoio ao sistema bancario para aqueles países que o solicitaron, tanto en forma de avais a novas emisións de débeda, como de inxeccións de capital.

Finalmente, a publicación dos resultados das probas de resistencia bancaria realizadas ás entidades de crédito da UE, axudaron a acougar aos mercados financeiros, o que se traduciu nunha corrección nos diferenciais de rendemento, aínda que esta corrección non chegou a consolidarse, xa que as rendibilidades dos bonos públicos mantiveron unha

presión á alza, particularmente nos países periféricos.

Así, a finais do mes de setembro, o rendemento da débeda pública alemá a 10 anos rendía 2,24%, 31 Pb por debaixo do swap ao prazo, mentres que o diferencial dos bonos gregos, portugueses e irlandeses alcanzaba, respectivamente, 662 Pb, 361 Pb e 386 Pb en relación ao swap a 10 anos.

Polo que respecta aos mercados españois, atópanse entre os máis afectados por estes desenvolvementos, ao que contribuíu a maior deterioración do déficit público, as reducidas perspectivas de crecemento e a negativa percepción do mercado sobre a situación dalgun segmento do sistema financeiro español, así como a rebaixa nas cualificacións crediticias da débeda pública española a longo prazo por parte de S&P desde AA+ ata AA no mes abril, de Fitch desde AAA ata AA+ en maio e recentemente de Moody's desde AAA ata AA I.

No entanto, tras as medidas adoptadas polas institucións da zona euro, así como as medidas adoptadas polo Goberno tendentes a reducir o déficit público, parece que contribuíron a unha mellor apreciación por parte dos investidores da débeda española, o que pode explicar o descenso rexistrado nas rendibilidades do bono español desde a segunda metade do mes de xuño, fronte ao aumento das doutros países periféricos.

II.2.4. Mercados bolsistas

Índices de cotización de accións. Niveis

Período	IBEX 35	Eurostoxx50	CAC 40	DAX	FTSE 100	Dow Jones	Nikkei
2007	14.894,23	4.343,16	5.761,65	7.563,47	6.425,19	13.197,98	17.001,62
2008	11.742,69	3.278,87	4.307,33	6.149,94	5.356,95	11.224,23	12.087,44
2009	10.092,68	2.525,46	3.346,76	5.021,33	4.593,00	8.887,79	9.407,52
Xan. 2010	10.947,70	2.776,83	3.739,46	5.608,79	5.188,52	10.067,33	10.198,04
Mar. 2010	10.871,30	2.931,16	3.947,01	6.153,55	5.679,64	10.856,63	11.089,94
Xun. 2010	9.263,40	2.573,32	3.442,89	5.965,52	4.916,87	9.774,02	9.382,64
Set. 2010	10.514,50	2.747,90	3.715,18	6.229,02	5.548,62	10.788,05	9.369,35

Fonte: BCE

Índices de cotización de accións. Taxas de variación anuais en %


Período	IBEX 35	Eurostoxx50	CAC 40	DAX	FTSE 100	Dow Jones	Nikkei
2007	20,70	13,40	11,70	26,90	8,20	15,00	4,40
2008	-21,20	-24,50	-25,20	-18,70	-16,60	-15,00	-28,90
2009	-14,10	-23,00	-22,30	-18,40	-14,30	-20,80	-22,20
Xan. 2010	29,60	24,10	25,70	29,30	25,00	25,80	27,60
Mar. 2010	39,10	41,50	41,60	50,60	44,70	42,70	36,80
Xun. 2010	-5,40	7,10	9,60	24,10	15,70	15,70	-5,80
Set. 2010	-10,60	-4,30	-2,10	9,80	8,10	11,10	-7,50

Fonte: BCE

Polo que se refire aos mercados de renda variable, víronse tamén enormemente afectados, especialmente ao longo do segundo trimestre do ano onde as turbulencias

financeiras na área euro cobraron unha extraordinaria intensidade.

A situación financeira de países como Grecia transmitiu unha gran inestabilidade aos mercados bolsistas debido á gran exposición de numerosas institucións financeiras europeas aos bonos soberanos emitidos polos devanditos países. Este clima de inseguridade reflectiuse nos retrocesos xeneralizados que se observaron nos diferentes índices. Así, desde finais de 2009 ata xullo o índice EUROSTOXX 50 acumula un retroceso próximo ao 7%, en tanto que o IBEX 35 a perda ascendía case ao 11%.



Fonte: BCE

Pola súa banda, en Estados Unidos, a incerteza arredor da solidez do seu crecemento económico, lastraba tamén o despegamento do seu índice bolsistas.

A partir do verán, o clima dos mercados pareceu recuperarse. A publicación dos resultados das probas de resistencia das entidades de crédito da UE e a revisión das propostas de regulación financeira, así como os bos datos macroeconómicos difundidos en Estados Unidos nas primeiras semanas de setembro, impulsaron as ganancias e propiciaron melloras dos índices bolsistas.

A pesar diso, o índice EUROSTOXX 50 acumulaba a finais de setembro unha perda interanual do 4,3%, mentres que no Ibex-35 o retroceso situábase arredor do 10,6%. Pola súa banda, a taxa de variación interanual do Dow Jones no mes de setembro era do 11%.

II.3. Mercado de divisas

Tipo de cambio medio do euro

Período	Dólar EEUU	Ien xaponés
2007	1,371	161,23
2008	1,471	152,33
2009	1,393	130,23
Xan. 2010	1,427	130,34
Mar. 2010	1,357	123,03
Xun. 2010	1,221	110,99
Set. 2010	1,307	110,26

Fonte: BCE

Tipo de cambio medio do euro. Taxa de variación interanual en %


Período	Dólar EEUU	Ien xaponés
2007	9,2	10,4
2008	7,3	-5,5
2009	-5,3	-14,5
Xan. 2010	7,8	8,9
Mar. 2010	4	-3,6
Xun. 2010	-12,9	-18
Set. 2010	-10,3	-17,2

Fonte: BCE

Nos mercados de divisas, o tipo de cambio do euro observou unha tendencia á depreciación durante a primeira metade do ano, chegando a cotizar por baixo dos 1,33 dólares/euro a finais de abril. A finais do mes de xuño o euro acumulaba unha depreciación fronte ao dólar próxima ao 15% e respecto das principais moedas en termos efectivos nominais, de en torno ao 5,5%.


Do mesmo xeito que o ocorrido nos mercados financeiros, ao longo do último trimestre transcorrido, observouse una certa relaxación no mercado de divisas, desta forma o pasado día 30 de setembro o euro cotizaba a 1,307 Dólares e a 110,26 Iens o que supón unha depreciación interanual do euro do 10,3% e do 17,2% respectivamente.

Tipo de cambio Euro/Dólar




Fonte: BCE

Tipo de cambio Euro/Ien



Fonte: BCE



OS ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2011

III. OS ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2011

III.1. Directrices e características

Partindo dun condicionante financeiro limitativo das posibilidades de actuación nos eidos das políticas fiscais, os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010 teñen dado resposta en moi boa medida ás finalidades con que foron confeccionados. A evolución, segundo os datos ata agora dispoñibles, das magnitudes de crecemento en emprego en Galicia, foron quen de suavizar os impactos da crise económica que afectou en 2009 e 2010 ás economías do noso entorno, e coas que mantemos a meirande parte das nosas relacións comerciais externas. Así, as previsións macroeconómicas para o peche deste ano en Galicia manifestan un nivel de actividade practicamente igual ao inicial no exercicio, evitando un segundo ano de contraccións, e rexistrando taxas de paro por debaixo das reflectidas nas rexións españolas e na media estatal.

As medidas anticíclicas de carácter impositivo estipuladas para os sectores da vivenda e os negocios, as de reforzo do sistema financeiro galego e mellora na accesibilidade ao crédito e para as empresas, a implementación de mecanismos de liquidez para as empresas, o acoutamento dos prazos de pagamento aos provedores, o fomento aos novos investimentos produtivos, e os esforzos directos na mellora de infraestruturas de transporte e comunicación, entre outro tipo de medidas, contribuíron sen dúbida ao obxectivo marcado de paliar os efectos negativos da crise e minimizar o seus danos sobre os tecidos produtivos galegos.

Ao mesmo tempo, as actuacións nos terreos máis sensibles ás reformas estruturais na liña de aumentar a produtividade xeral e mellorar as canles do diálogo social, achéganos cara unha economía sustentable e máis baseada na innovación permitiron que o sistema produtivo e social de Galicia non perdesse tempo na súa meta de converxencia coas rexións avanzadas da Europa occidental.

Neste punto do camiño, os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011 recollen e confirman os principios trazados, adaptando as prioridades a un escenario que se presenta lixeiramente optimista nas previsións macroeconómicas pero moito máis duro polo que respecta á envolvente financeira.

As premisas de sostibilidade financeira das finanzas públicas, e as maiores esixencias nos requisitos dos pactos de estabilidade, que ocupan xa un destacado lugar nas directrices marcadas pola Unión Europea para 2020, tradúcense, no caso de España, nun recorte na política de gasto público que se produce de maneira intensa e, en boa medida, imprevista.

Así, os Orzamentos Xerais do Estado para 2011 marcan unha senda financeira que condiciona as políticas de gasto das Comunidades Autónomas, ao coincidir de xeito simultáneo unha diminución drástica dos ingresos procedentes das participacións en ingresos e

transferencias recibidas do Estado cunha disciplina de redución dos déficit das administracións autonómicas que obriga a unha drástica renuncia aos recursos extraordinarios pola vía do endebedamento.

Deste xeito, a reactivación económica ten que ser encarada sen posibilidade de empregar coa intensidade desexada ferramentas de gasto que exerceran efecto positivo para o estímulo no curto prazo da actividade económica.

Como de seguido se analizará con detalle, desde o realismo, a reafirmación na moderación e austeridade no gasto e o respecto pola disciplina financeira e particularmente ao complemento dos pactos de estabilidade, os Orzamentos para 2011 dispoñen as previsións de ingresos contemplando unha leve reorientación nas prioridades do gasto, mantendo íntegras e aínda mellorando as prestacións sociais en materia de sanidade, educación, asistencia social e nos terreos laborais e de fomento do emprego. Nun sumatorio que necesariamente supón unha diminución de recursos para os demais capítulos de gasto, pero inspirados polas prioridades marcadas no plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020, a orientación do mesmo xerarquiza en favor das reformas e das actuacións nos sectores de futuro, especialmente no desenvolvemento da investigación e innovación, na construción de infraestruturas estruturantes para a sociedade da información, e nas redes de transporte.

No fomento da actividade empresarial, concéntrase os esforzos en propiciar maiores graos de apertura e internacionalización aos distintos sectores produtivos galegos, mantendo as liñas habituais de apoio ás iniciativas emprendedoras e atracción de novas instalacións, con tratamento diferencial en favor das comarcas máis desfavorecidas.

Desde o lado da economía da oferta, a propia administración da comunidade fará un esforzo de grande dimensión nos campos da organización e xestión dos seus propios recursos, desde o ámbito da función pública, o establecemento dunha dirección cara a obxectivos, e os logros na e-administración, á par que aumentará os recursos e capacidades de dar servizos para un mellor funcionamento dos mercados e das actividades dos cidadáns na xustiza, a seguridade e protección civil e a defensa dos dereitos do consumidor.

Os compromisos coa sociedade, e a confianza nas súas posibilidades trazan uns orzamentos que deben servir para manter un diferencial positivo no comportamento dos mercados laborais e da actividade produtiva e así avanzar cara unha Galicia máis próspera.

Compre salientar que a efectos comparativos dos orzamentos 2011 e 2010 foi preciso realizar determinados axustes para homoxeneizar os distintos capítulos de gasto co gasto estratéxico contido nos cinco eixes prioritarios do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014.

III.2. Grandes cifras

Descenso dun 10,8 por cento do orzamento consolidado

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 ascende a un total de 9.708,0 millóns de euros (tendo en conta que este ano se exclúen do Orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia a participación das Entidades Locais nos ingresos do Estado), importe que representa unha diminución de 1.177,2 millóns de euros con relación aos orzamentos do ano 2010, que cifraron 10.885,2 millóns de euros (11.686,2 se se inclúe a participación das Entidades Locais nos ingresos do Estado), o que supón un descenso do 10,8 por cento.

Diminución dos ingresos non financeiros nun 3,3 por cento

Os ingresos non financeiros son de 8.542,4 millóns de euros, un 3,3 por cento inferiores aos do ano 2010, cando cifraran 8.836,7 millóns.

Estrutura dos ingresos. Millóns de euros

Conceptos	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
1. Impostos Directos	2.031,0	1.373,8	657,2	47,8
2. Impostos Indirectos	2.783,7	1.896,8	886,9	46,8
3. Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos	281,1	270,7	10,4	3,9
4. Transferencias Correntes	2.748,0	4.497,2	-1.749,2	-38,9
5. Ingresos Patrimoniais	14,2	19,7	-5,5	-27,8
Total ingresos correntes (1)+(2)+(3)+(4)+(5)	7.858,0	8.058,2	-200,1	-2,5
6. Alieamento Investimentos Reais	26,5	49,4	-22,9	-46,3
7. Transferencias Capital	657,8	729,1	-71,3	-9,8
Total ingresos de capital (6)+(7)	684,3	778,5	-94,2	-12,1
Total ingresos non financeiros (1)+.....+(7)	8.542,4	8.836,7	-294,3	-3,3
8. Activos Financeiros	20,8	0,8	20,0	2613,1
9. Pasivos Financeiros	1.144,9	2.047,8	-902,9	-44,1
Total ingresos financeiros (8)+(9)	1.165,7	2.048,6	-882,9	-43,1
Total orzamento de ingresos (1)+.....+(9)	9.708,0	10.885,2	-1.177,2	-10,8
EELL por PI Estado (extraorxamentario) (10)	840,0	801,0	39,0	4,9
Total ingresos(1)+.....+(10)	10.548,0	11.686,2	-1.138,2	-9,7

Fonte: Consellería de Facenda

Dos ingresos non financeiros, a compoñente máis relevante constitúena os 7.858,0 millóns que corresponden a ingresos correntes, e que diminúen en 200,1 millóns -un 2,5 por cento- mentres que os ingresos de capital son de 684,3 millóns, e descenden en 94,2 millóns de euros -o 12,1 por cento- ámbalas dúas cifras con relación aos orzamentos de 2010.

Os ingresos financeiros caen nun 43,1 por cento

Canto aos ingresos de carácter financeiro, restrinxidos pola necesidade de disciplina fiscal a menores cotas de endebedamento, pasan de 2.048,6 millóns en 2010 a 1.165,7 millóns para 2011, caendo nun 43,1 por cento.

O modelo de financiamento supón máis do 80 por cento dos ingresos non financeiros

Dos ingresos correntes non financeiros, o maior peso correspóndelle aos ingresos procedentes do modelo de financiamento, 7.065,4 millóns de euros, que supoñen o 82,7 por cento do total de ingresos non financeiros, sendo os recursos finalistas procedentes doutras administracións públicas (754,0 millóns) e da Unión Europea (465,3 millóns), o 14,3 por cento, a seguinte partida de importancia.


Estrutura do financiamento. Ingresos non financeiros. Millóns de euros

Conceptos	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
Total modelo Financiamento (1)	7.065,4	7.289,5	-224,1	-3,1
<i>Tributos cedidos totalmente</i>	864,8	842,7	22,1	2,6
<i>Tributos cedidos parcialmente</i>	4.045,5	2.490,2	1555,2	62,5
<i>Resto de recursos do modelo financiamento</i>	2.155,1	3.956,5	-1801,4	-45,5
Tributos Propios (2)	78,8	79,8	-1,1	-1,3
Recursos Xerais (3)	178,8	197,5	-18,7	-9,5
Recursos Finalistas (4)	1.219,3	1.269,8	-50,5	-4,0
<i>Otras administracións públicas</i>	754,0	821,5	-67,5	-8,2
<i>Unión Europea</i>	465,3	448,3	17,0	3,8
Total Ingresos non Financeiros XUNTA (1)+....+(4)	8.542,4	8.836,7	-294,3	-3,3

Fonte: Consellería de Facenda

No actual modelo de financiamento, por orden de relevancia en canto ao seu importe, os tributos cedidos parcialmente supoñen cerca da metade do total de ingresos non financeiros -o 47,3 por cento- e o resto de recursos do modelo de financiamento o 25,2 por cento, os recursos finalistas doutras administracións públicas e da Unión Europea o 14,3 por cento, os tributos cedidos totalmente o 10,1% e os tributos propios e recursos xerais o restante 3 por cento.

Estrutura do financiamento. Desagregación segundo fontes



Fonte: Consellería de Facenda

Os ingresos de carácter tributario superan os 4.900 millóns de euros

Dunha análise máis polo miúdo das partidas dos estado de ingresos, despréndese que dos tributos cedidos totalmente a maior relevancia perténcelle ao imposto sobre sucesións e doazóns, para o que se prevén ingresos por 175,0 millóns de euros, actos xurídicos documentados, con 170,7 millóns, o imposto sobre transmisións patrimoniais, con 164,3 millóns, e o imposto especial de fabricación sobre a electricidade con 113,1 millóns.

Estrutura do financiamento. Total ingresos. Millóns de euros

Conceptos	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
Total modelo Financiamento (1)	7.065,4	7.289,5	-224,1	-3,1
<i>Tributos cedidos totalmente</i>	864,8	842,7	22,1	2,6
<i>Tributos cedidos parcialmente</i>	4.045,5	2.490,2	1555,2	62,5
<i>Resto de recursos do modelo financiamento</i>	2.155,1	3.956,5	-1801,4	-45,5
Tributos Propios (2)	78,8	79,8	-1,1	-1,3
Recursos Xerais (3)	178,8	197,5	-18,7	-9,5
Recursos Finalistas (4)	1.219,3	1.269,8	-50,5	-4,0
<i>Outras administracións públicas</i>	754,0	821,5	-67,5	-8,2
<i>Unión Europea</i>	465,3	448,3	17,0	3,8
Total Ingresos non Financeiros XUNTA (1)+....+(4)	8.542,4	8.836,7	-294,3	-3,3
Ingresos Financeiros (5)	20,8	0,8	20,0	2613,1
Ingresos Débeda Pública (6)	1.144,9	2.047,8	-902,9	-44,1
Total Orzamento Ingresos XUNTA (1)+.....(6)	9.708,0	10.885,2	-1177,2	-10,8
EE.LL. PIE (extraorxamentario) (7)	840,0	801,0	39,0	4,9
Total Ingresos XUNTA (1)+.....+(7)	10.548,0	11.686,2	-1138,2	-9,7


Fonte: Consellería de Facenda

Con relación ao seu comportamento, merece ser salientado a maneira como previsiblemente o comportamento dos axentes respondeu de maneira favorable aos estímulos de carácter fiscal, resultando as recadacións absolutas crecentes por maior actividade como resposta aos estímulos nos tipos de gravame impositivos.

Os tributos cedidos parcialmente son os que aportan maior peso específico nas previsións orzamentarias, xa que representan o 41,7 por cento dos ingresos, sendo o imposto sobre a renda das persoas físicas, con 1.856,0 millóns, o imposto sobre o valor engadido, 1.477,1 millóns, e os impostos especiais de fabricación, con 712,4 millóns, as figuras impositivas máis relevantes en termos de recadación.

Os recursos totais do modelo de financiamento retroceden, en termos reais, aos niveis do ano 2004

Evolución do sistema de financiamento



Fonte: Consellería de Facenda

Se contemplamos un período longo da evolución do sistema de financiamento na súa totalidade podemos observar como nos dous últimos anos se inverte a tendencia ata entón ascendente na serie deflactada de ingresos para a Comunidade Autónoma de Galicia, retrocedendo en termos reais aos niveis de 2004.

Redución dos ingresos de capital en 94,2 millóns

Os ingresos de capital pasan de 778,5 millóns nos orçamentos de 2010 a 684,3 millóns nos orçamentos para 2011, o que supón unha diminución do 12,1 por cento.

Formación de capital. Millóns de euros

Conceptos	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
Ingresos por operacións de capital	684,3	778,5	-94,2	-12,1
Alleamento investimentos reais	26,5	49,4	-22,9	-46,3
Transferencias de capital	657,8	729,1	-71,3	-9,8
Gastos por operacións de capital	1.603,10	2.406,90	-803,9	-33,4
Inversións reais	804,4	1.250,90	-446,5	-35,7
Transferencias de capital	798,7	1.156,00	-357,3	-30,9
Formación de capital	918,7	1.628,40	-709,7	-43,6

Fonte: Consellería de Facenda

Os ingresos e gastos por operacións de capital nos orçamentos para 2011 diminúen en ámbolos dous casos, se ben os ingresos por operacións de capital -baixan un 12,1 por cento- o fan en medida menor que os gastos por operacións de capital, que redúcense en algo máis dun terzo ao pasar de 2.406,9 millóns de euros en 2010 ata 1.603,1 millóns para

2011, reducíndose nos últimos dous anos en máis de 1.100 millóns de euros.

Como resultado das operacións de ingreso e gasto de capital, a formación de capital para 2011 calcúlase en 918,7 millóns de euros, un 43,6 por cento inferior á de 2010, case-que a metade da do ano 2009.

O Fondo de Compensación Interterritorial manifesta unha evolución negativa


De entre as distintas fontes de ingresos, merécese resaltar a desfavorable evolución do Fondo de Compensación Interterritorial que desde 2008 veuse reducido a menos da metade, xa que diminuíu durante tres exercicios consecutivos a ritmos do 3,0; 14,0; e 41,3 por cento acumulativo, que en termos absolutos representa pasar de 203,3 millóns de euros a 99,6 millóns.

Fondo de Compensación Interterritorial. Evolución 2004-2011. Miles de euros

Anos	Total Estado FCI	% Variación	Total Galicia FCI	% Variación
2004	1.011,2	-	163,9	-
2005	1.061,8	5,0	170,2	3,8
2006	1.159,9	9,2	183,5	7,8
2007	1.237,6	6,7	195,9	6,7
2008	1.338,0	8,1	203,3	3,8
2009	1.353,8	1,2	197,2	-3,0
2010	1.225,8	-9,5	169,6	-14,0
2011	774,4	-36,8	99,6	-41,3

Fonte: Consellería de Facenda

Fondo de Compensación Interterritorial. Evolución 2004-2011. Miles de euros. Niveis e Taxas de variación interanuais



Fonte: Consellería de Facenda

Aumenta o aforro corrente de 276 millóns a 372 millóns.

Non obstante o negativo comportamento dos ingresos, o aforro da Comunidade Autónoma compórtanse de maneira positiva, ao aumentar aproximadamente en 97 millóns de euros, rachando incluso coa tendencia negativa que se iniciara no ano 2009.

Aforro corrente. Millóns de euros

Conceptos	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
Ingresos por operacións correntes	7.858	8.058	-200	-2,5
<i>Impostos directos</i>	2.031	1.374	657	47,8
<i>Impostos indirectos</i>	2.784	1.897	887	46,8
<i>Taxas, prezos e outros ingresos</i>	281	271	10	3,9
<i>Transferencias correntes</i>	2.748	4.497	-1.749	-38,9
<i>Ingresos patrimoniais</i>	14	20	-5	-27,8
Gastos por operacións correntes	7.486	7.782	-297	-3,8
<i>Gastos de persoal</i>	3.616	3.773	-157	-4,2
<i>Gasto en bens correntes e servizos</i>	1.346	1.381	-35	-2,5
<i>Gastos financeiros</i>	196	157	38	24,4
<i>Transferencias correntes</i>	2.328	2.471	-143	-5,8
Aforro por operacións correntes (a)-(b)	372	276	97	35,1

Fonte: Consellería de Facenda

Este aumento é consecuencia de que malia o descenso dos ingresos por operacións correntes en 200 millóns, ao pasaren de 8.058 a 7.858 millóns para 2011, os gastos por operacións correntes, como máis adiante exporemos, estímense en 7.486 millóns de euros fronte a 7.782 millóns en 2010, minorándose un 3,8 por cento, equivalente a 297 millóns de euros, que reflicte con claridade os esforzos de austeridade e a eficacia das políticas de contención do gasto.

Redúcese a necesidade de financiamento en máis dun 50 por cento

A necesidade de financiamento nos orzamentos para 2011 sitúase en 624,1 millóns de euros, menos da metade que en 2010, que foi de 1.414,2 millóns, que representa unha redución do 55,9 por cento.

Necesidade de financiamento e endebedamento. Millóns de euros

Conceptos	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
Ingresos non financeiros	8.542,40	8.836,67	-294,32	-3,3
Gastos non financeiros	9.166,50	10.251,08	-1.084,63	-10,6
Necesidade de financiamento	624,1	1.414,40	-790,3	-55,9
Variación de activos financeiros	111,2	117,4	-6,3	-5,3
<i>Recursos</i>	20,8	0,8	20	2613,1
<i>Empleos</i>	131,9	118,2	13,7	11,6
Necesidade de endebedamento	735,3	1.531,80	-796,6	-52,0
Endebedamento bruto	1.144,91	2.047,79	-902,9	-44,1
<i>Emisións de débeda</i>	1.144,91	2.037,79	-892,9	-43,8
<i>Outros</i>		10	-10	-100,0
Endebedamento neto	735,25	1.521,81	-786,56	-51,7

Fonte: Consellería de Facenda

Pola súa banda, as necesidades de endebedamento redúcense en cerca de 800,0 millóns de euros, situándose en 735,3 millóns, unha diminución do 52,0 por cento que representa a contribución que as finanzas da Comunidade Autónoma aportan para o restablecemento do equilibrio das contas públicas do conxunto do Estado. Como resultado, o endebedamento bruto acórtase no 44,1 por cento, e o endebedamento neto nun 51,7 por cento, ata situarse en 735,3 millóns de euros.

Cumprimento do compromiso coa estabilidade orzamentaria:

A estabilidade orzamentaria, segundo os compromisos para o conxunto das administracións públicas, esixe para Galicia que o endebedamento neto da Comunidade Autónoma se limite ao 1,3 por cento do PIB rexional.

Superávit/Déficit non financeiro e Capacidade/necesidade de financiamento. Millóns de euros

Orzamento Inicial	2011	2010
1. Ingresos non Financeiros Consolidados	8.542,40	8.836,70
2. Gastos Non Financeiros Consolidados sen Golden Rule	9.166,50	10.112,70
3. Superavit(+)/ Déficit (-) non Financeiro sen Golden Rule (1)-(2)	-624,1	-1.276,00
4. Axustes Contabilidade Nacional	-111,1	-107,4
5. Programa de investimentos productivos (Golden Rule)	0	-138,4
6. Capacidade (+)/ Necesidade (-) de financiamento (SEC-95)* (3)+(4)+(5)	-735,2	-1.521,80
% PIB Galicia	-1,30%	-2,75%
Endebedamento Neto	735,2	1.521,80
<i>PIB Galicia Estimado</i>	56.658	55.339

*** Sen incluír efecto liquidacións sistema financiamento**


Fonte: Consellería de Facenda

Dito límite supón de feito a metade de capacidade de financiamento con relación ao ano precedente, o que significa que o aumento do esforzo pola estabilidade das finanzas supón para os ingresos rexionais un teito de 735,1 millóns, como xa se ten mencionado.

Estrutura financeira do investimento e relevancia do aforro corrente

Os ingresos e gastos por operacións de capital nos orzamentos para 2011 diminúen en ámbolos dous casos, se ben os ingresos por operacións de capital -baixan un 12,1 por cento- o fan en medida menor que os gastos por operacións de capital, que redúcense en algo máis dun terzo ao pasar de 2.406,9 millóns de euros en 2010 ata 1.603,1 millóns para 2011, reducíndose nos últimos dous anos en máis de 1.100 millóns de euros.

Aforro corrente, ingresos de capital e endebedamento neto




Fonte: Consellería de Facenda

En atención aos principios de sostibilidade financeira das contas da Comunidade Autónoma de Galicia e cumprimento dos Pactos de Estabilidade, a conxunción dos esforzos en aforro corrente e un menor recurso ao endebedamento sitúa á Comunidade Autónoma nunha senda de solvencia que conxuga a atención ás necesidades de novos investimentos para mellorar os servizos sociais a disposición dos cidadáns e a produtividade da economía real, coa disciplina financeira que lle permite ser merecedora dunha posición de solvencia como prestatario asumible e en favorable evolución.

Evolución do endebedamento 20005-2010

CCAA	Var % IIT 2010-2005
Madrid	24,7
Andalucía	56,0
Valencia	59,0
Asturias	63,0
Galicia	63,2
Cantabria	65,9
Extremadura	71,3
Castilla y León	92,8
Cataluña	113,9
Aragón	126,5
Canarias	137,4
Navarra	139,2
Baleares	140,5
Murcia	164,4
País Vasco	244,9
Castilla - La Mancha	257,4
La Rioja	268,4
Media CCAA	84,4



Fonte: Consellería de Facenda

Estrutura de gasto. O gasto orzamentario total descende por debaixo dos 10.000 millóns

O gasto total nos orzamentos para 2011 ascende a 9.708,0 millóns de euros, fronte a 10.885,2 millóns do ano anterior. O gasto redúcese en 1.177,2 millóns, equivalente ao 10,8 por cento.

Estrutura de gastos

Conceptos	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
1. Gasto de persoal	3.615,8	3.772,5	-156,7	-4,2
2. Gasto en bens correntes e servizos	1.345,7	1.378,3	-32,6	-2,4
3. Gastos financeiros	195,7	157,4	38,3	24,4
4. Transferencias correntes	2.328,3	2.474,0	-145,7	-5,9
Total gastos correntes (1)+(2)+(3)+(4)	7.485,6	7.782,2	-296,6	-3,8
6. Investimentos reais	804,4	1.250,9	-446,5	-35,7
7. Transferencias de capital	798,7	1.156,0	-357,3	-30,9
Total gastos de capital (6)+(7)	1.603,1	2.406,9	-803,8	-33,4
5. Fondo de continxencia	77,8	62,0	15,8	25,5
Total gastos non financeiros (1)+.....+(7)	9.166,5	10.251,1	-1.084,6	-10,6
8. Activos Financeiros	131,9	118,1	13,8	11,7
9. Pasivos Financeiros	409,7	516,0	-106,3	-20,6
Total gastos financeiros (8)+(9)	541,6	634,1	-92,5	-14,6
Total orzamento de gastos (1)+.....+(9)	9.708,0	10.885,2	-1.177,2	-10,8
EELL por PI Estado (extraorzamentario) (10)	840,0	801,0	39,0	4,9
Total gastos (1)+.....+(10)	10.548,0	11.686,2	-1.138,2	-9,7


Fonte: Consellería de Facenda

Se incluísemos nos orzamentos as partidas correspondentes ás transferencias ás Entidades Locais en concepto de participación nos ingresos do Estado, partida que en anteriores orzamentos se incluía, e polo tanto debe terse en conta para homoxeneizar as series e facilitar as análises, o total das partidas de gasto elevaríase a 10.548,0 millóns de euros, diminuindo en 1.138,2 millóns -un 9,7 por cento- en relación co ano anterior.

Gasto financeiro e gasto non financeiro

O gasto non financeiro pasa de 10.251,1 millóns de euros en 2010 a 9.166,5 millóns de euros en 2011, cun descenso do 10,6 por cento, ou 1.084,7 millóns, en termos absolutos.

Gasto non financeiro consolidado



Fonte: Consellería de Facenda

Pola súa banda, o gasto financeiro diminúen en maior proporción que o non financeiro, un 14,6 por cento, ao pasar dun total de 634,1 millóns en 2010 a 541,6 millóns para 2011, unha diferenza de 92,6 millóns.

Contención en todos os capítulos de gasto

Se analizamos os importes e evolucións dos distintos capítulos contables de gasto, observamos unha marcada diferenza entre as partidas de gasto corrente e de gasto de capital: os primeiros redúcense no seu conxunto nun 3,8 por cento, en tanto que a diminución é máis acentuada nos gastos de capital, un 33,4 por cento. Os gastos correntes pasan de 7.782,2 millóns en 2010 a 7.485,6 millóns para 2011, mentres que os gastos de capital sitúanse para 2011 en 1.603,1 millóns desde os 2.406,9 millóns en 2010.

Esta evolución confirma como os esforzos na contención do gasto público se transmiten no curto prazo con maior intensidade nos capítulos correspondentes aos gastos de capital debido ao menor grao de elasticidade dos gastos correntes. Por outra parte, a compoñente mais importante dos custos dos servizos públicos esenciais en educación, sanidade e asistencia social correspóndelle aos gastos do persoal docente, sanitario e de asistencia, profesionais imprescindibles para cubrir as necesidades dos cidadáns baixo condicións de calidade.


Gasto social. Millóns de euros

Gasto social	2011	
	Gasto Total	Peso
Educación, Traballo e Benestar, Igualdade, Sanidade e Emigración	6.728	75,0
<i>Servizos públicos fundamentais</i>	6.402	71,4
Total Gasto*	8.971	

* Gasto non financeiro - xuros

Fonte: Consellería de Facenda

Gasto non financeiro. Distribución económica



Fonte: Consellería de Facenda

Gastos de persoal. Concentración do gasto

Servizos públicos	2011	
	Importe	Porcentaxe
Sanidade	1.605	44,4
Educación	1.362	37,7
Acción social e promoción social	139	3,8
Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	48	1,3
Xustiza	86	2,4


Fonte: Consellería de Facenda

Todos os capítulos que compoñen o gasto corrente experimentan, en maior ou menor medida, unha redución, coa excepción do capítulo III referido aos gastos financeiros.

Mantemento do control dos gastos de persoal

Os gastos totais de persoal redúcense por primeira vez nos orzamentos da Comunidade Autónoma, ao pasar de 3.772,5 millóns en 2010 a 3.615,8 millóns en 2011, o que representa unha diminución dun 4,2 por cento.

Evolución gastos de persoal



Fonte: Consellería de Facenda

Gastos en bens correntes e servizos

Os gastos en bens correntes e servizos redúcense por segundo ano consecutivo: xa o fixeran nun 1 por cento en 2010 con relación ao 2009, e para 2011 esa redución é do 2,4 por cento, os 32,6 millóns que van de diferenza entre 1.378,3 en 2010 e os 1.345,7 millóns consignados para 2011.

Gasto en bens correntes e servizos. Concentración do gasto

Servizos públicos	2011	
	Importe	Porcentaxe
Acción social e promoción social	185	13,8
Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	16	1,2
Sanidade	830	61,7
Educación	210	15,6

Fonte: Consellería de Facenda

O esforzo conxunto dos capítulos I e II, mercé ás políticas de austeridade e á contribución dos funcionarios e empregados do sector público autonómico achégase aos 190 millóns de euros, unha achega cuantitativa e cualitativamente importante para o saneamento das finanzas autonómicas e á contención do déficit público.

Unha consideración dos capítulos I e II baixo a análise do destino das achegas orzamentarias, pon de manifesto a concentración arredor do gasto social, dando preferencia ás prestacións en materia sanitaria e asistencial, aos gastos en educación e as actuacións en materia de emprego e mercados laborais, que supoñen máis do 90 por cento do gasto.

Esforzo orzamentario das Consellerías

Concepto	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
Gasto Consellerías de carácter social(a)	6.709,2	7.100,0	-390,8	-5,5
Consellería de Educación e ordenación Universitaria	2.222,3	2.383,7	-161,4	-6,8
Consellería de Sanidade	3.546,7	3.728,2	-181,5	-4,9
Consellería de Traballo e Benestar	940,2	988,1	-47,9	-4,8
Otros Gastos Obligatorios (b)	227,8	190,9	36,9	19,3
Organos Estatutarios	32,1	33,5	-1,5	-4,4
Xuros	195,7	157,4	38,4	24,4
Resto Gasto Consellerías (c)	2.229,5	2.960,2	-730,7	-24,7
Total Gasto Non Financeiro (a)+(b)+(c)	9.166,4	10.251,1	-1.084,60	-10,6


Fonte: Consellería de Facenda

Pola súa parte, as transferencias correntes redúcense de xeito significativo, en 145,7 millóns de euros, cantidade inferior nun 5,9 por cento á do anterior exercicio.

Investimentos reais e operacións de capital: mantemento do esforzo inversor

Os capítulos VI e VII, correspondentes ás operacións de capital, ben por investimentos reais directos ou por transferencias de capital a outros organismos, administracións ou empresas experimentan nos orzamentos unha redución da orde dun terzo, o 33,4 por cento, que supón unha cifra absoluta de 803,9 millóns de euros, pois pasan de 2.406,9 millóns en 2010 a 1.603,1 millóns nos orzamentos para 2011.

Compromiso co investimento



Fonte: Consellería de Facenda

Como xa se sinalou, o carácter máis ríxido do gasto corrente fai recaer o axuste dos ingresos e as limitacións de enbedamento sobre os capítulos de investimento, a pesares de teren aumentado as achegas por aumento do aforro corrente, que aínda así resultan insuficientes para manter un esforzo investidor igual ao que se realizou no anterior orzamento.


A diminución é superior ao 30 por cento para os dous capítulos: o capítulo VI descende en 446,5 millóns e sitúase para o ano 2011 en 804,4 millóns de euros, que supón un descenso do 35,7 por cento; canto ao capítulo VII redúcese nun 30,9 por cento ao pasar de 1.156,0 a 798,7 millóns de 2010 a 2011.

Os investimentos públicos para 2011

As cifras de investimentos reais deben engadírselle as cantidades correspondentes ao cofinanciamento por parte de entidades privadas procedentes de operacións realizadas a través de contratos de CPP, que supoñen 504 millóns de euros adicionais.

Investimento. Orzamento e Financiamento específico. Millóns de euros

Investimento	2011	2010	2009	Var. 2011-2010 M€	
				Absoluta	Porcentual
Orzamento	804	1.250	1.462	-446	-36,0
Financiamento específico	504	270	38	234	87,0
Total	1.308	1.520	1.500	-212	-14,0



Fonte: Consellería de Facenda

Si se teñen en conta as achegas procedentes do financiamento específico, alcánzase un total nos investimentos reais de 1.308 millóns, cunha diminución respecto ao ano anterior dun 14%, é dicir, menos da metade do que caerían as inversións (un 36%) se non se utilizasen as fórmulas de colaboración público privada.

Gasto por capítulo, sección, organismo autónomo e axencias

Gasto consolidado non financeiro 2011 e 2010. Importes e taxas de variación interanuais. Estrutura porcentual

Consolidado non financeiro	2011	2010	Var. 2011-2010	
			Absoluta	Porcentual
Parlamento	19,5	20,6	-1	-5,0
Consello de Contas	7,5	7,6	-0,1	-0,8
Consello da Cultura Galega	2,7	3	-0,3	-9,4
Presidencia da Xunta	124,6	148,9	-24,3	-16,3
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	202,4	203,9	-1,4	-0,7
Consellería de Facenda	55,2	65	-9,8	-15,0
Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas	611,1	907,3	-296,2	-32,6
Consellería de Economía e Industria	241,4	364,6	-123,2	-33,8
Consellería de Educación e ordenación Universitaria	2.222,30	2.383,70	-161,4	-6,8
Consellería de Sanidade	3.546,70	3.728,20	-181,5	-4,9
Consellería de Cultura e Turismo	133,7	196,3	-62,6	-31,9
Consellería de Traballo e Benestar	940,2	988,1	-47,9	-4,8
Consellería do Medio Rural	525,1	661,5	-136,4	-20,6
Consellería do Mar	175,6	213,5	-38	-17,8
Consello Consultivo de Galicia	2,2	2,3	-0,1	-4,7
Transferencias a Corporacións Locais	114,3	120,6	-6,3	-5,2
Débeda Pública da Comunidade Autónoma	195,5	156,6	38,9	24,9
Gastos de diversas consellerías	46,4	79,5	-33,1	-41,6
Total Gasto Non Financeiro sin PIE EELL	9.166,40	10.251,10	-1.084,60	-10,6
EE.LL. PIE	840	801	39	4,9
Total Gasto Non Financeiro	10.006,40	11.052,10	-1.045,60	-9,5

Consolidado non financeiro	2011	2010	Var. 2011-2010
Parlamento	0,2	0,2	0
Consello de Contas	0,1	0,1	0
Consello da Cultura Galega	0,03	0,03	0
Presidencia da Xunta	1,4	1,5	-0,1
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2,2	2	0,2
Consellería de Facenda	0,6	0,6	0
Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas	6,7	8,9	-2,2
Consellería de Economía e Industria	2,6	3,6	-1
Consellería de Educación e ordenación Universitaria	24,20	23,30	0,9
Consellería de Sanidade	38,70	36,40	2,3
Consellería de Cultura e Turismo	1,5	1,9	-0,4
Consellería de Traballo e Benestar	10,3	9,6	0,7
Consellería do Medio Rural	5,7	6,5	-0,8
Consellería do Mar	1,9	2,1	-0,2
Consello Consultivo de Galicia	0,02	0,02	0
Transferencias a Corporacións Locais	1,2	1,2	0
Débeda Pública da Comunidade Autónoma	2,1	1,5	0,6
Gastos de diversas consellerías	0,5	0,8	-0,3
Total Gasto Non Financeiro	100,00	100,00	0,00

Fonte: Consellería de Facenda

III.3. Prioridades de gasto: Orzamentos 2011 e o Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020.

O Plan estratéxico 2010-2014 horizonte 2020 reúne os esforzos que en materia de planificación económica supón un avance na construción dun novo modelo de desenvolvemento sostible e solidario. Ese modelo ten como obxectivo final a integración de Galicia dentro do espazo da Unión Europea como rexión pertencente ao grupo de rexións avanzadas, é, como tal, cunha participación activa na consecución das metas e estratexia de desenvolvemento da Unión. En consecuencia, establécense uns obxectivos estratéxicos para o remate do período 2010-2014, e esténdense ao horizonte do 2020.

Obxectivos globais para o remate do período 2014-2020

Obxectivo global	Actual	2014	2020
Crecemento			
PIB per cápita Galicia Vs. da media EU-27	90%	95%	100%
Poboación empregada entre 20 e 64 anos	63%	>65%	>75%
Grao de apertura da economía	125%	135%	145%
Coñecemento			
Redución do fracaso escolar	26%	<20%	<10%
Porcentaxe de poboación entre 30 e 34 anos con titulación en ensino superior	41%	>45%	50%
Emprego TIC fogares e empresas	42,3%	>55%	>75%
Investimento público e privado en I+D	1%	>1,5%	>3%
Incremento patentes rexistradas	176	200	280
Sostibilidade			
Consumo de electricidade procedente de fontes renovables	61,3%	95%	100%
Produción enerxías renovables s/consumo total en Galicia	13,8%	20%	30%

Fonte: Consellería de Facenda

Como instrumento esencial para levar a cabo a execución do Plan estratéxico, os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2011 reflicten as prioridades establecidas no planeamento a medio e longo prazo e definen os recursos que permitirán materializar as actuacións necesarias para que os distintos organismos e centros xestores avancen cara aos resultados operativos e os obxectivos estratéxicos que lles teñen sido asignados.

Con esta intención, todos os recursos empregados en actuacións de gasto nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011 están asignados entre os cinco eixes de prioridades contemplados no Plan Estratéxico 2010I-2014, coa excepción dos gastos xerados polo servizo da débeda pública en concepto de amortizacións e intereses (Programa de gasto 911A - 605 millóns de euros), e as tranferencias ás entidades locais (840 millóns de euros), que non se consideran directamente gasto estratéxico.

Así, o gasto total orzamentado sitúase en 9.036 millóns de euros, que se lle engadimos o financiamento específico procedente da colaboración público privada se eleva a 9.540 millóns de euros, sendo o reparto entre os eixes de prioridades o seguinte:

Orzamento 2011 e Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014

Eixes	Orzamento *	Orzamento + Financiamento específico	Var. 2011/2010 %	Peso
Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.490	6.663	-4%	69,8
Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	1.411	1.624	-14%	17,0
Economía do Coñecemento.	337	357	3%	3,7
Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	469	543	-15%	5,7
Administración auster, eficiente e cercana ao cidadán.	329	353	-5%	3,7
Total	9.036	9.540	-6%	100,0

* A efectos comparativos no orzamento descóntase as aportacións a Sociedade Pública de Investimentos (SPI) cifradas en 66 millóns de euros

Fonte: Consellería de Facenda

Ao igual que no anterior exercicio orzamentario, a situación económica xeral condiona as actuacións que se poden emprender baixo uns orzamentos restritivos.

A distribución orzamentaria 2011 responde a unha estratexia programada establecida en cinco eixes prioritarios e dezaseis obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014. A continuación analízase o gasto do orzamento 2011 correspondente a 9.102,8 millóns de euros, tendo en conta 66 millóns de euros destinados á SPI.

Detalle da distribución da sociedade do coñecemento nos orzamentos 2011. Millóns de euros

	Orzamentos		Extra Orzamentario	Total
	OE 3.1	Programas Gasto Sectoriais		
I+D				
422C Ensinanzas Universitarias	6,26			6,26
561C Plan Galego de I+D	63,49			63,49
561B Investigación Universitaria	48,74			48,74
561C Investigación Sanitaria	2,07			2,07
422C Educación Universidades I+D		12,19		12,19
Capítulo VIII Xesgalicia I+D Empresas		20,00	-0,06	19,94
Subtotal I+D	120,55	32,19	-0,06	152,69
TIC				
461A Cobertura Informativa e A. Comunicación	5,93			
461B Radiodifusión e TVG	107,88			
571A Sociedade Informac. e Coñecemento	59,38			
611A Servizos Xerais Facenda		6,95		
411A Serv. X. Red Informática SERGAS		24,93		
Subtotal TIC	173,19	31,88		205,07
Total I+D+i				357,76

Fonte: Consellería de Facenda

Aos importes consignados segundo as medidas especificamente encadradas nos OE 3.1 e 3.2, débense engadir as achegas en actuacións que están incluídas en outros programas de gasto, pero que responden a actuación propias de I+D ou TIC, nun caso por estar incluídas nas transferencias ás Universidades, e noutros por obedecer a campos de actuacións na e-Administración.

Distribución do orzamento de gastos 2011 por Eixes e Obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014

Eixes	Obxectivos estratéxicos	2011	% / Total	% / Eixo
E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	E1OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	32,7	0,36	0,50
	E1OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas	3.545,2	38,95	54,26
	E1OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.312,1	25,40	35,38
	E1OE04 Atención ao benestar social	356,1	3,91	5,45
	E1OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	288,2	3,17	4,41
	Subtotal	6.534,3	71,78	100,00
E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	E2OE01 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	330,7	3,63	22,67
	E2OE02 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	103,9	1,14	7,13
	E2OE03 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	669,4	7,35	45,90
	E2OE04 Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	354,5	3,89	24,30
	Subtotal	1.458,5	16,02	100,00
E3 - Economía do Coñecemento.	E3OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	120,6	1,32	41,04
	E3OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	173,2	1,90	58,96
	Subtotal	293,7	3,23	100,00
E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	E4OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	191,9	2,11	40,39
	E4OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	263,7	2,90	55,51
	E4OE03 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	19,5	0,21	4,11
	Subtotal	475,1	5,22	100,00
E5 - Administración auster, eficiente e cercana ao cidadán.	E5OE01 Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	177,4	1,95	52,01
	E5OE02 Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	163,7	1,80	47,99
	Subtotal	341,1	3,75	100,00
TOTAL		9.102,8	100,00	

Fonte: Consellería de Facenda

Como se pode apreciar, dentro do marco de contención do déficit e restrición do gasto a que están suxeitos os orzamentos, cabe salientar o peso específico que se lle torga en termos de asignación de recursos ao eixe prioritario de "Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida", onde se encadran os servizos básicos esenciais de sanidade, educación e asistencia social, núcleo esencial dos servizos básicos e funcións competencia da Xunta, dunha parte, pero sobre todo, eixe de grande transcendencia para facer atractivo o territorio e manter un corpo social cohesionado, paso imprescindible para potenciar as capacidades dos nosos cidadáns.

O eixe acada, no seu conxunto, un peso específico que representa o 71,8% por cento do gasto total, debido esencialmente á compoñente das retribucións do persoal adicado á prestación de servizos nos campos do ensino, a sanidade, a asistencia social, así como ás prestacións no terreo da dependencia e igualdade, e axudas á familia e xuventude.

Os eixes segundo, terceiro e cuarto teñen un claro destino de reforzo do sistema produtivo.

O eixe 2, "Dinamización económica, crecemento e emprego" representa o 16,0%, e exerce un impulso da competitividade a través do remate e mellora das redes de infraestruturas físicas, axuda á internacionalización da economía de Galicia, fomenta a innovación das empresas, fortalece aos sectores produtivos, e incrementa a capacitación profesional e a empregabilidade dos traballadores.

No eixe 3, "Economía do Coñecemento", reflíctese de maneira diferenciada o reforzo das actuacións dos orzamentos da Comunidade Autónoma nas materias de investigación e desenvolvemento e na conectividade e utilización das modernas tecnoloxías de comunicación e información, e representa o 3,2% do total.


Malia as dificultades de financiamento en orixe, mantense unha dirección inequívoca no establecemento dunha estratexia integral do territorio e da ordenación do mesmo, potenciando os recursos, atallando os desequilibrios internos, e procurando a sostibilidade e emprego eficaz dos recursos, como se detalla no eixe 4 "Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial", que representa un 5,2%.

No eixe 5, "Administración Austera, Eficiente e Cercana ao Cidadán", os orzamentos reflicten o empeño da propia administración autonómica por gañar en eficiencia, aumentando a súa produtividade interna, de modo que se acade unha ampliación e mellora da calidade dos servizos que o sector público pon a disposición dos cidadáns, e das institucións públicas e o sector privado no seu conxunto. O seu peso acada o 3,7% do total.

III.3.1. Eixe 1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

As consignacións destinadas á mellora e mantemento dos servizos públicos da sanidade e do ensino absorben claramente a maioría de recursos neste eixe.

Orzamento de gasto 2011. Eixe 1. Distribución por obxectivos estratéxico



Fonte: Consellería de Facenda

Obxectivo estratéxico E1OE01 – Criterio 1 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	31.679.931
312G APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL	1.002.685

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: Secretaría Xeral de Familia e Benestar, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e a Secretaria Xeral de Igualdade dependente da Presidencia da Xunta

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/1 Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico	2.700.000
M02/2 Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade	28.979.931
M03/3 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres	1.002.685

Para o logro do obxectivo estratéxico as actividades articularanse a tenor dos Plans: Novo plan da apoio ás familias galegas, e Plan de actuación social 2010-2013.

As actuacións máis salientables son:

- a) Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico, a través de Axuda complementaria á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos.
- b) Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentiva-dora da natalidade, mellorando as condicións das familias traballadoras a través da ampliación da rede de escolas infantís (Plan Educa 3), e diversos investimentos en infraestruturas sociais en centros de atención á primeira infancia.

As actuacións destinadas a impulsar e favorecer a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal, estímase que en 2011 beneficiarán a 6.100 familias, e 500 Mulleres serán beneficiarias de servizos de coidado e atención de nenos.

Obxectivo estratéxico E2OE02 - Criterio 2 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	73.302.581
412A ATENCIÓN ESPECIALIZADA	2.068.847.157
412B ATENCIÓN PRIMARIA	1.286.511.637
413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	69.725.737
414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	46.827.315

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son as unidades administrativas da Consellería de Sanidade: Secretaría Xeral , Dirección xeral de Saúde Pública e Planificación, e SERGAS.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/5 Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de vida Saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermarse	20.936.449
M02/6 Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria	119.643.132
M03/7 Garantir o financiamento dos novos hospitais e reforzar a rede de infraestruturas sanitarias incluíndo o emprego de fórmulas de pago a prazo	32.165.440
M04/8 Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia	864.539.217
M99/10 Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas	2.507.930.189

Para o logro do obxectivo estratéxico as actividades articularanse a tenor do Plan de prevención, promoción e protección da saúde.

O programa de atención especializada ten unha labor de apoio á atención primaria de saúde, e comprende un conxunto de actividades sanitarias desenvolvidas nos centros

e polo persoal especializado do sistema sanitario: Centros de Atención especializada ambulatoria, constituído por centros de especialidades adscritos á atención especializada da rede propia do Servizo Galego de Saúde; Centros hospitalarios xestionados e administrados polo Servizo Galego de Saúde ; Servizos de Asistencia Especializada Concertada, e Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos ou de rehabilitación.

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación destes programas hai que destacar a implantación da Historia clínica Electrónica, con acción de impulso as TIC, da Receita Electrónica para mellorar a prestación farmacoterapéutica, e a mellora da rede informática dos centros, ademáis de establecer procesos especiais que garantan a espera mínima: cirúrxicas, consulta e diagnóstico, e lograr a eficiencia e a mellora da calidade do transporte sanitario e das urxencias sanitarias.

Das actuacións para Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias (Hospitais, Centros de saúde, CAR), destacan o Novo Hospital de Lugo, reformas diversas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e no Hospital da Costa de Burela, así como dispoñer de equipamento tecnolóxico moderno, axeitado ás necesidades asistenciais.

En canto á mellora na xestión integral da loxística dos centros sanitarios, intensifícanse as accións de mellora da calidade da prescrición, un bo uso dos medicamentos, xestión dos recursos farmacoterapéuticos dispoñibles e racionalización do gasto en medicamentos, incrementando a prescrición de uso de medicamentos xenéricos ou de marca de menor prezo, fomentando a prescrición por principio activo, promovendo a elaboración de guías farmacoterapéuticos dos centros sanitarios, e impulsando modelos eficientes de compra mediante compras centralizadas.

Outras actuacións relevantes son:

- a) Detección precoz de enfermidades mediante programas de cribado
- b) Mellorar as tecnoloxías de información.
- c) Actividades de loita contra as drogodependencias.
- d) Prevención, promoción e protección da saúde con campañas de vacinación, seguridade alimentaria, e prevención e control das enfermidades transmisibles

Obxectivo estratéxico E1OE03 - Criterio 3 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
151A FOMENTO DA LINGUA GALEGA	11.095.357
421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	26.252.986
422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	831.313.022
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	331.517.602
422D EDUCACIÓN ESPECIAL	34.872.151
422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	26.642.720
422G ENSINANZAS ESPECIAIS	14.065.250
422H OUTRAS ENSINANZAS	615.500
422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	2.455.836
422K ENSINANZAS PESQUEIRAS	9.024.384
422L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	7.879.944
422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL	728.740.234
423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	184.253.791
423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	18.332.938
431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	4.537.732
432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS	8.615.943
432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	29.381.183
433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL	19.774.237
441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	22.755.181

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría Xeral para o Deporte, dependente da Presidencia da Xunta, e as unidades administrativas Secretaría Xeral, Secretaría Xeral de Universidades, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da Consellería de Educación; dentro da Consellería de Cultura e Turismo, as Direccións Xerais de Patrimonio Cultural, Promoción e Difusión da Cultura, e a Axencia Galega das Industrias Culturais; na Consellería do Medido Rural, a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias, e a Secretaría Xeral, e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/11 Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral	1.543.653
M02/12 Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade	332.154.602
M03/13 Impulso da innovación e das TIC no sistema educativo para facilitar AA aprendizaxe, transformando os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais	500.000
M04/14 Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino	3.629.132
M06/16 Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público	31.522.139
M07/17 Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade	13.801.940
M08/18 Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos	3.339.442
M10/20 Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento	19.299.495
M11/21 Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade	35.588.794
M99/23 Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	1.870.746.794

As grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2011 van ser as seguintes:

Plan de dinamización social da lingua galega:

- a) Promoción social da lingua, a través de campañas de normalización lingüística, e de cursos e actividades de formación
- b) Desenvolvemento da investigación
- c) Coordinación dos poderes públicos para a dinamización lingüística
- d) Fomento da competencia en galego da sociedade
- e) Proxección exterior do galego

No ámbito da educación infantil, primaria e ESO, ensinanza secundaria e formación profesional e innovación educativa establécense as seguintes actuacións:

- a) Reforma de edificios dos centros educativos existentes.
- b) Mellora das dotacións e as infraestruturas do ensino público, coa construción de novos centros, entre eles: Escola Infantil de Betanzos, CEIP Virxe do Rocío en Vigo, CEIP de Oroso, CEIP Villalonga-Sanxenxo, CEIP Altamar de Vigo, e CES de Milladoiro.
- c) Ampliacións ou reforma integrais de CEIPs existentes, como as que se realizagrán nos CEIP de Ponteareas, A Estrada, Cambre, Carballo, Pardo Bazán de A Coruña, e Allariz, o que supón un incremento de 325 novas prazas escolares.
- d) Tamén se levarán a cabo obras de conservación e mellora dos centros existentes e continuarase coas actuacións de renovación do sistema eléctrico e instalación de redes de datos. Especial atención prestaráselles ás necesidades construtivas de eliminación de barreiras arquitectónicas.

No contexto da Formación Profesional a Consellería de Educación aposta decididamente por un novo plan de formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida, que dea resposta ás necesidades de cualificación do sistema produtivo, poñendo en marcha todas as accións formativas que se requiran dentro dos diferentes niveis de cualificación establecidos no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

A incorporación das novas tecnoloxías, instrumentarase a través do proxecto ABALAR, que persegue un salto cualitativo e cuantitativo no modelo educativo galego, co fin de mellorar a súa eficiencia nun proceso de modernización, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos. Pretende o tránsito:"da aula de informática á informática na aula","dos actuais libros de texto aos libros dixitais","da aprendizaxe pasiva á aprendizaxe colaborativa, a investigación e a aprendizaxe activa e interactiva","do profesor que ensina informática ao profesor que usa a informática para ensinar".

Téndese así a que todo o alumnado ao completar a súa formación obrigatoria deberá posuír unha suficiente competencia dixital. O centro educativo dixital supera o concepto de centro educativo tradicional e persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos,

así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa

Estableceranse medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida, a través de axudas das que se beneficiarán 1.760 homes e mulleres, e da plataforma de aprendizaxe e-learning de persoas adultas a distancia, da que serán beneficiarios 550 homes, e 630 mulleres

Na área da ensinanza universitaria levaranse a cabo accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior, a través de subvencións aos centros asociados da UNED, axudas de intensificación da actividade investigadora, e mellora da calidade e a competitividade da produción científica no S.U.G. Tamén habilitaranse bolsas a estudantes universitarios para aumentar e mellorar o potencial humano no ámbito da investigación.

O cadro que segue sintetiza o esforzo polo mantemento do compromiso coas Universidades do SIGA:

Compromiso coa Universidade nos orzamentos 2011

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Plan de financiamento	299	323	353	386	391	365	391
€/matricula	3.784	4.327	4.994	5.702	6.163	6.281	6.487
capacidade de gasto	8.014	8.808	9.550	10.253	10.702	10.251	9.167
% financ univs/gasto xunta	3,73	3,67	3,70	3,77	3,78	3,84	4,27

Fonte: Consellería de Facenda

Éxito escolar e loita contra o abandono escolar temperá. Sinálanse o desenvolvemento de medidas de orientación, reforzo e apoio, a través de proxectos de prevención do abandono escolar, mellora do éxito escolar, programas de fomento da lectura, na que participarán arredor de 23.700, dos que como resultado estímase que 5.900 permanecerán no sistema educativo.

Deporte escolar. Programas de dinamización deportiva que se levarán a cabo nos concellos, no INEF, e na Fundación Deporte Galego, a través do Plan Galego para o Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable" 2011-04, e do Plan Dotación de equipamentos ambientais de lecer aos concellos.

No eido da formación sobre o rural, sinálanse as accións de capacitación e extensión agroforestal, mediante a información, formación e transferencia tecnolóxica agroforestal

Apoio á formación marítimo pesqueira, e promoción das ensinanzas náutico pesqueiras, a través de proxectos de axudas, e apoio o Plan integral de formación marítimo pesqueira, accións que están financiadas con Fondos Europeos, e dos que se beneficiarán 100 homes e 100 mulleres.

No que atinxe á cultura, no eido da conservación, promoción e defensa do noso

patrimonio cultural, e dentro dos Plans de Recuperación do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico, e do de infraestruturas culturais, arquivos, museos e bibliotecas, realizaranse obras de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural galego no Parque arqueolóxico dos castros de San Cibrán e Lás (San Amaro), e conservación, protección e promoción dos Camiños de Santiago. Dentro do Plan FOMENTO E DIFUSIÓN DA CULTURA GALEGA levarase a cabo a informatización do centro superior bibliográfico de Galicia e da rede bibliotecas de Galicia, e levaranse a cabo campañas promoción da lectura e do libro.

Obxectivo estratéxico E1OE04 - Criterio 4 Atención ao benestar social

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	36.244.099
312D SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES	255.448.236
312E SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE	48.204.260
313A SERVIZOS Á XUVENTUDE	16.179.810

Os órganos responsables de levar a cabo actuación encamiñadas a lograr este obxectivo son: Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/24 Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social	252.197.013
M02/25 Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual	48.204.260
M03/26 Mellorar o benestar da xuventude	40.169.368
M99/27 Soporte xeral - Atención ao benestar social	15.505.764

As liñas básicas de actuación dos programas de prestacións ás familias e á infancia para o exercicio 2011 son entre outras as seguintes:

- Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar
- Mellorar os servizos educativos e de apoio á infancia, e impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.
- Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas
- Potenciar e consolidar a rede de centros, tanto públicos como concertados, a través dos que se presta acollemento residencial ós menores que se atopan baixo a garda ou tutela da Administración.

- e) Apoio a familias monoparentais, a través da colaboración con entidades de iniciativa social que posúen centros ou desenvolven programas específicos.
- f) Apoio ás familias mediante exencións fiscais por nacementos de fillos/as durante os tres primeiros anos de vida, así como a compensación equivalente para as exentas de declaración e apoio ás familias.
- g) Desenvolvemento de recursos de atención á infancia en zonas rurais mediante o programa "Preescolar na casa".
- h) Mantemento de centros de educación infantil 0
- i) Construción e equipamento dos centros de atención á infancia
- j) Mantemento e mellora dos puntos de encontro familiar

No que atinxe á persoas dependentes, e persoas maiores e con discapacidade, se destina unha das consignacións orzamentarias que constitúen unha excepción dentro dos orzamentos xerais, pois experimenta un incremento en termos absolutos:

Compromiso cos dependentes nos orzamentos 2011. Importe en euros

	2009	2010	2011
1-Gastos de persoal	8.262.167	8.618.755	8.211.118
2-Gastos en bens correntes e servizos	62.473.000	86.793.749	97.997.245
3-Gastos financeiros		5.700	3.109
4-Transferencias correntes	66.884.000	152.153.098	147.718.092
6-Investmentos reais		24.825	26.657
7-Transferencias de capital		500.000	1.492.015
total	137.619.167	248.096.127	255.448.236

Fonte: Consellería de Facenda

Con estas consignacións levaranse a termo actuacións para:

- a) Promover a atención social e o benestar das persoas maiores e das persoas con discapacidades con menos recursos
- b) Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar
- c) Favorecer a inserción sociolaboral dos colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo
- d) Na area da xuventude realizaranse accións con axudas aos concellos para información de actividades xuvenís, e a través do Programa de axudas iniciativa xove, e o Proxecto Imagina Atlántica.

Para abordar estas medidas cóntase co Plan de actuación social 2010-2013, o Novo plan da apoio ás familias, Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, I Plan de dependencia: desenvolvemento do sistema galego de promoción da autonomía persoal e atención as persoas, II Plan galego de persoas maiores 2010-2012, e o Plan Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade.

Obxectivo estratéxico E1OE05 - Criterio 5 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	133.158.046
312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	37.432.596
312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	12.705.588
312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	1.876.630
313B ACCIÓNS PARA A IGUALDADE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	6.731.410
313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	29.132.071
313D PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	2.881.243
451B ACCESO Á VIVENDA	49.387.558
451C DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO	14.944.400

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría Xeral de Igualdade, e Secretaría Xeral de Emigración, dependentes da Consellería de Presidencia; na Consellería de Traballo e Benestar, a Secretaría Xeral, a Secretaría xeral de Familia e Benestar, e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Secretaría Xeral, e o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/28 Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoos ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial	67.325.317
M02/29 Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante	8.158.626
M03/30 Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres	9.612.653
M04/31 Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos	49.387.558
M99/32 Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	153.765.388

Destácanse as seguintes actuacións:

- No ámbito da promoción da igualdade, durante o ano 2011 incidirase na promoción de programas de formación e educación destinados a concienciar da necesidade de establecer políticas de igualdade, na formación das mulleres en habilidades directivas e na promoción da súa presenza en actividades de alta demanda e nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía; no apoio ao movemento asociativo das mulleres e no impulso de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións da administración autonómica, á promoción da igualdade en todos os ámbitos, a prevención e tratamento da violencia de xénero, en todas as súas manifestacións, e á atención integral das vítimas, e ás medidas que axuden a combater a discriminación por razón de

xénero a desenvolver polas entidades locais, accións para o fomento da empregabilidade dirixidas a mulleres en situación de risco, axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero, e apoio a medidas promoción das mulleres.

- c) No ámbito do tratamento da violencia de xénero, centrarse a actuación nos programas de formación, información, prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero.
- d) Promoción da igualdade e prevención da violencia a desenvolver polas entidades locais, accións para o fomento da empregabilidade dirixidas a mulleres en situación de risco, axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero, apoio medidas promoción das mulleres, esperando alcanzar un nº de 4.800 mulleres beneficiarias accións formación.
- e) Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais a través do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, Plan de actuación social 2010-2013, e do Novo plan da apoio ás familias galegas (no que se pretenden crear 2.367 prazas residenciais, 1.267 prazas en centros de menores, 1.800 menores protexidos atendidos en acollemento familiar, e 450 menores tutelados en preparación para a inserción
- f) Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais, con axudas de emerxencia social, e apoio ós colectivos en risco de exclusión social
- g) Promover programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción (xitanos, sen teito, persoas afectadas pola SIDA)
- h) Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, a través do Plan de Vivenda 2009-2012, e axudas a aquelas vivendas incorporadas ao Programa Aluga.
- i) Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante, a través de axudas dirixidas aos galegos residentes no exterior en situación de precariedade para garantir a cobertura sanitaria, e accións sensibilización emigración e inmigración, a través do Plan Galego de inmigración


Estes proxectos encadráranse dentro dos plans: II Plan de inclusión social de Galicia (2007-2013), Plan fronte a crise: apoio ao benestar e as familias, Plan de actuación social 2010-2013, Novo plan da apoio ás familias galegas, e o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, e dentro de programas de Inclusión Social: Proxecto Sinerxia, e Plan de Loita contra a Pobreza.

III.3.2. Eixe 2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego

O obxectivo estratéxico que absorbe maior importe de recursos orzamentarios para o 2011 é o de fomento de sectores estratéxicos cunha porcentaxe sobre o total do eixe 2 do 45,9 por cento. A mellora da accesibilidade do territorio e da mobilidade, alcanza o 22,7 por cento deste eixe.

As políticas decididas a favor do emprego alcanzan un peso significativo, co 24,3 por cento do total do eixe, cunha consignación total de 354,5 millóns de euros. E a internacionalización da economía galega absorbe o 7,1 por cento do eixe figurando no orzamento cun total de 103,9 millóns de euros.

Orzamento de gasto 2011. Eixe 2. Distribución por obxectivos estratéxico



Fonte: Consellería de Facenda

Obxectivo estratéxico E2OE01 – Criterio 6 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
511A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL	9.117.504
512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	21.816.115
512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	299.748.326

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría xeral e as Direccións Xerais de Infraestruturas e Mobilidade e o Xurado de Expropiación Forzosa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/33 Construción de Vías de Altas Prestacións (VAPs)	104.127.517
M02/34 Actuacións na rede de estradas convencional	104.553.439
M05/37 Desenvolver un programa galego para a seguridade vial e para o mantemento e conservación das estradas adicando o 3% de valor patrimonial da rede viaria	65.423.937
M06/38 Impulso do transporte metropolitano nas 7 áreas metropolitanas cunha política tarifaria común	6.935.987
M07/39 Incorporar novos sistemas de transporte para articular unha mobilidade metropolitana sostible, impulsando os proxectos de metro lixeiro da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo	582.787
M08/40 Construción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros disuasorios	4.502.295
M99/42 Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	44.555.983

Para o logro deste obxectivo estratéxico articularanse diversas actividades a tenor de diferentes Plans de actuación sectorial, como o **Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica, MOVE**, elaborado co obxectivo de ordenar e xerarquizar a rede de estradas de Galicia, coordinar as iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal). Mellorar a accesibilidade ás cidades, ós espazos urbanos principais e as grandes áreas industriais e loxísticas, situando ó 80% da poboación a menos de 10 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura considérase a meta a conseguir.

Sinalar así mesmo o Programa de actuacións en Vías de Altas Prestacións, impulsando actuacións relevantes neste período orzamentario: Autovía Vilagarcía-Pontevedra. Treito Curro-Baión, Terceira Rolda de A Coruña e Vía Ártabra, Variante de Marín, Vía de Altas Prestacións Sarria-Monforte, Desdobramento Nadela-Sarria, Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda, Conexión da A52 co Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas e Valderrábada, Vía de Altas Prestacións Brión-Noia., Conexión do Corredor Brión-Noia coa AC550 en Taramancos (Noia), Vía de Altas Prestacións da Costa da Morte, Corredor do Norte Ferrol-San Cibrao, Desdobramento Sanxenxo-A Lanzada, Vía de Altas Prestacións Ramallosa-A Estrada e A Estrada-Cerdedo/Forcarei (N543).

Programas de actuacións na rede de articulación territorial, con novas actuacións en vías estruturantes e complementarias.

Programa de Actuacións en Medios Urbanos, tratando de impulsar actuacións que permitan resolver os problemas nos accesos ás cidades, reducindo o nivel de conxestión.

Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade.

Desenvolvemento do Programa Galego de Seguridade Vial.

Abordaranse modelos de financiamento extraorxamentarios ao longo do ano para execución de tres actuacións en réxime de concesión:

- a) Vía de Altas Prestacións Carballo-Berdoias
- b) Eixe de comunicacións A52-Fronteira Portuguesa:
Treito I: Vía de Altas Prestacións A52-Celanova Sur.
Treito II: Celanova Sur-Fronteira Portuguesa.
- c) Desdoblamento do Corredor do Morrazo.

No que **atinxe á mobilidade**, levaráanse a cabo actuacións para:

- a) Mellorar a interconexión dos aeroportos de Galicia coas restantes redes de transporte, adaptar as infraestruturas e os servizos á demanda, e fomentar a mellora dos servizos aéreos.
- b) Crear o ente ferroviario e reestruturar os servizos ferroviarios dentro da Comunidade Autónoma para adaptalos á demanda, así como continuar cos estudos para implantar os metros lixeiros nas cidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.
- c) Rematar a implantación do Transporte Metropolitano de Galicia nas sete grandes áreas de aglomeración urbana, incluíndo, ademais da implantación da tarifa única e a despenalización dos transbordos, un sistema integral de información en tempo real dos servizos prestados, así como a mellora das infraestruturas asociadas.
- d) Rematar e aprobar o Plan Director de Mobilidade Alternativa e poñer en marcha as súas propostas.
- e) Mellorar a intermodalidade do transporte, aprobando o Plan de Aparcamentos Disuasorios; promover a creación de intercambiadores dos modos de transporte e plataformas reservadas para o transporte de viaxeiros nas cidades e nas vilas, así como a implantación dun sistema integral de información ao usuario.
- f) Mellorar a seguridade do transporte público de mercadorías, iniciando a construción de zonas de parada para transportistas.
- g) Continuar coa inspección do transporte para controlar o cumprimento da normativa reguladora de transporte.

Obxectivo estratéxico E2OE02 – Criterio 7 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
531A PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	8.143.021
741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	93.220.265
741B FOMENTO DO INVESTIMENTO EN CAPITAL HUMANO	2.583.178

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Secretaría Xeral e as Direccións Xerais de Comercio e Industria, Enerxía e Minas e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) da Consellería de Economía e Industria. Tamén participa a DX de Innovación e Industrias Agrarias da Consellería de Medio Rural.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/43 Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco	24.575.801
M05/47 Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foraneos a través dunha política de diversificación xeográfica e sectorial, formación de recursos humanos, cooperación empresarial e de visualizac	3.189.000
M06/48 Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca Made in Galicia	400.000
M07/49 Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos	8.143.021
M99/50 Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	67.638.642

A medida que recolle as melloras das condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento desenvólvea, fundamentalmente, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) xunto a Sociedade Xestora de entidades de capital-risco SA (XESGALICIA) e SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. Trátase da xestión dos seguintes fondos, que se clasifican segundo a tipoloxía das empresas obxecto de investimento, dos seus proxectos investidores así como da súa situación financeira:

- EMPRENDE, F.C.R.: financiamento para empresas de nova creación, ou aquelas que acometan actividades novedosas e/ou apliquen novas tecnoloxías.
- ADIANTE 2000, F.C.R.: para empresas existentes, necesitadas de apoio financeiro e de xestión.
- XES-INNOVA, F.C.R. (reformulación do anterior SEMENTE 2007, F.C.R.): Financiamento de proxectos emprendedores e proxectos de desenvolvemento tecnolóxico vencellados cos sectores da biotecnoloxía, telecomunicacións, enerxías renovables e medio ambiente.
- XES IMPULSA FERROL 10, F.C.R. (reformulación do anterior FERROL INICIATIVAS EMPERSARIALES, F.C.R.): Financiamento da posta en marcha de iniciativas empresariais na comarca de Ferrolterra.
- XES-POSIBILITA 10, F.C.R. (fondo de nova creación): Financiamento de proxectos empresariais levados a cabo por persoas con discapacidade.

As actuacións do Instituto galego de Promoción Económica (IGAPE) estrutúranse en sete eixes de actuación, dos que se destacan aquí catro deles por teren maior influencia na consecución deste obxectivo estratéxico:

Eixe 1 Emprendedores: Comprende un conxunto de accións cun dobre enfoque: fomento do espírito emprendedor (accións de sensibilización, difusión e formación), entre as que destaca a celebración do Día Galego do Emprendedor e o Portal do emprendedor para o fomento de redes de investidores e mellora do acceso ao crédito para a implantación de novos proxectos empresariais e de creación de empresas. Neste caso se inclúen servizos gratuítos de formación e acompañamento a potenciais emprendedores, xunto ao apoio financeiro (convenios con axentes financeiros, subvencións e préstamos directos do IGAPE, achegas a fondos de capital risco e convenios de microcréditos, entre outros) nos que tamén participa a sociedade anónima participada maioritariamente polo IGAPE, BIC Galicia.

Eixe 2 Investimento empresarial: Está orientado á prestación de apoios para facilitar a implantación dos proxectos empresariais de maior impacto no tecido produtivo e na xeración de emprego de calidade en Galicia. Así, ademais de manter as liñas de incentivos económicos en forma de axudas a fondo perdido a proxectos de investimento empresarial, en 2011 o IGAPE ten previsto manter ou incrementar outras ferramentas de apoio para o financiamento empresarial, en particular os investimentos nas entidades de capital risco (SODIGA e o Fondo de Capital Risco Adiante) e a concesión de préstamos directos a empresas mediante a cooperación co Banco Europeo de Inversións (BEI). A concesión de avais, mais o impulso a liñas de financiamento de circulante e de reestruturación de pasivos complementan a batería de medidas neste ámbito. Estas medidas complementáanse coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía, a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de reindustrialización do Ministerio de Industria que acompañarán as actuacións do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Nesta liña, contéplanse nas bases reguladoras das axudas, incentivos adicionais para os proxectos de investimento empresarial destinados aos concellos incluídos nos plans territoriais.

Eixe 3 Internacionalización: Este eixe contempla axudas destinadas á promoción exterior de bens, servizos e investimentos, a iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior. Ademais inclúense neste eixe os centros de promoción de negocios do IGAPE no exterior e as accións para atracción e retención de investimentos estranxeiros, incorporando accións específicas para a fidelización de novos investimentos.

Eixe 4 Mellora da competitividade: Recolle principalmente subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial mediante a consultaría de procesos e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, entre outros. Entre as novas liñas pódense salientar os incentivos ás empresas galegas para

impulsar o seu acceso ao Mercado Alternativo Bursatil, facilitándolles a realización das análises e procesos previos preparatorios como unha oportunidade máis de mellorar as súas capacidades financeiras.

Estas accións complementáanse con outros incentivos económicos ao abeiro de programas coxestionados coa Administración Central (Programa Innoempresa), que acollen un elevado número de solicitudes das PEMES de innovación organizativa e tecnolóxica, e a realización de diagnósticos e plans de mellora, entre outros. Estímase que 550 resultarán beneficiadas directamente por axudas ao abeiro deste obxectivo financiadas co Fondo europeo de desenvolvemento rexional, cun investimento inducido superior aos 900 millóns de €.

No eido das actuacións de apoio aos traballadores e de fomento do espírito emprendedor e de mellora da formación, estímase que 2.350 persoas resultarán beneficiarias cunha desagregación paritaria entre homes e mulleres.

As actuacións da Consellería de Economía e Industria conducentes á consecución deste Obxectivo estratéxico, artículanse no Plan de modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produción empresarial, orientado a potenciar a innovación estratéxica fundamentalmente no ámbito das organizacións empresariais. Presenta unha serie de actuacións entre as que destacan as seguintes:

- a) Axudas para potenciar a innovación estratéxica empresarial (innovation strategic FIT), incluíndo liña de préstamos, en condicións preferentes, para a financiamento de proxectos empresariais de investimento de I+D+I e modernización tecnolóxica.
- b) Axudas para potenciar a innovación estratéxica empresarial (innovation strategic FIT), incluíndo liña de préstamos, en condicións preferentes, para a financiamento de proxectos empresariais de investimento de I+D+I e modernización tecnolóxica.
- c) Accións dirixidas a promover a posta en marcha , desenvolvemento e crecemento de Empresas de Base Tecnolóxica (EBT), especialmente aquelas que aposten por un desenvolvemento competitivo e rápido.
- d) Axudas dirixidas a mobilización, dinamización e sistematización dos procesos de innovación promovendo unha cultura empresarial proclive a innovación e ó crecemento.
- e) Desenvolvemento dun conxunto de actuacións de valorización do coñecemento que permitan desenvolver proxectos de innovación baseados en procesos de transferencia de coñecemento, impulsar a creación de novas empresas e licenciar resultados de I+D+I.
- f) Participación no Capital fundacional e no sostemento de fundacións, parques científicos e tecnolóxicos, sociedades e entidades públicas ou privadas localizados

no entorno do sistema galego de I+D+I, ligado á aceptación da implantación dun sistema de indicadores que permitan a medida dos resultados e dos seus retornos.

- g) Axudas para o financiamento de operacións que contribúan a facilitar a creación de instrumentos de enxeñería financeira para empresas, como fondos de capital risco de garantía ou de crédito (iniciativa Jeremie).
- h) Axudas á participación das empresas galegas en convocatorias e programas de financiamento de actividades de I+D+I internacionais.
- i) O convenio coa Asociación do Clúster do Sector Naval Galego (ACLUNAGA) para a certificación da calidade da industria auxiliar naval sitúase na medida de fomento de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación.

Galicia Calidade, S.A. realiza accións de promoción publicitaria da marca de garantía Galicia Calidade, e constitúese como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización das empresas galegas.

No eido do Comercio Rural Galego, continuarase coa implantación da Rede de Comercio Rural Galego, incorporando novos establecementos en 2011.

Galicia Calidade xestionará a marca de garantía "Comercio Galicia Calidade" que pretenderá a incorporación de cerca dun milleiro de establecementos. Esta marca de garantía aposta claramente pola calidade do servizo e na xestión dos establecementos comerciais, incidindo no seu compromiso social así como cos consumidores.

Tamén no tocante ao medio rural dedicaranse actuacións ao fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando o produto galego como sinónimo de produto de calidade, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico no sector agrogandeiro ou agro industria establécense as seguintes actividades:

- a) Apoio á creación de novas industrias agrarias, fomentando os investimentos que teñan un beneficio para os produtores galegos así como aqueles que teñan por obxecto a incorporación de innovacións e melloras tecnolóxicas, prioritariamente en zonas con procesos de despoboamento e zonas desfavorecidas, co obxecto de crear emprego e potenciar os sectores da industria e os servizos.
- b) Axudas ás empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- c) Axuda aos investimentos realizados por empresas de base asociativa para que reverta nos propios produtores o valor engadido que achega a transformación industrial agroalimentaria.

- d) Investimentos dirixidos á obtención de produtos ecolóxicos.
- e) Apoio aos investimentos encamiñados a unha mellora da competitividade das industrias agroalimentarias xa existentes, favorecendo a mellora da calidade, a diversificación produtiva e o valor engadido das producións, e primando a aquelas industrias que establezan contratos estables cos produtores galegos.
- f) Apoio á participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agrarios.

En 2011 estímase que se crearán 21 novas industrias e 140 empregos coas axudas para a industrialización e comercialización no eido do medio rural.

Para completar o mapa de solo industrial de Galicia, o Instituto galego de Vivenda e Solo (IGVS) e as Sociedades de Xestión Urbanística (Xestures) xunto á DX de Industria, Enerxía e minas, executarán as actuacións articuladas en torno ao Plan de Solo empresarial 2009-2015, para o impulso e a creación de solo produtivo. Desenvolveranse polígonos públicos onde exista unha maior demanda e necesidade de solo, polo que continuarase coa labor de estudar e analizar instrumentos de ordenación do territorio para a localización de novos solos produtivos, así como a súa divulgación ou achegamento á cidadanía dos que estean dispoñibles

Obxectivo estratéxico E2OE03 – Criterio 8 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	18.813.193
432C FOMENTO DO AUDIOVISUAL	1.468.509
513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	10.383.923
514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	5.290.795
551B ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	93.269.992
711A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	34.005.984
712B MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	77.653.506
712C FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	2.344.906
713A MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS	2.167.896
713B ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓNS FORESTAIS	51.197.492
713C IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	6.320.349
713D MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA	9.935.552
713E BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	53.787.238
713F REGULACIÓNS DAS PRODUCCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	55.055.490
721A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	15.098.418
722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	3.645.493
723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	98.973.768
723B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E DOS MERCADOS DA PESCA	11.986.775
731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	8.269.002
732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	9.111.665
741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	25.411.986
741F APOIO Á ARTESANÍA	1.659.000
751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	20.983.174
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	52.591.470

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría xeral de medios da Presidencia da Xunta, a Secretaría xeral e as Direccións Xerais de Investigación, desenvolvemento e innovación, Comercio e Industria, enerxía e minas da Consellería de Economía e industria, e o Instituto galego de promoción económica (IGAPE) desa consellería e a Secretaría xeral e Secretaría de Turismo, da Consellería de Cultura. Tamén interveñen no eido dos sectores estratéxicos dos sectores agro-industria, gandeiro, forestal, acuícola e pesqueiro, as Consellerías de medio Rural e do Mar, a través da totalidade dos seus centros directivos, agás a DX de Conservación da Natureza, isto é: a Secretaría xeral e as Direccións xerais de Producción Agropecuaria, de Desenvolvemento Rural da que depende a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, a de Montes e o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).

Na Consellería do mar participan nas medias encamiñadas ao logro deste obxectivo estratéxico, a Secretaría Xeral e as Direccións xerais de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños e a de Desenvolvemento Pesqueiro.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/51 Impulso ou creación dos novos clústers nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que por as súas vantaxes competitivas teñen expectativas de crecemento	22.581.986
M02/52 Consolidar un centro de homologación do automóbil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes	2.830.000
M06/56 Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio	19.997.311
M07/57 Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente	96.541.965
M08/58 Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e	7.675.549
M09/59 Estruturación do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal	684.358
M10/60 Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica	70.459.118
M11/61 Consolidar un sector galego do audiovisual	1.468.509
M12/62 Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura	14.000.000
M13/63 Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia	15.674.718
M14/64 Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe	42.441.861
M15/65 Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade	43.560.512
M17/67 Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia	48.381.620
M19/69 Promoción de Galicia como destino de turismo cultural	18.813.193
M20/70 Mellorar os polígonos industriais	1.000.000
M21/71 Mellorar a seguridade industrial	791.640
M22/72 Dinamizar o sector artesanal	1.659.000
M99/73 Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	260.864.236

Coa finalidade de potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas decántase por dar un pulo importante ás asociacións e clústers de interese empresarial na Comunidade Autónoma, e incrementar as actuacións para a promoción e difusión da excelencia empresarial cara a súa internacionalización. Entre as actuacións máis destacadas figuran:

Achegas a asociacións e clústers de interese empresarial para a Comunidade Autónoma, tanto en gastos correntes como de capital. Sinálanse a continuación os clústers galegos de maior relevancia: Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), Clúster do Sector Naval Galego (ACLUNAGA), Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), Clúster de Acuicultura de Galicia (CETGA), Cluster do audiovisual Galego (CLAG), Cluster de Biotecnoloxía de Galicia, Cluster do sector TIC en Galicia (INEO), Cluster do Produto Gráfico e do libro galego, Cluster das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de Galicia, e Clúster Alimentario de Galicia.

Na medida de Consolidar un centro de homologación do automóbil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes, sinalar ao respecto que o orzamento do 2011 recolle unha partida expresiva do convenio co Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), para a realización do proxecto piloto de creación de sete estacións multifuncionais de electromobidade.

Outras actuacións: Actuacións para a certificación da calidade da industria auxiliar naval, Achegas ao fondo de garantía patrimonial dos estaleiros galegos, para facilitar o seu acceso ao financiamento das súas actividades, e actuacións para a implantación da metroloxía legal.

No eido de fomentar a dinamización e innovación do comercio galego, a Consellería de Economía e Industria , presenta as seguintes liñas de acción:

- a) En Comercio Interior: Aplicación dun plan de dinamización do comercio de venda polo miúdo de Galicia “Plan Ágora agora Re-comercia 2010-2013”.
- b) En Comercio exterior, desenvolver planes e proxectos para incrementar a internacionalización da empresa galega, e acadar a formación adecuada en materia de comercio exterior.

As actuacións no sector agrogandeiro, son as seguintes:

- a) Fomento do dimensionamento cooperativo e do asociacionismo agrario
- b) Mantemento dos niveis sanitarios das explotacións gandeiras e controlar a calidade e a seguridade das producións.
- c) Xestión dos seguros agrarios
- d) Fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.
- e) Actuacións dirixidas á mellora da formación, á investigación agraria e a innovación tecnolóxica, como base para a diversificación e o aumento da eficiencia e calidade dos sistemas da produción nos sectores agrario, gandeiro e forestal.
- f) Dentro dun plan de fomento da produción forestal, estableceranse medidas para a mellora e o aumento da produción dos materiais forestais de reprodución; para o control e seguimento do estado de saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais; para a consolidación de masas de alta produtividade forestal; para o fomento da aplicación de modelos silvícolas dirixidos á obtención de madeira de serra en quendas máis longas; para a consolidación e expansión de rexenerados naturais de frondosas; e para a recuperación do potencial forestal afectado. Ademais do aproveitamento madeireiro, fomentaranse as producións alternativas do monte, como o aproveitamento enerxético da biomasa forestal, o fomento da produción de castañas, cogomelos e outros froitos do monte, así como a creación de áreas silvopastoris. Tamén se impulsará a creación e mellora de empresas de aproveitamentos forestais e o fomento da certificación forestal.
- g) Prevención e defensa contra os incendios forestais: Para a redución do número de lumes, estableceranse os plans de investigación policial e forestal, co fin de definir as zonas e os riscos e desenvolver as campañas, actuando en dous niveis:
Prevención: potenciaranse as infraestruturas defensivas
Extinción: aplicaranse as últimas tecnoloxías en materia de defensa contra os

incendios, cos sistemas de detección e avaliación de incendios dende medios aéreos, a utilización de sistemas dixitais de radiocomunicación e a incorporación de modelos de predición do comportamento do lume.

- h) Recuperación e incremento da superficie agraria útil (SAU) e a mobilización das superficies agrarias infrautilizadas, en estado de abandono.
- i) Apoio ás rendas dos agricultores e agricultoras. A través da xestión das axudas directas da PAC e a súa mellora para garantir o pagamento dos incentivos económicos de apoio directo ao sector, mellorando a xestión dos dereitos de axuda.
- j) Aplicación de programas de apoio a iniciativas de desenvolvemento rural, executados directamente por Agader: entre as que se sinala a convocatoria de axudas a proxectos a desenvolver nas áreas rurais de Galiza e implementación das novas medidas do programa de desenvolvemento rural 2007-2013, para o financiamento dos proxectos dos grupos de desenvolvemento rural.
- k) Xestión do potencial vitícola: aplicación da reforma da OCM vitivinícola e o do Programa de Apoio ao sector.
- l) Políticas dirixidas ás mulleres rurais: O papel das mulleres seguirase potenciando como protagonistas do tecido produtivo e social galego, á redución das desigualdades e a facilitación e a plena integración das mulleres en todas as actuacións de desenvolvemento rural mellorando a súa situación e o seu contorno social, laboral e económico.
- m) Accións para fomentar o uso de superficies de Montes Veciñais en Man Común. As actuacións da Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia, BANTEGAL, terán como finalidade facilitar e continuar coas actividades que permitan o redimensionamento das explotacións agrarias, a xestión da incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia para o seu arrendamento a explotacións agrogandeiras existentes ou de nova creación, así como velar pola conservación do seu contorno ecolóxico e integridade patrimonial, a mellora da planificación e actuacións tendentes a identificar, a superficie agraria apta para as explotacións agrogandeiras, e o fomento dos sistemas agrarios sustentables, compatíbeis co entorno e produtores de alimentos sans e de calidade co mínimo impacto no medio ambiente
- n) Apoiaranse as Agrupacións de Agricultura Ecolóxica .
- o) Potenciación das producións complementarias e/ou alternativas é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias.
- p) Medidas e liñas de actuación que se dirixan cara a modernización e dimensionamento dunha industria da primeira transformación de madeira e en especial o sector do aserrío.
- q) Protección dos produtos de calidade a través de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, e doutras figuras de protección da calidade
- r) Incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axen-

tes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións, co obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, aves, sector apícola e visóns.

- s) Pagamento único por explotación como axuda dissociada á renda de cada explotación e, por tanto, facendo depender o pagamento íntegro ao respecto dos requisitos básicos en materia de medio ambiente, seguridade alimentaria, saúde e benestar dos animais, así como do mantemento da explotación en boas condicións agrarias e medioambientais.

No eido do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola e tamén da cadea mar - industria e da sociedade costeira de Galicia, levaranse a cabo as actuacións conducentes á consecución e mantemento dunha actividade pesqueira, marisqueira e acuícola que sexa social, económica e ambientalmente sostible, para o que se deben dispor as ferramentas normativas, administrativas e financeiras axeitadas e especialmente dedicadas. As liñas de actuación terán como finalidade:

- a) A xestión eficaz e eficiente dos fondos económicos, especialmente dos comunitarios.
- b) A xestión responsable e sostible dos caladoiros e da nosa costa.
- c) O desenvolvemento da acuicultura no noso litoral en harmonía co medio ambiente.
- d) Recuperación do medio mariño e de zonas aptas para a reprodución dos moluscos bivalvos.
- e) A mellora dos rendementos do sector do marisqueo e da acuicultura.
- f) A potenciación das industrias de transformación e comercialización e da súa integración como parte fundamental da estrutura de continuidade social e económica do eido marítimo - pesqueiro.
- g) A consolidación e adecuación dun necesario sistema de aseguramento da actividade marítimo-pesqueira e dos profesionais que nela desenvolven a súa actividade. En especial:
 - h) O aseguramento de accidentes marítimos para todos os mariñeiros galegos en calquera parte do mundo e dos tripulantes de buques con porto base en Galicia.
 - i) A formación en seguranza marítima.
 - j) As axudas sociais ás mariscadoras/es.
- k) O desenvolvemento das zonas costeiras, con especial atención a diversificación das actividades e á complementación económica das actividades marítimo - pesqueiras.
- l) O desenvolvemento e consolidación dun sistema de coñecementos aplicados ao mundo do mar que permitan avanzar nos obxectivos de sostibilidade enunciados. En especial:

- m) A investigación mariña aplicada ao eido ambiental
- n) A determinación de novas liñas de investigación nos campos sociais da actividade, con dedicada atención aos aspectos normativos e políticos do eido europeo e mundial.
- o) A cooperación pesqueira con terceiros países.
- p) Elaboración dunha liña de xestión dos portos conforme a unha progresiva especialización dos mesmos, con proxectos individualizados para cada un, atendendo ás súas necesidades específicas.
- q) O desenvolvemento dunha liña de mellora da operatividade e eficacia e da eficiencia dos fondos destinados ás funcións de loita contra a contaminación e seguridade da vida humana no mar, para o cal se atenderá:
- r) A dotación de medios para a loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.
- s) As medidas para mellorar a loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.
- t) A dotación de medios para a inspección pesqueira.
- u) As medidas para mellorar a inspección pesqueira.
- v) As actuacións referidas concrétnanse na adopción das seguintes medidas:
- w) Desenvolvemento do plan acuícola con especial énfase no tinxinte aos empra-
zamentos e á súa adecuación ambiental, social e ambiental.
- x) Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector.
- y) Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros.
- z) Actuacións de recuperación das zonas improdutivas.
- aa) Formación dos traballadores do sector.
- ab) Mellora da comercialización dos produtos da pesca.
- ac) Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.
- ad) Potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e moder-
nizando a súa tecnoloxía.
- ae) Medidas tendentes a procurar a mellora da calidade dos produtos así como a dos
procesos da súa elaboración.
- af) Adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas de-
mandas sociais, económicas e técnicas.
- ag) Reforzamento das liñas de investigación e iniciación de novos proxectos.
- ah) Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías
de pescadores.
- ai) Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios.
- aj) Axudas para o acceso das mariscadoras á pensión de xubilación.

ak) Axudas aos seguros da produción.

○ Ente público Portos de Galicia levará a cabo a coordinación do sistema portuario galego para responder ás políticas internacionais de fomento de intermodalidade no transporte, autoestradas do mar e transporte marítimo de curta distancia facilitando, ademais, a relación dos clientes coa administración portuaria e a mellora e modernización dos servizos portuarios prestados nos nosos portos e a adecuación ás normas de seguridade e prevención, respectando a calidade ambiental do ámbito onde se sitúan.

As liñas de actuación atenden aso catro ámbitos seguintes: crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i, nas que o denominador común o constitúe a "ecoeficiencia", é dicir, crear máis valor con menos impacto que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural, incrementar os produtos e/ou servizos de valor e a implantación dun sistema de xestión ambiental.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendido como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase en potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementaridades ao tempo que se procura unha relativa especialización, favorecer a interrelación porto-cidade.

Dentro da liña estratéxica de sostibilidade, actuarase en estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental, asegurar o máximo respecto ao medio, interpretar e adecuar a influencia do cambio climático nos condicionantes de deseño das infraestruturas portuarias, adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental, e incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como a seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en fomentar a comunicación entre a Administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...), na mellora na modernización dos servizos prestados nos portos, xestión áxil e eficaz das actividades portuarias e amplo desenvolvemento das TIC e aplicación da Administración Electrónica.

Dentro da liña estratéxica de I+D+i, actuarase en avanzar nunha mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa xeración de coñecemento e crear un clima favorable para a innovación en materias vinculadas á economía, loxística, enxeñaría e outras actividades relacionadas cos portos. A finalidade é a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, que permita desenvolver as súas complementaridades ao tempo que se xera unha relativa especialización destes, adecuándoos á rede xeral do sistema de transporte.

○ Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR),

ten como obxectivo xeral desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Entre as actuacións de mellora da competitividade e da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, figura a de proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, a través do coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas. Inclúense medidas para a recuperación da capacidade produtiva de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven mermada a súa produción.

As accións encadradas na regulación das producións e dos mercados da pesca son as seguintes:

- a) Busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade.
- b) Fomentar o consumo de produtos pesqueiros nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros.
- c) Potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados "grupos de acción costeira", que permitirán a participación de todos os axentes sociais das áreas que se definan na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.
- d) Posta en marcha dun seguro de mal tempo co obxectivo de incentivar o aseguramento no sector para garantir ingresos aos profesionais do mar en situacións climatolóxicas adversas.

En materia de Turismo, as actuacións que leva a cabo a SX de Turismo e a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA), tenden á posta en valor dos recursos de interese turístico así como mellora dos servizos existentes. Levan á consolidación dunha oferta turística de calidade que sirva de base para levar a cabo actuacións de promoción do destino Galicia en termos de excelencia. Son as seguintes:

- a) Promoción, potenciación e difusión do sector turístico en Galicia. Para Galicia o turismo é un dos seus principais recursos económicos en termos de Produto Interior Bruto e de poboación ocupada dedicada a este subsector económico.

- b) Accións para a mellora da cualificación dos profesionáis do sector a través de actividades de formación.
- c) Planificación dos recursos turísticos da Comunidade Autónoma.
- d) O posicionamento de Galicia como destino turístico de prestixio, con imaxe de marca forte, definida e recoñecida.
- e) O desenvolvemento da nova imaxe turística de Galicia e da oferta de novos produtos turísticos, que contribúan á desestacionalización e ao incremento do nivel de gasto medio dos visitantes.
- f) A mellora da rede de albergues e a promoción do Camiño de Santiago no ámbito galego, estatal e internacional.

No que atinxe á dinamización do sector artesanal galego, establécense as seguintes actuacións:

- a) Mellora nas técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.
- b) Fomento e promoción da identidade corporativa asociada á marca “artesanía de Galicia”.
- c) Contribuír a construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.
- d) Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.
- e) Mellora da comercialización dos produtos artesanais.
- f) Fomento da marca “Artesanía de Galicia”.
- g) Axudas aos talleres artesanais e asociacións profesionais de artesáns para facer un sector máis competitivo e dinámico.

Obxectivo estratéxico E2OE04 – Criterio 9 Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	32.985.479
322A FOMENTO DA EMPREGABILIDADE	101.010.625
322B INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL	14.350.779
322C FOMENTO DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	65.409.819
323A FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	79.357.661
323B MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO	33.246.372
324A MELLORA DA ORGANIZ. E ADM. DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL	17.431.312
324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	10.684.294

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Consellería de Traballo e Benestar a través dos centros directivos da área de traballo: a Secretaría xeral, as Direccións xerais de Relacións laborais, de Promoción do emprego e de Formación e colocación, xunto ao Instituto galego de seguridade e saúde

laboral e, no eido da seguridade no traballo dos empregados públicos a Consellería de Presidencia e administración pública a través da súa Secretaría xeral.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/74 Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos	167.870.788
M02/75 Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxéticamente eficiente	7.259.436
M03/76 Promover a difusión do canle Emprego Galicia	10.211.715
M04/77 Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais	3.022.924
M05/78 Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social	4.943.321
M06/79 Impulsar a ocupación a través do fomento do espírito emprendedor	26.071.600
M07/80 Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos	20.489.436
M08/81 Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento)	11.440.000
M09/82 Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral	7.498.061
M99/83 Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	95.669.060

Coa finalidade de favorecer a redución da taxa de desemprego na Comunidade Autónoma e para contribuír á mellora das posibilidades de colocación dos desempregados, o programa 322A, "Fomento da Empregabilidade", está constituído por todas aquelas medidas activas de emprego, encadradas no Plan Autonómico de Emprego 2010-2013, que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas no mercado de traballo, por conta propia o allea, e a adaptación da formación y recalificación para o emprego dos traballadores e traballadoras, así como aquelas outras destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos seus primeiros momentos da súa andaina.

Dentro do marco normativo xeral constituído pola Estratexia Europea para o Emprego, e o Plan Nacional de Reformas, destácanse as medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral: os que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, os mozos, as mulleres, os parados de longa duración, os demandantes de primeiro emprego, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social.

Desenvolvemento do II Plan Galego de Formación Profesional para conquistar a integración dos sistemas de Formación Profesional e o de Cualificacións e acadar os niveis de cualificación profesional que precisa o mercado laboral na nosa comunidade.

Avanzar na investigación e desenvolvemento das cualificacións e da formación asociada, especialmente a formación para o emprego: Os novos certificados de profesionalidade, a través do Instituto Galego de Cualificacións, en colaboración coas demais administracións estatais e autonómicas e os axentes sociais.

Completar a rede de centros integrados de formación, de acordo co establecido no II Plan Galego de Formación Profesional.

Potenciar as accións formativas de carácter complementario, experimental e innovador, no ámbito da formación profesional para o emprego, a formación a distancia, telemática, normativización lingüística, formación ambiental e de alfabetización en internet.

Consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, coordinando e adaptando o seu funcionamento ao sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.

Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros colaboradores e demais actores do mercado laboral, de xeito que todos os demandantes de emprego poidan ser, dun xeito eficiente, atendidos de maneira personalizada en igualdade de condicións.

Potenciar a mobilidade de demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employment Services).

Desenvolver accións de observación e de prospección que proporcionen información sobre a evolución do mercado de traballo en Galicia, ocupacións e perfís profesionais, co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a de a oferta de formación para o emprego.

As grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2011 van ser as seguintes:

- a) Xestión das políticas activas de emprego no ámbito da colaboración entre administracións e os axentes sociais.
- b) Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos programas de formación e colocación, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.
- c) Modernización do Servizo Público de Emprego, co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para os demandantes de emprego como para os empresarios.
- d) Potenciar a formación profesional para o emprego como instrumento dos demandantes de emprego para a súa inserción laboral, adaptándoa ás necesidades existentes no mercado de traballo.
- e) Consolidar a formación profesional para o emprego dos traballadores ocupados, con plans de formación sectoriais, intersectoriais, de autónomos, de economía social e accións complementarias, como elemento fundamental para a mellora da capacitación profesional e a reciclaxe dos traballadores da Comunidade Autónoma.

ma de Galicia.

- f) Implantar os novos certificados de profesionalidade, garantindo o cumprimento dos novos requisitos, especialmente os de acceso dos alumnos, mediante a convocatoria de probas de competencias clave, e a programación da formación asociada ás mesmas.
- g) Desenvolvemento dunha política integral de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, a avaliación e acreditación de competencias, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza.
- h) Dar un novo impulso ao funcionamento das comisións sectoriais, reformulando e delimitando prioridades de actuación, así como unificar metodoloxías e instrumentos de traballo para todas as comisións sectoriais que permitan consolidar os resultados en informes comúns. Con este fin constituirase un gabinete técnico como órgano de apoio ás Comisións Sectoriais.
- i) Promover a constitución e posta en marcha das últimas sete Comisións Sectoriais de Cualificación e Formación Profesional e de Comisións de Estándares Profesionais acordadas no Consello Galego de Formación Profesional.
- j) Promover estudos de diagnose e caracterización do mercado laboral en Galicia co fin de ter perspectivas tanto cuantitativas como cualitativas da evolución da demanda, da oferta e da contratación das profesións no mercado de traballo galego .
- k) Participar de xeito activo na elaboración de novas cualificacións profesionais e de novos certificados de profesionalidade do Catálogo Nacional.
- l) Avanzar na posta en relación das cualificacións e da formación para o emprego cos sectores productivos.
- m) Impulsar o labor da Fundación Galega da Formación para o Traballo como instrumento necesario para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.
- n) Crear un rexistro de Centros inscritos e/ou acreditados para a impartición da Formación para o emprego.

No eido de promover a difusión do Canle emprego e coa finalidade de contribuír á redución da taxa de desemprego, realizaranse programas de orientación laboral e programas integrados de emprego, e outras accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego, fomentando a participación activa e a mobilidade para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral de mozos, mulleres e outros colectivos.

No eido da prevención dos riscos laborais, a través do Instituto Galego de Seguridade

e Saúde Laboral (ISSGA) e a Dirección Xeral de Relacións Laborais, teñen como meta promover a mellora das condicións de traballo para eliminar ou reducir en orixe os riscos inherentes ao traballo.

No ámbito da promoción e creación de empresas de economía social, trátase de promover e fomentar o cooperativismo mediante o desenvolvemento das actuacións previstas nos programas operativos do Plan estratéxico para o cooperativismo, como forma de contribuír ao desenvolvemento da política económica e social da comunidade autónoma, así como contribuír á mellora da produtividade e competitividade da nosa economía, e incentivar a creación de emprego a través de empresas de economía social, así como a creación e desenvolvemento de cooperativas.

A importancia do cooperativismo e a economía social para a vertebración e desenvolvemento de amplos sectores produtivos, as súas potencialidades dinamizadoras no ámbito local e particularmente no ámbito da creación de emprego de calidade, fan necesario fomentar e promover a creación e consolidación deste tipo de empresas, potenciando os seus valores que apostan simultaneamente pola creación de riqueza e pola cohesión e benestar social.

Polo que respecta ao impulso da ocupación dos colectivos máis desfavorecidos, estableceranse medidas para cada colectivo con maiores dificultades de inserción laboral.

Posta en marcha de políticas activas de emprego vinculadas ás grandes áreas urbanas, así como na Galicia non urbana en colaboración coas outras institucións constituídas como son os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs) e os Grupos de Acción Costeira (GACs). As directrices da Estratexia Europea de Emprego poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos xacementos de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego. Consecuentemente con estas previsións, a Xunta de Galicia impulsará os Programas de Cooperación especialmente, con entidades locais, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, das persoas traballadoras desempregadas que participen nos mesmos, co obxectivo final de acadar un contorno local propicio á creación de emprego e de potenciar o papel das entidades locais como motoras da creación de emprego.

A Administración galega é consciente da necesidade de mellorar un dos aspectos máis deficitarios do ámbito económico e laboral galego: a innovación, como elemento clave na mellora da competitividade. A Consellería de Traballo e Benestar deseñará programas de apoio para aproveitar as vantaxes da tecnoloxía e do desenvolvemento da sociedade do coñecemento; estes programas centraranse fundamentalmente na concienciación e sensibilización empresarial, na implantación das tecnoloxías da información e a


comunicación nas empresas, co obxectivo último de crear emprego.

No que atinxe á mellora das relacións laborais, potenciarase a mellora da política laboral a través de accións de apoio a empresas en crise ou en procesos de reestruturación non suxeitas a plans de reconversión e aos traballadores afectados por plans de reconversión aprobados, e apoio ás actividades e fomento da participación institucional das organizacións sindicais e empresariais nos órganos da Comunidade Autónoma e fomentar a negociación colectiva, fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) mediante actuacións de apoio, divulgación e mantemento do Observatorio Permanente da Responsabilidade Social Empresarial e do Portal Web.

III.3.3. Eixe 3 - Economía do Coñecemento

Este eixe distribúe as achegas destinando un 59% dos recursos van destinados á modernización e promoción das TIC e o 49% restante o absorbe a política a favor da Investigación e desenvolvemento da innovación.

Orzamento de gasto 2011. Eixe 3. Distribución por obxectivos estratéxico



Fonte: Consellería de Facenda

Obxectivo estratéxico E3OE01 – Criterio 10 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	6.256.922
561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	63.487.531
561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	48.736.710
561C INVESTIGACIÓN SANITARIA	2.071.225

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais e a Dirección Xeral de Montes por parte da Consellería de Medio Rural, a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e o SERGAS.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/84 Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais	54.993.632
M02/85 Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas	7.198.968
M03/86 Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial	43.239.977
M06/89 Potenciar a investigación no ámbito sanitario	1.684.000
M99/90 Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	13.435.811

No ámbito da investigación no eido educativo e da universidade recóllense actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación de infraestruturas, priorizando aqueles que teñan como finalidade o apoio á implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior, a mellora das infraestruturas dos diferentes campus e colaboración na súa adaptación ás necesidades derivadas do EEES, o apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación e financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese, master oficiais que melloren a calidade da oferta académica do sistema universitario galego, apoio para a inserción laboral dos titulados e mobilidade dos estudantes do SUG.

Para o ano 2011 este obxectivo estratéxico centrarase no apoio ás institucións e grupos universitarios que desenvolvan as liñas de investigación estratéxicas propias da comunidade autónoma. Tamén incluírá liñas de actuación sobre infraestruturas de apoio á investigación como bibliotecas, unidades de transferencia de resultados, etc

A maioría das actuacións deste obxectivo levaranse a cabo a través do Plan Galego de Innovación 2011-2015. Dito plan está orientado a conseguir o crecemento e a competitividade das empresas galegas a través de estratexias e programas de innovación eficientes. As súas políticas oriéntanse cara as organizacións empresariais e outros axentes do sistema galego de I+D+I, que consisten en:

- a) Desenvolvemento de políticas públicas que faciliten a eficiencia en resultados do sistema galego de innovación a través dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
- b) Desenvolvemento de políticas públicas para a xestión de talento que permita incrementar o rendemento innovador das empresas e do conxunto do sistema galego de innovación.
- c) Desenvolvemento de políticas públicas orientadas a valorización do coñecemento desenvolto nos diferentes axentes do sistema galego de creación de coñecemento (empresa, universidades, e centros de investigación de Galicia)
- d) Liderar as políticas de innovación dentro das administracións galegas.

As actuacións, distribúense en dous subprogramas, o Subprograma de Investigación, Innovación e Crecemento Empresarial, Subprograma de valorización, Subprograma de apoio financeiro, e Subprograma de xestión do talento.

Para o 2011 estímase que se levarán a cabo aproximadamente uns 140 proxectos de I+D+i, nos que o persoal asociado será de 242 persoas das que 147 son mulleres.

Este obxectivo inclúe tamén o desenvolvemento de actividades de I+ D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural. En materia de investigación é obxectivo prioritario a execución de proxectos de investigación aplicada integrados no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e nos plans estatais e internacionais correspondentes. Con este obxectivo dáse apoio aos centros tecnolóxicos e de investigación do sector mediante a dotación de recursos para a creación de infraestruturas de servizos tecnolóxicos, así como de preparación de persoal cualificado para traballar neste tipo de actividades.

O INGACAL ten como actuacións a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario galego, pretende actuar de dinamizador, colaborando coa industria agraria e alimentaria, promovendo e participando directamente en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico neste ámbito así como no eido dos procesos produtivos primarios, e integrando as actuacións realizadas a través dos centros de investigación e estacións experimentais anexas, xunto coas do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia da actual Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, da Consellería do Medio Rural.

A este conxunto súmase as actuacións do Centro Tecnolóxico da Carne de Ourense, fundación de interese público galego, que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cármicos; Así mesmo sinalar a colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola Consellería.

No eido da investigación no sector pesqueiro e no medio mariño, xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, e o Cetmar

O ámbito da investigación sanitaria ten como finalidade xenérica o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+I en saúde do Sistema Sanitario Público cara a excelencia científica e para a mellora da saúde dos cidadáns.

Obxectivo estratéxico E3OE02 – Criterio 11 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	5.928.192
461B RADIODIFUSIÓN E TVG	107.882.471
571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	59.384.013

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: A Secretaría Xeral de Medios, a Dirección Xeral de Comunicación, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e RETEGAL da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda e a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que e van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/91 Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia	59.384.013
M04/94 Dinamización e consolidación do sector da comunicación	110.365.373
M99/96 Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	3.445.290

As actuacións deste obxectivo estratéxico levaranse a cabo a través de diferentes plans de actuación como Plan de Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e Telecomunicación e Apoio á Comunicación Social, Desenvolvemento da Rede de Telecentros de Comunicación, Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010, Plan para Normalizar o uso e o aproveitamento das TIC, na comunidade educativa.

No eido da Sociedade da Información e do Coñecemento, os obxectivos de RETEGAL (Sociedade Anónima Redes de Telecomunicación Galegas), con carácter xeral, no ano 2011 tenderán a ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operadora de servizos de radiodifusión das televisións e radios de ámbito nacional, autonómico e local con tecnoloxías dixitais e a ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o acceso á sociedade da información de todos os

habitantes de Galicia.

Con carácter máis específico, RETEGAL realizará os traballos de despregue de nodos múltiples e reasignación de canles de emisión nos Centros do Múltiples Autonómico e Centros de Homoxeneización dos Múltiples Estatais e Centros de Extensión. Continuará, igualmente, coas actuacións tanto en infraestruturas civís como en elementos de transporte iniciadas no ano 2010 no marco do Plan de Banda Larga.

Estímase que para o ano 2011 o incremento de poboación con acceso a banda larga será de 250.000 persoas

No campo da radiodifusión e a televisión, unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, faise necesario seguir ampliando as infraestruturas e redes de difusión de radio e televisión, co despregue de novos múltiples e o cambio de frecuencias. As comunidades autónomas están obrigadas a realizar modificacións nos centros de radiodifusión que dependen delas, o que supón un investimento en equipamento de transmisores para os novos múltiples e novos investimentos no reaxuste e acondicionamento dos equipos aos novos canais radioeléctricos debido ao cambio de frecuencias.

Polo tanto outras das actuacións do obxectivo é a de dotar de medios económicos complementarios á CRTVG e as súas empresas, co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

Dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade da información, xorde 2014.gal Axenda Dixital de Galicia co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación, pasando dunha sociedade que utiliza as TIC a unha sociedade galega que se serve das novas tecnoloxías para xerar crecemento.

Neste programa recóllense as dotacións orzamentarias precisas para poñer en marcha actuacións efectivas que permitan acadar definitivamente a inclusión da sociedade galega no novo contexto dixital ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da administración pública.

Básicamente esas actuacións irán dirixidas á execución e desenvolvemento de distintos plans como son: o Plan de Modernización da Administración Pública; o Plan Director de Seguridade da Información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Plan Director de Telecomunicacións para o despregue da banda larga e o Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza en Galicia.

Así mesmo, tamén cabe destacar o impulso ao desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información e do fomento da aplicación das TIC polo tecido

empresarial galego.

No eido da educación o programa Fomento da Sociedade da información e do Coñecemento ten como referencia os servizos avanzados da información da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a dotación de equipos informáticos.

É, precisamente, con cargo a este programa que se materializará a adquisición de equipos para procesos de información para os centros de primaria. Facilitaráselle a estes centros mediante liñas ADSL ou outras alternativas técnicas o acceso á sociedade da información: Internet, plataforma e-learning, correo electrónico, etc.

Dentro do equipamento terá un lugar destacado a adquisición de equipos para procesos de información para os centros de ensino secundario e de réxime especial, conexións mediante liñas ADSL ou outras alternativas, facilitando así o acceso dos centros educativos á sociedade da información proporcionándolles acceso a internet, así como a bases de información temáticas, contidos educativos, plataforma de e-learning, correo electrónico, foros para alumnos e profesores e outras ferramentas colaborativas, a través do Portal Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O número de alumnos beneficiados de novo equipamento prevese que será de 20.000.

Cabe destacar o proxecto ABALAR que persegue a integración das TIC no modelo educativo galego, co fin de mellorar a súa eficiencia nun proceso de modernización, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos.

No seu conxunto, a "economía do coñecemento" identificada no plan como eixe 3, acada un lixeiro aumento dentro dos orzamentos xerais para 2011 con respecto ao ano anterior, feito significativo polo que representa de importancia que se lle confire na estratexia de desenvolvemento cara a construción dun modelo socioeconómico:

Economía do coñecemento nos orzamentos 2011


	2011	2010	Var abs	% Var.
Sociedade da información e do coñecemento	59,3	50,5	8,8	17,4
Total TIC	205	190	15	7,5
TOTAL Economía do Coñecemento	347	344	3	1,0

Fonte: Consellería de Facenda

III.3.4. Eixe 4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial

Neste eixe, o 55,5 por cento dos recursos irán destinados ao obxectivo estratéxico 2, coa finalidade de lograr un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única, no que a partida destinada ás corporacións locais de Galicia, absorbe un elevado número de recursos. O 40,4 por cento destinarase ao obxectivo 1 deste eixe, é dicir a Converter o contomo natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia. O 4,1 por cento restante diríxese ao logro da eficiencia enerxética.

Orçamento de gasto 2011. Eixe 4. Distribución por obxectivos estratéxico



Fonte: Consellería de Facenda

Obxectivo estratéxico E4OE01 – Criterio 12 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	4.119.544
541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	27.630.342
541C PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	16.398.876
541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	18.731.499
541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	4.853.960
542A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	18.293.557
542B INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO	101.859.202

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: A Secretaría Xeral, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Rural e a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/97 Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe	68.441.043
M02/98 Optimización da Xestión de Resíduos	80.105.405
M03/99 Redución dos niveis de emisión e vertido de sustancias contaminantes, especialmente dos produtos enerxéticos do carbón e gases de efecto invernadoiro	111.067
M99/100 Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	43.229.465

As actuacións deste obxectivo estratéxico realizaranse a través dos plans Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, Plan de Infraestruturas hidráulicas e traballo medioambientais 2009-2013, Plan de abastecemento de Galicia, Plan de saneamento de Galicia, Plans sectoriais de saneamento nas rías galegas, Plan de control de vertidos en Galicia-costa, Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020, Programa marco galego fronte ao cambio climático, Plan de sostibilidade de Galicia, Plan de ordenación do uso público do medio natural, Plan de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, Plan de protección e xestión dos espazos naturais protexidos e as paisaxes, Plan de recuperación da riqueza cinexética e piscícola, cumprimento da directiva 91/271.

No que respecta á Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe cabe destacar as actuacións de aproximadamente 167 actuacións en zonas de Rede Natura, para o 2011.

O fomento da agricultura multifuncional e sustentable: Os obxectivos que se perseguen son o apoio á conservación da biodiversidade, o fomento de métodos de produción compatibles coa protección do contorno e a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria. Nesta mesma medida recóllese a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

O plan de Sostibilidade de Galicia ten as seguintes actuacións:

- Orde de axudas a concellos para proxectos de educación para a sustentabilidade nos plans xerais de ordenación municipal.
- Actividades de educación para a sostibilidade.
- Actividades de promoción e fomento da sostibilidade.
- Accións de fomento das Axendas 21 Locais.

En canto ao referente ao fomento do desenvolvemento sostible, persegue a introdución de criterios de sustentabilidade Durante o ano 2011 poñeranse en marcha as seguintes accións:

- Realizarase as primeiras actuacións de posta en marcha do Programa marco de acción fronte o Cambio Climático 2010-2020, centradas nas accións de redución de emisións, adaptación ao cambio climático, investigación e observación e divulgación e formación.
- Así mesmo levaranse a cabo as actuacións necesarias para incorporar a Galicia o novo paquete europeo de enerxía e cambio climático, en particular no referente

o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

- c) Fomentarase a divulgación e formación sobre os efectos deste fenómeno global e as formas de colaboración entre os cidadáns galegos: obradoiros, páxina web, exposicións, calculadora de CO₂, documentais, etc.

No ano 2011, consolidarase a Rede de Observación Ambiental de Galicia (ROAGA) na que se potenciarán as medidas de calidade das augas, tanto continentais como mariñas costeiras e de transición, para dar resposta a Directiva Marco da Auga.

No tocante á política medioambiental no medio natural marítimo o que se pretende é evitar os danos producidos por episodios de contaminación, prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sostibilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats, e asesoramento e apoio ao sector para a definición e establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro, e a mellora dos seus mecanismos de xestión. A través das seguintes actividades:

- a) Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.
- b) Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.
- c) Control da actividade pesqueira.
- d) Mellora no control das accións ilegais na explotación dos recursos.
- e) Contribuír á seguridade da vida humana no mar, participando en tarefas de rescate e salvamento.
- f) Mantemento das dúas reservas mariñas de interese pesqueiro existente e outras figuras de preservación dos recursos mariños

Outra importante medida dentro deste obxectivo estratéxico é a optimización da xestión de residuos, para o que debe destacarse de xeito significativo o inicio da posta en marcha das medidas previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.

No tocante á xestión da auga: As infraestruturas e a xestión de abastecemento e saneamento recolle todo o relativo á construción e explotación das infraestruturas dos servizos públicos de suministro de auga potable e de recollida das augas residuais, aspectos centrais no ciclo da auga. Realizaranse, ademais, as obras hidráulicas que teñan como obxecto a mellora de marxes de ríos. O abastecemento e saneamento das augas lévase a cabo a través do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, coas seguintes liñas de actuación:

- a) Plan hidrolóxico de Galicia-Costa
- b) Plan de control de vertidos
- c) Plan Auga
- d) Plans de saneamento local das rías galegas

- e) Cumprimento da Directiva 91/271/CEE
- f) Obras de interese xeral do Estado

Obxectivo estratéxico E4OE02 - Criterio 13 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
141A ADMINISTRACIÓN LOCAL	8.631.099
451A FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	33.356.682
521A URBANISMO	31.150.208
551A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	41.703.638
712A FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	29.207.241
811B TRANSF. A ENTIDADES LOCAIS POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA C.A.	114.324.062
811C OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS	5.355.000

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/101 Creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbáns xeradoras de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente	5.102.540
M02/102 Fixación da poboación e a súa distribución máis eficiente, diminuindo a súa dispersión	17.359.836
M03/103 Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos Plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortegal	53.551.043
M04/104 Establecemento dun novo esquema de gobernanza cos concellos, introducindo fórmulas de cooperación co fin de prestar servizos máis eficientes e sostibles	5.829.792
M05/105 Reforzo e colaboración coas administracións locais, para facilitarlles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza	121.481.901
M07/107 Promover a calidade da vivenda e da rehabilitación	33.356.682
M08/108 Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma	14.961.241
M09/109 Creación do Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Galicia	2.735.624
M99/110 Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	9.349.271

As actuacións deste obxectivo realizaranse a través dos seguintes plans de actuación o Plan HURBE, o plan de Ordenación do litoral, o Plan galego de cartografía e información xeográfica, Directrices de ordenación do territorio, Plan de ampliación do parque de vivendas de promoción pública e mellora das existentes, Plan de acceso á vivenda, Plan de fomento da rehabilitación da calidade da vivenda, Plan de mellora do planeamento urba-

nístico e o Plan de modernización da Administración Pública 2010-2013.

As actuacións sobre a paisaxe son a continuación coas accións de elaboración de catálogos de paisaxe, o deseño da estratexia de promoción-formación, divulgación, sensibilización e participación social en materia de paisaxe e a participación na rede Europea para o Desenvolvemento do Convenio Europeo da Paisaxe.

As actuacións sobre a cartografía son as accións de seguimento da elaboración da Base Topográfica Armonizada de Galicia (BTG) 1:5000, correspondente a superficie a cartografiar no ano 2011, e as accións de seguimento da elaboración do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA), correspondente a superficie a cartografiar no ano 2011.

Para a fixación e a distribución máis eficiente da poboación, diminuíndo a súa dispersión, e a diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas levaranse a cabo actuacións de convocatoria de axudas para proxectos de diversificación económica e mellora da calidade de vida no medio rural, execucións directas en equipamentos que permitan achegar as novas tecnoloxías ao medio rural, o Programa Leader Galicia 2007-2013, Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014, e premios AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural.

Para a modernización do medio rural, como un dos retos máis importantes que ten Galicia, é necesario afondar na diversificación económica do medio rural, cun modelo que fixe a poboación ao territorio para o que se establecen proxectos de Plan Estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural, proxectos de Infraestrutura Rural, e mellora da estrutura das explotacións.

Para poder acadar o fomento das liñas de colaboración cos concellos en canto a dotacións e infraestruturas para a materialización das súas competencias á hora de prestar servizos á cidadanía, así como o establecemento de programas de cooperación coas entidades locais para a mellora de servizos públicos e a implantación da e-Administración no ámbito das entidades locais, realizaránse as actuacións de e-Administración coa previsión de implantalas para 2011 247 procedementos.

O novo compromiso de financiamento coas Corporacións Locais galegas ten a súa concreción coa apartación de recursos adicionais que efectúa a Xunta, mantendo a pesares da actual situación financeira as achegas do ano anterior, o que supón 10 millóns de euros extra, e que elevan a 30 millóns o financiamento adicional ás CC.LL. no que vái de lexislatura.

Entidades locais de Galicia. Novo sistema de financiamento

	2011	2010	Var. Abs.	%
FCL	103	113	-10	-9%
+ RECURSOS ADICIONAIS				
TOTAL NOVO FINANCIAMENTO	113	113	-	-

Fonte: Consellería de Facenda

A medida de promover a calidade da vivenda e da rehabilitación é desenvolta polo organismo autónomo de carácter comercial e financeiro Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o obxectivo é mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e fomentar a súa calidade.

Obxectivo estratéxico E4OE03 - Criterio 14 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	1.078.052
733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	6.162.808
733B INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS	9.824.135
734A FOMENTO DA MINARÍA	2.446.156

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e o Instituto Enerxético de Galicia da Consellería de Economía e Industria, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliacións Ambiental e a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/111 Diversificar as fontes de enerxía aumentando a produción e o consumo de enerxías renovables a partires dos grandes recursos naturais dispoñibles en Galicia tendo en conta o seu potencial e o estado das tecnoloxías alternativas en cada momento	6.062.808
M02/112 Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético	9.924.135
M04/114 Desenvolver a implementación do Plan do carbón 2006-2012	2.056.156
M05/115 Implementar o Plan estratéxico en materia de seguridade e saúde	390.000
M99/116 Soporte xeral - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	1.078.052

Para a consecución deste obxectivos realizaranse actuacións a través do Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012.

No ámbito das enerxías renovables e do aforro enerxético levaranse a cabo actuacións de estudos e traballos técnicos en materia de xeración, distribución, transporte, eficiencia e aforro da enerxía, así como no eido das enerxías renovables, desenvolvemento do I+D+I no ámbito das enerxías renovables e do aforro e da eficiencia enerxética a través de actividades realizadas directamente e en colaboración con institucións e empresas, desenvolvemento do aproveitamento da enerxía xeotérmica nos ámbitos público e privado e desenvolvemento de plantas de biogás en granxas gandeiras para a eliminación do purín, etc.

Os beneficios que se pretenden acadar con estas actuacións son o fomento das enerxías renovables que son fundamentais para conseguir diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada, en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc..

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera e contribuír coas boas prácticas á unha concienciación cidadá para evitar o despilfarro e diminuír o consumo enerxético.

No que respecta ás infraestruturas enerxéticas as actuacións a realizar son as seguintes:

- Apoiar aos concellos para o desenvolvemento de infraestruturas eléctricas que permitan o normal desenvolvemento de servizos municipais básicos.
- Soterramentos ou adecuación de trazados e instalacións eléctricas para reducir o impacto sobre a poboación, o patrimonio ou o ambiente.
- Mellorar a calidade da subministro eléctrico, a través de convenios coas empresas distribuidoras e co Ministerio de Industria.
- Colaborar coas empresas distribuidoras de GLP para instaurar instalacións de

propano nas localidades afastadas ás posibilidades de gasificación con gas natural. Estímase que se crearán ou renovarán uns 30 Km de redes de transporte de distribución de petróleo.

- e) Fomentar a distribución de gas natural para o desenvolvemento das infraestruturas de distribución que permitan a subministración canalizada a consumidores industriais e domésticos naquelas zonas que contén con potencial de desenvolvemento económico. Estímase que se crearán ou renovarán uns 40 Km de redes de transporte de distribución de gas.


○ fomento da minaría este obxectivo se concreta nos seguintes aspectos:

- a) A mellora da actividade económica das comarcas mineiras afectadas polo peche das explotacións de lignito.
- b) Investigar e desenvolver novas tecnoloxías eficaces contra riscos laborais específicos da actividade extractiva e de preparación dos produtos.
- c) Continuar co apoio ás empresas mineiras e ás súas institucións de representación, co obxecto de contribuír a mellorar a imaxe social do sector e a súa competitividade no mercado global actual.

III.3.5. Eixe 5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán

Neste eixe, o 52% dos recursos irán destinados ao obxectivo estratéxico relacionado co impulso dunha administración moderna e cercana, e o 48% restante está vinculado co reforzo institucional e financeiro de Galicia.

Orzamento de gasto 2011. Eixe 5. Distribución por obxectivos estratéxico



Fonte: Consellería de Facenda

Obxectivo estratéxico ESOE01 - Criterio 15 Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación.

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto

Programa de gasto	Importe
121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL	48.310.527
122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.926.769
122B FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.	3.346.570
123A ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN	615.000
124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA	11.948.214
131A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA	33.607.621
581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	4.567.125
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	20.208.742
612A PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA	4.973.814
621A ADMINISTRACIÓN FINANCIERA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	44.890.056

Os órganos responsables de levar a cabo actuación encamiñadas a lograr este obxectivo son: a través da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, a Secretaría Xeral, a D.X. Xustiza, e a D. X. de Avaliación e Reforma Administrativa, e a Escola galega de administración pública (EGAP); da Consellería de Facenda, a Secretaría Xera e do Patrimonio, as Direccións Xerais de Tributos, de Política Financeira e Tesouro, e Planificación e Fondos e o Instituto Galego de Estatística (IGE), xunto ao ; da Consellería de Traballo e Benestar, as Direccións Xerais de Relacións Laborais, e a de Formación e Colocación; da Consellería de Educación a Secretaría Xeral; da Consellería de Sanidade, a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación; da Consellería do Medio Rural, a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias, e da Consellería do Mar a Dirección e Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/117 Implantación dun Plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións productivas e que beneficien aos cidadáns xunto cunha execución rigorosa do orzamento	18.890.000
M02/118 Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en	2.870.175
M04/120 Optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos	1.600.697
M05/121 Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención	8.579.481
M06/122 Reforzo da administración de Xustiza, aumentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e axilizar os procesos e o tempo de resposta	20.102.809
M07/123 Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico	1.522.218
M09/125 Promover actuacións de carácter social destinadas aos traballadores	615.000
M10/126 Fomentar a transparencia na xestión dos recursos humanos da comunidade	196.000
M99/128 Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	123.018.058

Na procura da optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos á cidadanía, a Escola galega de Administración pública (EGAP) xestionará a extensión da formación ao universo de empregados públicos de Galicia (Administración Autonómica, Local, de Xustiza transferida á Comunidade Autónoma e das universidades públicas galegas), e os programas de formación continuada (incluíndo formación en materia normativa, en xestión económica, no uso das novas tecnoloxías e a capacitación lingüística).

Merecen salientarse dentro deste O.E., algunhas actuacións que non teñen contrapartida orzamentaria desde o lado do gasto por formar parte das medidas de carácter fiscal implantadas pola Comunidade Autónoma baixo a figura de deducións fiscais selectivas, e que teñen un efecto de estímulo para o comportamento das familias e empresas:

Rebaixas fiscais selectivas

Deducións IRPF

Apoio ao Autoemprego

Ampliación do ámbito de Aplicación da Deducción

**Impulso das novas sociedades e das sociedades do
Mercado alternativo Bursátil.**

Fomento do investimento e o emprego

Deducións ISD e ITPAXD

Fonte: Consellería de Facenda

Coa mesma finalidade, xurde a Axencia Tributaria de Galicia, coa misión de potenciar a capacidade de xestión e especialización da organización tributaria, dotándoa de mellores procedementos e novas tecnoloxías:

Creación da Axencia Tributaria de Galicia

**Potenciar a capacidade de xestión e a especialización
mellorando a eficacia na obtención dos recursos**

Mellora da calidade dos servizos prestados

Impulso dos Medios Electrónicos, Informáticos e Telemáticos.

Redución dos custes de cumprimento dos cidadáns.

Mellora dos Medios Humanos e Materiais sen incrementar custes.

Fonte: Consellería de Facenda

No eido **do fomento das TIC e da administración electrónica (e-administración)** traballárase de forma coordinada cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, co fin de mellorar a eficiencia pública ó través da coordnación e racionalización das actividades. Entre as dependencias da Xunta de Galicia involucradas neste obxectivo se citan o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable (CIXTEC), e Secretaría Xeral da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza levarán a cabo medidas de fomento da e-administración, desenvolvemento de aplicacións informáticas e implantación de aplicacións que veñan a facilitar as relacións cos cidadáns e co sector empresarial (Carpeta do Cidadán, Licitación Electrónica, os desenvolvementos relacionados co Rexistro de Contratistas, as novas funcionalidades incorporadas no Sistema Electrónico de Facturación e os módulos a desenvolver na Oficina Virtual Tributaria e de Perceptores). Tamén o desenvolvemento que permita novas operatividades dentro dos grandes proxectos de Xestión Integrada de Tributos (XEITO), no Sistema de Información Contable (XUMCO), a integración mecanizada dos Recursos Humanos (BREIXO) e o Sistema de Información de Nómina (NOMINA).

Elaboración e aprobación dunha normativa moderna para a regulación do parque móbil da Xunta de Galicia para culminar o proceso de adaptación do seu funcionamento ás novas demandas, introducindo elementos de xestión máis modernos, en beneficio de usuarios e condutores, e conseguindo, ao mesmo tempo, unha racionalización e redución do gasto público.

Implantación progresiva dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán primando o sistema electrónico, creando unha auténtica rede integral de información e mellorando o funcionamento administrativo e a relación de cooperación cos concellos da Galicia a través do Portelo Único.

Inicio do segundo plan de avaliación da actividade dos organismos dependentes da Xunta.

Para a **mellora da Administración de Xustiza**, as actuación da Dirección e servizos xerais de xustiza establecerán as actuacións recollidas no Plan de Infraestruturas xudiciais, no referente a actuacións de mantemento, rehabilitación, ampliación e nova construción de edificios *Continuación coas obras de nova construción ou rehabilitación seguintes: Novo edificio xudicial de Ourense, Novo edificio xudicial de Santiago, Rehabilitación dos xulgados de A Coruña, Rehabilitación dos xulgados de Ferrol, Rehabilitación e ampliación dos xulgados de Carballiño, e a redacción de proxectos e, de ser o caso, licitación das obras dos novos edificios xudiciais seguintes: Novo edificio xudicial de Pontevedra, Novo edificio xudicial de Vigo, Novo edificio xudicial de Tui, Edificio da antiga fábrica de tabacos da Coruña

A medida de creación, organización e difusión do coñecemento estatístico a xestiona o Instituto Galego de Estatística.

Nas medidas destinadas ao fomento da transparencia e de medidas de carácter social destinadas aos empregados públicos, a Dirección xeral de Función Pública levará a cabo a aprobación dunha nova lei de función pública como consecuencia das previsións contidas na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o desenvolvemento das aplicacións informáticas: de recursos humanos e da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, e o estudo dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei da función pública de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.

Obxectivo estratéxico ESOE02 -Criterio 16 Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia

O obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

Programa de gasto	Importe
111A PRESIDENCIA DA XUNTA	4.018.885
111B ACTIVIDADE LEXISLATIVA	19.645.925
111C CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO	7.570.671
111D ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	4.839.756
111E RELACIÓNS EXTERIORES	3.024.962
121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2.388.018
121C RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	260.843
131B PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	72.683.991
212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	21.582.475
331A COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	7.866.487
613A DEFENSA DA COMPETENCIA	560.146
613B ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR	6.652.298
621B IMPREVISTOS E FUNCIÓNS NON CLASIFICADAS	12.600.000

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría Xeral da Presidencia, e a Asesoría Xurídica Xeral; as unidades administrativas dependentes da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza: Secretaria Xeral, Dirección Xeral de Xustiza, Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, e a Academia Galega de Seguridade Pública; da Consellería de Facenda todas as unidades administrativas, e o Tribunal Galego Defensa da Competencia; da Consellería de Economía e Industria, a Dirección Xeral de Comercio, e o Instituto Galego de Consumo.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

Medidas	Importe
M01/129 Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia	7.212.444
M02/130 Protección civil e emerxencias, centrado na prevención de catástrofes naturais e os riscos derivados do cambio climático, que priorice a prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio	6.594.436
M03/131 Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá, en colaboración e coordinación coas restantes administracións públicas competentes	1.431.422
M04/132 Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento	8.399.115
M05/133 Impulsar a coordinación entre o Goberno galego, o Parlamento e o Estado	46.000
M07/135 Coordinación e seguimento de actuacións da Presidencia	1.472.800
M99/136 Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	138.538.240

No que atinxe á defensa dos consumidores galegos, o Instituto Galego de Consumo (IGC) ten como principais actividades a desenvolver en 2011, as de garantir os dereitos e intereses dos consumidores e usuarios, e prestación de información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitrase de consumo, e o asesoramento, financiación e cooperación tanto coas organizacións de consumidores como coas entidades locais.

A actuación do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, levará a cabo entre outras actuacións de control sobre as axudas públicas que se concedan en Galicia.

Na área de protección civil as actuacións consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección dos cidadáns fronte a situación de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestión das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito coetáneo ocorren aos cidadáns da comunidade autónoma.

Na área de seguridade as medidas consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles.

No eido da promoción da acción exterior da Xunta de Galicia, a DX de Relacións Exteriores, desenvolverá unha política de acción exterior propia, potenciando as delegacións da Xunta de Galicia para promocionar a imaxe da Comunidade Autónoma, defender os seus intereses e atender a colectividade galega no exterior cos mesmos dereitos e garantías que se estivese en territorio galego, e impulsar a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e na política internacional.

Os fondos comunitarios nos orzamentos de 2011

Galicia recibirá para o período 2007-2013 uns recursos estimados de 5.707 millóns de euros en concepto de Axuda comunitaria para cofinanciar proxectos estruturais e sectoriais do medio rural e da pesca.

Programación estimada dos Programas Operativos que se investirán en Galicia no período 2007-2013. Millóns de euros

Programas Operativos	Fondo	Xestión Xunta	Xestión AGE	Xunta + AGE	%
FEDER Galicia	FEDER	1.016,0	1.175,5	2.191,5	38,4
Economía Coñecemento	FEDER	0,0	199,9	199,9	3,5
Tecnolóxico I+D+i	FEDER	0,0	405,6	405,6	7,1
Asistencia Técnica FEDER	FEDER	0,0	7,3	7,3	0,1
FSE Galicia	FSE	358,5	0,0	358,5	6,3
Loita Contra Discriminación	FSE	0,0	30,9	30,9	0,5
Adaptabilidade e Emprego	FSE	0,0	542,6	542,6	9,5
Asistencia Técnica FSE	FSE	0,0	4,1	4,1	0,1
Cohesión / FEDER	Coh/FEDER	0,0	594,0	594,0	10,4
Cooper Territ Transfronteiriza	FEDER	28,9	25,2	54,1	0,9
Subtotal MECEGA		1.403,4	2.985,1	4.388,5	76,9
Coop Terr Transn Esp Atlántico	FEDER	5,2	0,0	5,2	0,1
Coop Terr Transn Esp Sudoeste	FEDER	3,5	0,0	3,5	0,1
Coop Terr Interr INTERREG IVC	FEDER	1,8	0,0	1,8	0,0
Subtotal Resto Coop Terr		10,5	0,0	10,5	0,2
Desenvolvemto rural Galicia	FEADER	879,8	0,0	879,8	15,4
Sector Pesca Galicia	FEP	428,6	0,0	428,6	7,5
Subtotal Sectorial		1.308,4	0,0	1.308,4	22,9
TOTAL POs		2.722,2	2.985,1	5.707,3	100,0

Fonte: DXPF

En relación coa política de cohesión comunitaria, Galicia atópase no grupo das rexións incluídas no Obxectivo "Converxencia", xunto con Andalucía, Castilla-La Mancha e Extremadura.

Os outros 2 grandes obxectivos estruturais da UE son os denominados "Competitividade Rexional e Emprego" e "Cooperación Territorial Europea".

Galicia ten asignados recursos comunitarios de cohesión a través dos Obxectivos "Converxencia" e "Cooperación Territorial Europea", por medio dos Fondos Estruturais FEDER, FSE e o Fondo de Cohesión.

No Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-2013 (MECEGA) recóllese a planificación comunitaria, así como os obxectivos e estratexias que rexerán a intervención dos Fondos Estruturais e o Fondo de Cohesión na rexión para o período

2007-2013 coa finalidade de alcanzar un maior desenvolvemento económico e social. Este Marco dá resposta ás principais necesidades estruturais da rexión nas áreas de actuación dos Fondos, tales como transporte, educación, tecido empresarial, medio ambiente, enerxías renovables, mercado laboral, igualdade de oportunidades, formación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

O MECEGA artículase en oito Eixes prioritarios de intervención en torno aos que xiran os obxectivos e actuacións de carácter estrutural. Os programas Operativos que materializan o gasto estratéxico do MECEGA que se investirá en Galicia no período 2007-2013 son dez, 4 deles cofinanciados polo FEDER, 4 polo FSE, 1 polo Fondo de Cohesión/FEDER, e 1 polo FEDER da Cooperación Territorial Transfronteiriza.

A contribución da Axuda estrutural comunitaria ao MECEGA acada 4.388 millóns de euros, dos que 1.403 serán xestionados pola Xunta de Galicia (31,98% do MECEGA) e 2.985 serán xestionados pola AGE (68,02% do MECEGA).

Entre os Programas Operativos destaca o FEDER Galicia, cunha Axuda prevista de 2.191 millóns de euros, que supón o 38,40% do total dos Fondos comunitarios; este PO é xestionado pola Xunta (46,36%) e pola AGE (53,64%). Tamén sobresaen o PO de Desenvolvemento Rural de Galicia (879 millóns de euros, 15,42% de representación respecto do total da Axuda) e o PO de Cohesión/FEDER que, cunha Axuda estimada de 594 millóns de euros para cofinanciar proxectos relacionados con transporte e o medio, representa o 10,41% do total da Axuda prevista.

Os POs de Cooperación Territorial Transnacional, Espazo Atlántico e Sudoeste Europeo, e o de Cooperación Territorial Interrexional INTERREG IV C, acadan unha Axuda prevista de 10,46 millóns de euros para o período 2007-2013.

O FEDER en Galicia centra as súas intervencións en apoiar o desenvolvemento económico sostible e integrado, a nivel rexional e local, mediante a mobilización e mellora da capacidade endóxena a través de actuacións de modernización e diversificación das estruturas económicas e a creación e preservación de emprego de calidade.

O FSE contribúe a executar os obxectivos da C.A. relativos ao reforzo da cohesión económica e social, mellorando as oportunidades de traballo, favorecendo o nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo. Por elo, atenderá ás prioridades en materia de educación e formación, ao incremento da participación das persoas economicamente inactivas no mercado de traballo, á loita contra a exclusión social, en particular de grupos desfavorecidos, tales como as persoas con discapacidade, ao fomento da igualdade entre mulleres e homes e á non discriminación.

Os recursos do PO de Desenvolvemento Rural 2007-2013 serán xestionados directamente pola Consellería do Medio Rural a través de 5 eixes estratéxicos de intervención, e representan o 15,4% do total de fondos estimados para Galicia no cómputo global.

O FEADER ten como obxectivo final a promoción dun desenvolvemento rural sostible das zonas rurais en toda a Comunidade Autónoma, co fin de garantir a viabilidade das zonas rurais en termos de sostibilidade económica, social e ambiental, que se presenta como un reto ineludible para acadar o necesario reequilibrio territorial e avanzar na fixación de poboación no medio rural.

O PO para o sector pesqueiro español FEP 2007-2013, que ten carácter plurirexional, substitúe ao Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) do período comunitario anterior. Galicia recibirá Fondos FEP para o fomento de actividades pesqueiras por un importe estimado de 428 millóns de euros, que serán xestionados directamente pola Consellería do Mar a través de 5 eixes estratéxicos de intervención, que supón o 7,5% do total da Axuda estimada para a C.A.

O FEP está concibido para servir de ferramenta de apoio á sostibilidade do sector, mediante axudas que fomentarán e acompañarán o axuste das flotas pesqueiras aos recursos dispoñibles, reforzando así mesmo o carácter ambiental na pesca e na acuicultura e proporcionando respostas axeitadas ás necesidades económicas e sociais dos traballadores.

O gasto comunitario nos orzamentos de Galicia para o Ano 2011

O gasto de cohesión comunitaria que consta nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011 alcanza en termos de Axuda o importe de 392 millóns de euros, abarcando os Programas Operativos de FEDER Galicia e FSE Galicia (recollidos no MECEGA), os de Cooperación Territorial Espazo Atlántico, Espazo Sudoeste Europeo (INTERREG IV B), Interrexional INTERREG IV C, e os do sector rural e de pesca.

Por POs destacan as anualidades do PO FEDER Galicia, con 174.320.096 euros, que supón o 44,47% do total da Axuda comunitaria presupostada e do PO de Desenvolvemento Rural Galicia FEADER, con 102.104.073 euros, que representa o 26,05% do total da Axuda comunitaria presupostada.

No PO FEDER Galicia destaca o gasto relacionado co desenvolvemento da economía do coñecemento e coa innovación empresarial, con 67,18 millóns de euros, que representan o 38,53% do FEDER total. Tamén destacan os gastos relacionados co transporte e a enerxía, con 64,79 millóns de euros, e os relacionados co medio ambiente, contomo natural, recursos hídricos e prevención de riscos, con 25,34 millóns de euros.

Distribución da Axuda comunitaria por Programas Operativos nos Orzamentos de Galicia para o ano 2011.

Millóns de euros

Programas Operativos / Axuda	Importe	%
PO FEDER Galicia	174,3	44,5
PO FSE Galicia	52,2	13,3
Subtotal Axuda MECEGA	226,5	57,8
PO Cooperación Territ. Transn. Espazo Atlántico	1,1	0,3
PO Cooperación Territ. Transn. Espazo Sudoeste Europeo	0,3	0,1
PO Cooperación Territ. Interrexional INTERREG IV C	0,3	0,1
Subtotal Axuda Cooperación Territorial	1,6	0,4
Total Axuda Estrutural (MECEGA + resto Coop Territorial)	228,2	58,2
PO Desenvolvemento rural Galicia (FEADER)	102,1	26,0
PO Sector pesca en Galicia (FEP)	61,7	15,7
Subtotal Axuda Sectorial	163,8	41,8
Total Axuda ppto 2011 (Estrutural + Sectorial)	392,0	100,0

Fonte: DXPF

No PO do sector rural destaca o gasto no Eixe 1, relacionado co aumento da competitividade do sector agrícola, con apoio especial ás explotacións e empresas lácteas, e forestal, que con 43,06 millóns de euros supón o 42,17% do total da Axuda FEADER. Tamén sobresaie o Eixe 2, vinculado coa mellora do medio ambiente e do contorno rural, que con 39,35 millóns de euros representa o 38,54% do total da Axuda presupostada, e en menor medida o Eixe 3, relacionado coa calidade de vida nas zonas rurais e a diversificación da economía rural, que con 11,17 millóns de euros supón o 10,94% do total da Axuda FEADER presupostada para o ano 2011.

Tamén sobresaie o gasto FEP referente ao PO do sector da pesca, que cun presuposto de 61.689.102 euros supón o 15,74% do total da Axuda comunitaria para o ano 2011. No Programa destaca o gasto presupostado no Eixe 2, vinculado coa acuicultura, transformación e comercialización, que con 27,12 millóns de euros é o de maior importe e representa o 43,95% do total da Axuda presupostada. Tamén sobresaie o Eixe 1, relacionado coa adaptación da flota comunitaria (17,16 millóns de euros, 27,82% de representación) seguido do Eixe 3 (12,53 millóns de euros, 20,31% do total da Axuda presupostada). No Eixe 4 (4,20 millóns de euros, 6,81% do total), impulsarase o desenvolvemento das zonas delimitadas do litoral e os Grupos de acción costeira creados.

A continuación sobresaie o gasto do PO FSE Galicia, que cunha axuda presupostada para o 2011 de 52,2 millóns de euros supón o 13,32% do total da Axuda. Neste Programa, o gasto máis elevado sitúase no Eixe 3, dirixido ao aumento e mellora do capital humano, con 18,3 millóns de euros, que supón o 35% do total Axuda do FSE. As cantidades asignadas aos Eixes 1 (mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios) e 2 (fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres) son similares, en torno aos 15 millóns de euros cada un, o que supón entre os dous eixes

o 60% do total FSE presupostado.

Finalmente, nos orzamentos de 2011 figura tamén o gasto dos POs de Cooperación Territorial Transnacional, Espazo Atlántico e Espazo Sudoeste Europeo (INTERREG IV B) e Interrexional INTERREG IV C, que están vinculados co terceiro gran obxectivo da política de cohesión comunitaria para o período 2007-2013, denominado Cooperación Territorial.


A suma dos tres Programas de Cooperación acada 1,65 millóns de euros, que supón o 0,42% do total da Axuda comunitaria presupostada. Os tres POs están cofinanciados polo FEDER. O PO Espazo Atlántico presenta un presuposto de 1,07 millóns de euros, o PO Espazo Sudoeste Europeo (INTERREG IV B) de 0,25 millóns de euros e o Interrexional INTERREG IV C de 0,33 millóns de euros.

Ponse de manifesto que os POs FEDER e FSE Galicia contribúen á Estratexia de Lisboa, que ten por finalidade principal o crecemento económico, o emprego e a dimensión ambiental. Os devanditos Programas contribúen a este obxectivo cun montante global de 151,3 millóns de euros, que supón o 66,8% do total da Axuda presupostada nos dous Fondos no orzamento de 2011.

III.4. Sostibilidade financeira dos orzamentos xerais para 2011

O equilibrio das contas públicas é esencial para unha política económica de desenvolvemento sostible no tempo.

Nos últimos anos, a adaptación ao ciclo coa finalidade de suavizalo, e de maneira máis acusada con posterioridade á aparición da crise económica e financeira, o endebedamento das Administracións Públicas españolas tense incrementado notoriamente.




Fonte: Consellería de Facenda

No período que vai de 2005 ao segundo semestre do 2010, o incremento total do conxunto das AA.PP. do Estado supera aos 209.000 millóns de euros. De esa elevada cifra, as Comunidades Autónomas teñen aumentado o endebedamento en máis de 47.900 millóns de euros, cantidade importante, aínda que algo inferior a un terzo do que o fixo o endebedamento da Administración Xeral do Estado.

Como xa se mencionou ao longo de varios apartados que compoñen este informe, tanto este ritmo de rápido crecemento nun relativamente curto espazo de tempo, como a dimensión alcanzada -que xa supera para o conxunto das AA.PP. o 60 por cento do PIB español- non soamente activou os procedementos de déficit excesivo no seo dos pactos de estabilidade da Unión Europea, senón que sementaron de dúbidas a capacidade de España de facerlle fronte ás obrigas derivadas nun contexto de crise, con tensións para aumentar os ingresos correntes e problemas para frear o gasto derivado dos estabilizadores automáticos.


Evolución do endebedamento das AAPP: ratio débeda / PIB



Fonte: Consellería de Facenda

A magnitude das cifras, na que as Comunidades Autónomas e Entidades Locais participan arredores da coarta parte e a Administración Xeral do Estado nas súas tres cartas partes, fai necesaria a intensificación dos esforzos na redución do endebedamento por parte de tódolos axentes do sector público. Todos eles teñen que participar nas tarefas de contención, aínda considerando que as posicións de partida e a traxectoria non son iguais para todas as Administracións.

Análise do endebedamento das CCAA: ratio débeda / PIB. Evolución diferencial




Fonte: Consellería de Facenda

Se atendemos á posición xeral de endebedamento, a ratio Débeda/PIB, que viña descendendo suavemente desde 2005 desde o 7,3 por cento ao 6,9 por cento, increméntase en 2009 e 2010 ata o 8,7 por cento e 10,1 por cento, respectivamente. Con respecto ao conxunto das Comunidades Autónomas tomado como referencia, o diferencial de maior

endebedamento relativo da Galicia foise reducindo desde 2007, ata 2010, para os que as previsións son de que desapareza.

Evolución do endebedamento das CCAA: % de Incremento 2005-2010 (IIT)




Fonte: Consellería de Facenda

A variación nos últimos cinco anos do endebedamento de Galicia experimentou un ritmo inferior ao da maioría das restantes Comunidades Autónomas, un 63 por cento, igual que Asturias, e só superior aos de Valencia, Andalucía e Madrid.

Se o examinamos baixo o punto da vista da débeda por habitante, a ratio correspondente a Galicia que desde 2008 se desprega por debaixo da media, situándose na orde de 2.000 euros/habitante á metade do ano en curso. A pesares do necesario recurso ao endebedamento, como xustifican a coxuntura e as necesidades en infraestruturas, Galicia segue a presentar niveis adecuados de débeda, e unha posición de endebedamento e solvencia aceptable. Pódese afirmar que Galicia ten empregado a capacidade de endebedamento autorizada conforme ás medidas adoptadas no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, na senda do Programa de Endebedamento e dos pactos de estabilidade.


Análise do endebedamento das CCAA: ratio débeda / habitante



Fonte: Consellería de Facenda

No gráfico que segue, quérese resumir tanto a posición de Galicia con respecto ás demais Comunidades Autónomas referida á ratio débeda/PIB como á ratio débeda/habitante, así como a traxectoria dos últimos anos, que nos conduce cara ao cuadrante mellor situado.

Análise do endebedamento




Fonte: Consellería de Facenda

Na senda da consolidación fiscal, como se aprecia nos cadros seguintes, as necesidades de financiamento en porcentaxe do PIB deberán reducirse para todas as Administracións Públicas, se ben o maior esforzo corresponderalle á Administración Xeral do Estado.

Senda de consolidación fiscal

AAPP	2009	2010	2011	2012	2013
Estado	-9,4	-6,7	-4,8	-3,2	-2,1
Incluindo Efecto Liquidacións AATT		-5,9	-2,3		
CCAA	-2,0	-2,4	-1,3	-1,3	-1,1
Incluindo Efecto Liquidacións AATT		-3,1	-3,3		
EELL	-0,5	-0,4	-0,3	-0,3	-0,2
Incluindo Efecto Liquidacións AATT		-0,6	-0,8		
Seguridade Social	0,8	0,2	0,4	0,4	0,4
Total AAPP	-11,1	-9,3	-6,0	-4,4	-3,0



Fonte: Consellería de Facenda

Cinguíndonos aos compromisos coa estabilidade orzamentaria para Galicia e nos Orzamentos Xerais para 2011, pódese observar que o déficit non financeiro redúcese dun ano para outro en algo máis da metade, axustando as necesidades de financiamento ao 1,3 por cento do PIB rexional, que é de 56.658 miles de millóns de euros, que da lugar a un endebedamento neto para 2011 de 735,2 millóns de euros, tal e como se fixa nos Orzamentos Xerais.

Compromiso coa estabilidade orzamentaria

Orzamento Inicial	2011	2010
1. Ingresos non Financeiros Consolidados	8.542,40	8.836,70
2. Gastos Non Financeiros Consolidados sen Golden Rule	9.166,50	10.112,70
3. Superavit(+)/ Déficit (-) non Financeiro sen Golden Rule (1)-(2)	-624,1	-1.276,00
4. Axustes Contabilidade Nacional	-111,1	-107,4
5. Programa de investimentos productivos (Golden Rule)	0	-138,4
6. Capacidade (+)/ Necesidade (-) de financiamento (SEC-95)* (3)+(4)+(5)	-735,2	-1.521,80
% PIB Galicia	-1,30%	-2,75%
Endebemento Neto	735,2	1.521,80
PIB Galicia Estimado	56.658	55.339

** Sen incluír efecto liquidacións sistema financiamento*

Fonte: Consellería de Facenda

Así pois, os compromisos de estabilidade orzamentaria, paso obrigado para unha sustentabilidade das finanzas autonómicas estanse a cumprir, facendo o posible que Galicia amplíe o seu crecemento e emprego, manténdose no camiño da converxencia real coas rexións máis avanzadas da Unión.